



XUNTA
DE GALICIA

PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA





**XUNTA
DE GALICIA**

PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA



Documento financiado con fondos FEDER

Versión 24: 2018-03-07

Dirección Técnica

Dirección Xeral do Patrimonio Natural
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia

Equipo Redactor:

Pablo Ramil Rego (Dir.)
Javier Ferreiro da Costa
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
Hugo López Castro
Carlos Oreiro Rey

IBADER. Lab. Biodiversidade (GI-TB)
Universidade de Santiago.

Índice

1. Exposición de motivos	1
2. Obxectivos	6
3. Memoria descriptiva	7
3.1 Ámbito territorial	7
3.2 Diagnose	12
3.3 Hábitats de interese para a conservación	38
3.4 Especies de interese para a conservación	39
4. Usos e aproveitamentos	45
4.1 Usos e aproveitamentos actuais	47
4.2 Previsión de usos e aproveitamentos	51
5. Zonificación	52
6. Medidas de xestión	57
6.1 Introducción	57
6.2 Medidas xerais de xestión	60
6.3 Medidas e normativa por compoñentes	69
6.3.1 Medios ecolóxicos	70
6.3.2 Compoñentes da biodiversidade	76
6.3.3 Recursos e actividades	99
6.4 Normativa zonal	118
7. Imaxe e publicidade	131
8. Avaliación ambiental	132
9. Órganos de xestión e participación	134
10. Programa de actuacións	137
11. Estimación económica	143
12. Vixencia e revisión do Plan	144
13. Bibliografía	145

1. Exposición de motivos

O artigo 27.30º do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. BOE 101, 28/04/1981) faculta a Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais e das especies e elementos singulares de fauna, flora e xea de Galicia que polo seu valor e interese científico, paisaxístico, cultural ou histórico requiran unha especial atención.

Ante a necesidade de xeneralizar este enfoque preventivo co fin de harmoniza-las actividades económicas e o ambiente no espazo dos arquipélagos das illas Cíes, Ons e Sálvora, procedeuse á redacción e aprobación do Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN), mediante o Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas (DOG 209, 28/10/1999). Posteriormente valorouse a oportunidades e necesidade de integrar tamén a Illa de Cortegada e seu espazo marítimo adxacente, aprobándose Decreto 88/2002, do 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Espazo Natural da Illa de Cortegada e o seu contorno (DOG 62, 01/04/2002). Finalmente, mediante a Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (BOE 157, 2/07/2002), creábase o primeiro Parque Nacional de Galicia, integrando o espazo mariño e terrestre dos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

Os Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) do Parque Nacional (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002) recollen no seu articulado a necesidade de que o Plan Reitor de Uso e Xestión (de agora en diante PRUX) os desenvolva, a través do establecemento de medidas de regulación específicas das diferentes actividades, concreción das medidas de conservación dos compoñentes clave da biodiversidade, precisar nos criterios de zonificación, así como a propia xestión e uso do territorio.

A Lei 15/2002 tamén establecía no seu artigo 6 que, ao abeiro lexislación vixente no momento (Lei 4/1989, derogada na actualidade), a xestión do Parque Nacional correspondíalle de forma compartida á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia, a través dunha comisión mixta. Asimesmo, no artigo 9.1 da Lei 15/2002 dispoñíase que o instrumento para a planificación do Parque Nacional sería o PRUX, desenvolvido polos correspondentes plans sectoriais que deberían ser elaborados pola devandita comisión mixta. Non obstante, estes parágrafos quedarían invalidados posteriormente, xa que os artigos da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestres (BOE 74, 28/03/1989), baixo os que se redactaran foron declarados inconstitucionais a través da Sentenza 194/2004 do Tribunal Constitucional (BOE 290, 2/12/2004), na que se establecía a invasión das competencias propias das Comunidades Autónomas, dispoñendo ademais da necesidade do establecemento de regulacións por parte da mesma. En consecuencia, a Xunta de Galicia adoptaba, mediante o Decreto 23/2006 do 16 de febreiro, polo que se establecen determinadas medidas de xestión no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia (DOG 36, 21/02/2006) as primeiras medidas en materia de xestión para o Parque Nacional, establecendo fundamentalmente os seus órganos de xestión.

En datas posteriores, a Lei 4/89 foi derogada pola Lei 42/2007 (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007) e esta modificada pola Lei 33/2015 (Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade no territorio español, como parte de deber de conservar e do obxectivo de garantir os dereitos das persoas a un medio axeitado para o seu benestar, saúde e desenvolvemento. Neste sentido, a Lei 42/2007 indica no seu artigo 31.5 que nos Parques elaboraranse os Plans Reitores de Uso e Xestión, a aprobación da cal corresponderá ao órgano competente da Comunidade autónoma; as Administracións competentes en materia urbanística informarán preceptivamente ditos Plans antes da súa aprobación. Nestes Plans, que serán periodicamente revisados, fixaranse as normas xerais de uso e xestión do Parque. Así mesmo establece, no seu artigo 31.6, que os Plans Reitores prevalecerán sobre o plan urbanístico; cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, esta revisarase de oficio polos órganos competentes

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30 faculta a Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais. Neste sentido, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, establece que o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) é o documento de xestión para os parques e as reservas naturais, marcando os contidos básicos e a súa vixencia.

Con todo, o recoñecemento dos valores naturais das Illas Atlánticas non queda restrinxido aos primeiros anos do século XXI. No mes de maio de 1975, o Concello de Vigo presentaba no seu Pleno unha moción para solicitar ao extinto Instituto de Conservación da Natureza (ICONA) que as Illas Cíes fosen declaradas Parque Natural (*Hoja del Lunes* 1.458, 02/06/1975). Inicialmente as expectativas non serían colmadas na súa totalidade, xa que ao abeiro das figuras establecidas na Lei 15/1975, de 2 de maio, de Espazos Naturais Protexidos (BOE 107, 05/05/1975), sometíase a exposición pública o anteproxecto de Lei para declarar ás Illas Cíes como Paraxe Natural de Interese Nacional (B.O. Pontevedra 264, 17/11/1975), por seren consideradas unha paraxe de extraordinaria beleza, con abondosas referencias e senlleiras características xeomorfolóxicas, representando unha destacada paraxe da xeografía nacional para o estudo, recreo e deporte. Este anteproxecto non se consolidou, o que desembocaba 5 anos máis tarde na declaración do Parque Natural das Illas Cíes, de 433,58 ha de superficie, aprobado mediante o Real Decreto 2497/1980 (Real Decreto 2497/1980, do 17 de outubro, sobre declaración do Parque Natural das Illas Cíes (Pontevedra). BOE 275, 15/11/1980), xustificando este grao de protección en base ao desexo de preservar tan excepcional lugar e a necesidade de acondicionalo axeitadamente para que puidera ser disfrutado e admirado polas xeracións presentes e futuras, porque á súa beleza “únese a existencia dunhas interesantísimas colonias de aves mariñas que nidifican principalmente nos cortados da cara NW e entre as que destacan a gaivota arxénte, o cormorán moñudo e o arao común”.

Unha vez declarado o Parque Natural das Illas Cíes, o seguinte paso foi establecer unha serie de medidas preventivas que regulasen os usos e actividades desenvolvidos no arquipélago e garantisen en consecuencia a conservación dos valores que motivaron a súa declaración. Deste xeito xurdía a Orde de 28 de setembro de 1982 de réxime de protección do Parque Natural das Illas Cíes (Pontevedra). (BOE 274, 15/11/1982), e a Resolución de 29 de xullo de 1983, pola que se regulaba o acceso de visitas o Parque Natural das Illas Cíes (DOG 101, 06/08/1983).

Tamén a Xunta Reitora do Parque Natural era modificada a través do Decreto 75/1985, de 18 de abril, polo que se modifica a composición da Xunta Rectora do Parque Natural das Illas Cíes. (DOG 88, 09/05/1985). Con todo, todo este proceso remataba coa aprobación do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Cíes mediante o Decreto 156/1998 (DOG 107, 05/06/1998), o ámbito territorial ampliábase a 997 ha, xa que incluía ademais dos territorios contemplados no RD 2497/1980

(que soamente tiña en conta aos territorios emerxidos), ao espazo marítimo-terrestre limitado polas isóbatas de 10 metros que rodean ás illas e illotes do arquipélago.

Os outros arquipélagos que compoñen o actual Parque Nacional, a pesares de non ser declaradas baixo outras figuras ao abeiro da lexislación de protección de espazos ata o século XXI, si que foron obxecto de medidas de regulación do acceso de visitantes nas dúas derradeiras décadas do século XX. Sirvan como exemplos as Ordes de 14 de xuño de 1995 e de 18 de maio de 1999, polas que se fixaban as normas para os visitantes das Illas de Ons. Tamén cabe salientar a Lei 5/2001, de 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons (DOG 134, 11/07/2001), na que se regula réxime xurídico que lles permite ós illáns de Ons acceder ó uso e desfrute dos seus inmobles. No arquipélago de Cortegada tamén se establecía un réxime de protección preventiva a través do Decreto 193/1991, do 16 de maio, polo que se establece un réxime de protección preventiva para a illa de Cortegada, no concello de Vilagarcía de Arousa (DOG 109, 10/06/1991).

A Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais (BOE 293, 4/12/2014), desenvolve e actualiza o réxime de protección dos Parques Nacionais no territorio español, definindo, acorde coas distintas sentenzas do Tribunal Constitución a delimitación de competencias e funcións entre o Estado e as Comunidades Autónomas. A lei, outorga ao Plan Director da Rede de Parques Nacionais alcance básico e carácter de máximo instrumento de planificación, á vez que simplifica o seu procedemento de elaboración e singulariza e potencia os efectos das directrices básicas de conservación. O Plan Director da Rede de Parques Nacionais (Real Decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais. BOE 257, 24/10/2016), inclúe os obxectivos estratéxicos dos parques nacionais en materia de conservación, uso público, investigación, seguimento, formación e sensibilización, os obxectivos para alcanzar en materia de cooperación e colaboración tanto no ámbito nacional como internacional, as actuacións necesarias para manter, promover e impulsar a imaxe e a coherencia interna dos parques nacionais, as directrices básicas para a planificación, conservación e coordinación, o programa de actuacións comúns da Rede e os procedementos para o seu seguimento continuo e avaliación, así como a determinación dos proxectos de interese xeral que poderán ser obxecto de financiamento estatal.

A entrada no século XXI supoñía un importante alicerce no papel que para a conservación da biodiversidade xogan estes arquipélagos, de acordo á súa inclusión dentro de figuras contempladas nas normativas comunitarias e convenios internacionais. Neste sentido, é destacable a inclusión do territorio marítimo-terrestre do Parque Nacional na Rede Natura 2000 sustentada pola Directiva 92/43/CEE, do Consello de 21 de maio de 1992, relativa a conservación de hábitats naturais e da fauna e flora silvestre (DOCE 206/7, 22/07/1992) e da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres (DOUE 20/7, 26/01/2010). Cabe salientar, ademais, que os espazos integrantes da Rede Natura 2000 teñen a condición de Espazos Protexidos Natura 2000 ao abeiro da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade.

O arquipélago de Cíes integrábase na Zona Especial de Conservación (ZEC) e na Zona Especial de Protección para as Aves (ZEPA) Illas Cíes (ES0000001), o arquipélago de Ons inclúese na ZEC Complexo Ons – O Grove (ES1140004) e na ZEPA Illa de Ons (ES0000254), o arquipélago de Sálvora inclúese na ZEC Complexo húmido de Corrubedo (ES1110006). Todos estes espazos pasaban no ano 2004 a formar parte da proposta definitiva da Rede Natura 2000 de Galicia, sendo declarados de xeito simultáneo, a través do Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (DOG 69, 12/04/2004), como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), figura de Espazo Natural Protexido establecida ao abeiro da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza (DOG 171, 04/09/2001).

O instrumento para a conservación, planificación e xestión dos espazos da Rede Natura 2000 en Galicia é o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. DOG 62, 31/03/2014). A entrada en vigor do Plan Director da Rede Natura 2000 levaba ademais, ao abeiro da DC 92/43/CEE, a declaración dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) como Zonas de Especial Conservación (ZEC).

Posteriormente a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Marino), mediante a Orde AAA/1260/2014, declaraba unha serie de Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas, incluíndo entre as mesmas ao territorio do Parque Nacional dentro da ZEPA ES0000499 Espazo mariño das Rías Baixas de Galicia. (Orde AAA/1260/2014 de 9 de xullo, do 9 de xullo, pola que se declaran Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas. BOE 173, 17/07/2014).

Dada a importancia da biodiversidade mariña no conxunto do Parque Nacional, o 27 de xuño de 2008 na xuntanza da Comisión OSPAR levada a cabo na cidade de Brest (Bretaña, Francia), integrábase o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia na Rede OSPAR de Áreas Mariñas Protexidas, sendo a primeira área mariña protexida de España con carácter internacional. O Convenio para a protección do medio mariño do Atlántico del Nordeste (Convenio de Oslo-París, OSPAR), adoptado en París o 22/09/1992 e ratificado por España o 25/01/1994 (Instrumento de Ratificación do Convenio para a Prevención da Contaminación Mariña Provocada por Verteduras desde Buques e Aeronaves, feito en Oslo o 15 de febreiro de 1972. BOE 99, 25/04/1974. Instrumento de Ratificación do 27 de febreiro de 1980, do Convenio para a prevención da contaminación mariña de orixe terrestre, asinado en París o 11 de xuño de 1974. BOE 18, 21/01/1981), ten como obxectivo principal a adopción das medidas necesarias para protexer e conservar os ecosistemas e a diversidade biolóxica da zona marítima e, de ser posible, recuperar as zonas mariñas que padeceron efectos nocivos.

De xeito máis recente, solicitouse a inclusión do ámbito territorial do Parque Nacional no Listado de Humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar, Irán (Instrumento do 18 de marzo de 1982 de adhesión de España ao Convenio relativo a Humidais de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas, feito en Ramsar o 2 de febreiro de 1971. BOE 199, 20/08/1981), obtendo unha valoración positiva do Comité de Zonas Húmidas (18/11/2014) e pola Comisión Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (29/07/2015). A inclusión do Parque Nacional no Listado de Humidais ven de ser sometida a participación pública mediante o Anuncio de 10 de maio de 2017 (DOG 111, 13/06/2017). Cabe salientar que ao abeiro do Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase o Inventario de humidais de Galicia (DOG 122, 25/06/2008), a declaración como sitio Ramsar levará consigo automaticamente a súa consideración como Humidal Protexido, figura de Espazo Natural Protexido establecida ao abeiro da Lei 9/2001, cos efectos inherentes a esta declaración.

En consecuencia, o presente PRUX redáctase cumprindo os requisitos establecidos pola normativa autonómica (Lei 9/2001, Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014) a normativa estatal (Lei 15/2002, Lei 42/2007, Lei 30/2014, Lei 33/2015, Real Decreto, 389/2016) e a normativa da Unión Europea (Directiva 92/43/CEE, Directiva 2009/147/CE), así como en relación cos obxectivos establecidos nas figuras de área protexidas de ámbito internacional que inciden no territorio.

Os efectos do presente plan terán o alcance que establezan as súas propias normas de aplicación e será obrigatorio e executivo nas materias que aparezan reguladas na Lei 9/2001 e na Lei 42/2007, as súas disposicións prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e ordenación do territorio. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, os órganos competentes revisaran de oficio.

1.- Exposición de motivos

Así mesmo, debido á inclusión na Rede Natura 2000, a redacción do PRUX artículase en coherencia co Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014) co fin de evitar que se produzan alteracións ou deterioracións significativas sobre a integridade do lugar e dos espazos protexidos Natura 2000, e asegura o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna establecidas nos anexos II, IV, V da DC 92/43/CEE e no anexo I da DC 2009/147/CE.

A integración na Rede OSPAR de Áreas Mariñas Protexidas introducirá no PRUX os obxectivos do Convenio OSPAR, de xeito que se establezan as medidas de xestión e planificación necesarias para protexer e conservar os ecosistemas e a diversidade biolóxica da zona marítima e, no seu caso, recuperar as áreas mariñas degradadas. De xeito análogo, a inclusión do Parque Nacional no Listado de Humidais de Importancia Internacional integrará no PRUX os obxectivos, directrices e finalidades do Convenio sobre os Humidais de Ramsar (Irán).

2. Obxectivos

O presente Plan ten como obxectivo global o mantemento, ou no seu caso o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies de flora e fauna de interese para a conservación, tendo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais. Para acadalo, o presente Plan fíxase os seguintes obxectivos derivados tanto da lexislación sobre Parques Nacionais (Lei 30/2014, Real Decreto 389/2016), como en relación con la normativa europea (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE), estatal (Lei 42/2007, Lei 33/2015) e Galega (Lei 9/2001, Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014) en materia de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural. Así como das disposicións de aprobación do Parque Nacional e dos seus instrumentos de planificación (Lei 15/2002, Decreto 274/1999, Decreto 88/2002). Contemplando ademais os obxetivos da Rede OSPAR de Áreas Mariñas Protexidas e do Convenio relativo aos humidaes de importancia internacional especialmente como hábitat de aves acuáticas (Convenio Ramsar).

1. A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo o mantemento das paisaxes, os medios ecolóxicos, os humidaes e os hábitats, así como a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética.
2. Contribuír a garantir a biodiversidade mediante o establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais salientados no Anexo I da DC 92/43/CEE e das poboacións e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, xunto coas especies de aves, e de forma concreta as salientadas no I da DC 2009/147/CE, e as especies de aves migratorias. Así como, os núcleos poboacionais e os hábitats das especies incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
3. Establecer un marco para a protección dos ecosistemas acuáticos e humidaes, que favoreza a súa conservación e o seu uso sostible.
4. A regulación das actividades susceptibles de afectar, de forma apreciable, á integridade do espazo ou dos seus compoñentes (hábitats e especies), en coherencia co artigo 6 da DC 92/43/CEE, co artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015) e acorde coa lexislación vixente.
5. A adopción das medidas necesarias para protexer e conservar os ecosistemas e a diversidade biolóxica da zona marítima e, no seu caso, recuperar as zonas mariñas degradadas.
6. Promover a difusión dos valores do patrimonio natural e cultural, regulando de forma compatible coa súa conservación tanto a actividade investigadora e educativa como o acceso dos visitantes.
7. Fomentar o desenvolvemento de actividades compatibles coa conservación da biodiversidade.
8. Incorporar o Parque Nacional ás redes e programas nacionais e internacionais de conservación, monitoreo e seguimento da biodiversidade.

3. Memoria descriptiva

A presente memoria descriptiva sobre os compoñentes do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, elaborouse de acordo á información dispoñible para a área de estudo e os seus arredores en libros, manuais, monografías, anuarios, etc.

3.1 Ámbito territorial

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, composto por catro arquipélagos (Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada) e as augas mariñas que rodean a estes territorios, localízase no ámbito da costa atlántica do Noroeste da Península Ibérica entre a Punta Falcoeiro da provincia de A Coruña e a Punta Meda da de Pontevedra, conformando así unha bela paisaxe dende a Ría de Arousa ata a de Pontevedra.




Figura 1.- Situación Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

3.- Memoria descriptiva

O conxunto do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia comprende un total de 8.480 ha, das cales practicamente o 86% corresponden a superficie mariña. Segundo a Lei 15/2002 pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e se establece a súa delimitación, dos catro arquipélagos que forman parte do Parque o que achega unha maior superficie é o de Cíes con 3.091 ha, das que 433 son terrestres e 2658 mariñas, non obstante, é o Arquipélago de Ons o que posúe unha maior superficie emerxida, con 470 ha terrestres e 2.171 ha mariñas. O Arquipélago de Cortegada é o menor dos catro supoñendo unha superficie total no Parque de 191 ha das que 43,8 ha son terrestres. O Arquipélago de Sálvora aporta unha superficie de 2.309 ha mariñas e 248 ha terrestres.

Área de influencia socioeconómica




Figura 2.- Límites xeográficos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia sobre a súa área de influencia socioeconómica.

A superficie terrestre abranguida polo Parque Nacional repártese en catro concellos diferentes situados nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Así na provincia de Pontevedra sitúanse os arquipélagos de Cíes (concello de Vigo), Ons (concello de Bueu) e Cortegada (concello de Vilagarcía de Arousa); mentres que na provincia de A Coruña se localiza o arquipélago de Sálvora (concello de Ribeira). De acordo á lei 15/2002 pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia os mencionados concellos (Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira) constitúen a Área de influencia Socioeconómica do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia	
Arquipélago das Illas Cíes	Espazo marítimo terrestre poligonal que rodea as Illas de Monte Faro, Monteagudo e San Martiño, e illotes adxacentes. O devandito arquipélago está situado na entrada da ría de Vigo, termo municipal desta localidade, e comprende una superficie de 2.658 hectáreas marítimas e 433 hectáreas terrestres.
Arquipélago das Illas Ons e Onza	Espazo marítimo terrestre poligonal que rodea as Illas de Ons e Onza, e illotes adxacentes. O devandito arquipélago está situado na entrada da ría de Pontevedra, termo municipal de Bueu, e comprende una superficie de 2.171 hectáreas marítimas e 470 hectáreas terrestres.
Arquipélago das Illas de Sálvora e illotes do seu ámbito	Espazo marítimo terrestre poligonal que rodea a Illa de Sálvora e illotes adxacentes. O devandito arquipélago está situado na parte occidental da ría de Arousa, termo municipal de Ribeira, e comprende unha superficie de 2.309 hectáreas marítimas e 248 hectáreas terrestres.
Illa de Cortegada, Malveiras e outras illas próximas	Espazo marítimo terrestre poligonal que rodea e inclúe a illa de Cortegada, Malveira Grande, Malveira Chica, Briás e Illote do Con. O devandito conxunto está situado na ría de Arousa, no termo municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, e comprende unha superficie terrestre de 43,8 hectáreas.

Táboa 1.- Arquipélagos incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002 pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia).

Os valores ambientais que alberga o territorio (único en Galicia coa condición de Parque Nacional) no ámbito da fachada atlántica conduciron á proposta de declaración en 1975 das Illas Cíes como "Paraxe Natural" (B.O de Pontevedra, do 17 de novembro de 1975); aínda que finalmente serían declaradas a comezos dos anos oitenta baixo a figura de Parque Natural (Real Decreto 2497/1980, sobre declaración do Parque Natural das Illas Cíes, Pontevedra) e posteriormente como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA); declaración que se estenderá á illa de Ons en 1988. Para a Illa de Cortegada se establece no ano 1991 un réxime de protección preventiva coa aprobación do Decreto 193/1991. Mentres que no ano 2002, coa aprobación da Lei 15/2002, do 1 de xullo, se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (BOE 157 do 2 de xullo do 2002), establecendo os seus límites actuais.

Paralelamente a este proceso e coa entrada en vigor da DC 92/43/CEE, os arquipélagos de Cíes, Ons e Sálvora pasan a formar parte da proposta de Rede Natura 2000 dentro da rexión bioxeográfica Atlántica. Para iso, o consello de la Xunta, remitiu o 11 de marzo de 1999, ao Estado Español unha relación de lugares incluídos na proposta galega para a Rede Europea Natura 2000, de acordo co disposto no artigo 4 do Real Decreto 1997/1995. A devandita proposta aparece recollida na Orde da Consellería de Medio Ambiente do 28 de outubro de 1999 (DOG 216, do 9 de novembro de 1999), na cal figuran como espazos naturais os LIC Illas Cíes, Complexo Ons-O Grove e Complexo húmido de Corrubedo, os cales inclúen os distintos arquipélagos do parque nacional a excepción de Cortegada. A Xunta de Galicia outorgou en 1999 temporalmente a estes lugares a condición de Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral, ENRPX (Diario Oficial de Galicia nº 216 do 9 de novembro de 1999 e corrección de erros incluída no Diario Oficial de Galicia nº 242, do 17 de decembro de 1999).

Figuras de protección no ámbito do Parque Nacional




Figura 3.- Figuras de protección no ámbito do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Tras varias propostas no ano 2004, a Xunta de Galicia, efectúa unha última modificación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), que adquiren definitivamente o seu estatus de protección mediante o Decreto Autonómico 72/2004 (Diario Oficial de Galicia nº 69, do 12 de abril de 2004), onde se constitúen como Espazos Naturais protexidos, e en coherencia co disposto na Lei 9/2001, na categoría de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Mediante a Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Diario Oficial de Galicia nº 95 do 19 de maio de 2004), publicanse os límites dos diversos espazos considerados como ZEPVN,

entre os que figuran os espazos naturais protexidos LIC Illas Cies (ES0000001), LIC Complexo Ons-O Grove (ES1140004), LIC Complexo húmido de Corrubedo (ES1110006), ZEPA Illa de Ons (ES0000254) e ZEPA Illas Cíes (ES0000001). Finalmente, ao abeiro da DC 92/43/CEE, os LIC pasarán a ter a consideración de Zonas de Especial Conservación (ZEC) mediante a aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo (DOG nº 62, 31/03/2014).

Con posterioridade, a Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Marino), mediante a Orde AAA/1260/2014, de 9 de xullo (BOE 173, 17/07/2014), pola que se declaran Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas, incluíu o territorio do Parque Nacional dentro da ZEPA ES0000499 Espazo mariño das Rías Baixas de Galicia.

Cabe salientar, ademais, que os espazos integrantes da Rede Natura 2000 teñen a condición de Espazos Protexidos Natura 2000 ao abeiro da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade.

O 23 de xuño de 2008 o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia integrouse na Rede OSPAR de Áreas Mariñas protexidas, rede creada baseándose no Convenio para a protección do medio mariño do Atlántico del Nordeste (Convenio de Oslo-París, OSPAR), adoptado en París o 22/09/1992 e ratificado por España o 25/01/1994. Tendo como obxectivo principal o devandito convenio, adoptar as medidas necesarias para protexer e conservar os ecosistemas e a diversidade biolóxica da zona marítima e, de ser posible, recuperar as zonas mariñas que padeceron efectos nocivos.

De xeito máis recente, solicitouse a inclusión do ámbito territorial do Parque Nacional no Listado de Humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar (Irán), obtendo unha valoración positiva do Comité de Humidais (18/11/2014) e pola Comisión Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (29/07/2015). A documentación xustificativa técnica e cartográfica na súa versión definitiva foi remitida ao Ministerio competente en novembro de 2016, e a inclusión do Parque Nacional no Listado de Humidais ven de ser sometida a participación pública mediante o Anuncio de 10 de maio de 2017 (DOG 111, 13/06/2017). Cabe salientar que ao abeiro do Decreto 127/2008, a declaración como sitio Ramsar levará consigo automaticamente a súa consideración como Humidal Protexido, figura de Espazo Natural Protexido establecida ao abeiro da Lei 9/2001, cos efectos inherentes a esta declaración. Para tal finalidade, o Decreto 127/2008 establece que o organismo autonómico competente en materia de conservación do Patrimonio Natural iniciará de oficio o procedemento de declaración do novo sitio Ramsar baixo a devandita categoría de humidal protexido.

3.2 Diagnose

3.2.1. Clima

Segundo os datos proporcionados polo servizo meteorolóxico da Xunta de Galicia Meteogalicia nos territorios emerxidos do Parque Nacional se localizan catro estacións meteorolóxicas; destas tan só a de tipo manual das Illas Cíes instalada no ano 1998 ten un rexistro de máis de dez anos (período preciso para unha unha correcta caracterización climática dun territorio segundo Rodríguez Guitián & Ramil-Rego, 2007). As estacións de Ons e a de tipo automático de Cíes foron instaladas no ano 2005 mentres que a de Sálvora instalouse no ano 2006.

Ademais das estacións mencionadas, MeteoGalicia dispón dunha Rede de estacións océano-meteorolóxicas que se compón de cinco estacións, destas, tres se atopan nas proximidades das augas do Parque Nacional, a Boia de Ons instalada no ano 2010, a Boia de Cíes instalada no ano 2008 e a Plataforma de Cortegada instalada no ano 2007.

A partir dos datos proporcionados por ditas estacións da rede meteorolóxica galega Meteogalicia, se pode salienta que as temperaturas medias anuais no Parque Nacional oscilan en torno aos pouco máis de 15° C, sendo sensiblemente inferiores no rexistro da Illa de Ons (13,7°C), estación situada a maior altitude (125 m). As temperaturas mínimas medias anuais xiran en torno aos 13° C en Cíes e Sálvora e de novo son inferiores en Ons (9,7°C). As temperaturas máximas medias anuais das diferentes estacións, máis similares que as anteriores, xiran en torno aos 18-19° C e as temperaturas máximas absolutas tamen similares nas diferentes estacións superan os 33°C mentres que a temperatura mínima absoluta é moi diferente sendo de 4,5°C en Sálvora e 4,2 °C en Cíes e -1,4°C en Ons, sendo esta a única estación na que se rexistra algún día de xeadas.

En canto á precipitación cabe sinalar a grande variabilidade deste parámetro nos arquipélagos dende os escasos 670 mm de precipitación nas Illas Cíes ata os 1.150 mm da Illa de Ons. Esta precipitación repártese durante 133-154 días de chuvia de media ao ano, con máis días de chuvia en Ons. Pola súa parte, o número medio de horas de sol ao ano é bastante diferente segundo a illa da que se trate sendo de 1.992 horas en Ons e de 1.537 en Sálvora. O nivel de precipitación é menor que nas zonas do litoral das rías adxacentes, debido a unha reducida altitude media das illas e ao efecto da insularidade (MMA, 2004).

De forma xeral o máximo pluviométrico prodúcese en inverno, con febreiro á cabeza dos meses máis chuviosos. As precipitacións mínimas prodúcese nos meses de xullo agosto e setembro. Este descenso da chuvia en verán é responsable dun período de seca estival, con ETP superior á dispoñibilidade hídrica. Por outro parte, as illas exteriores se atopan moi influenciadas por fortes ventos, facéndose patente esta influencia nos diferentes elementos morfolóxicos existentes, dunas, erosión da rocha, flora,... incrementando así os niveis de salinidade do medio nas illas do Parque (Ramil *et al.*, 2009).

Estacións meteorolóxicas no Parque Nacional				
	Sálvora	Ons	Illas Cíes A	Illas Cíes M
Ano	2006	2005	2005	1998
Tipo	A	A	A	M
Altitude	24 m	121 m	25 m	15 m
Latitude	498 997	505 372	508 273	508 050
Lonxitude	4 701 610	4 692 421	4 674 072	4 674 377
T media	15,20° C	13,74° C	15,62° C	-
T máx. media	18,18° C	18,76° C	18,92° C	-
T mín. media	12,75° C	9,74° C	13,02° C	-
T máx. absoluta	31,00° C	31,54° C	31,54° C	-
T mín. absoluta	4,53° C	-1,44° C	4,20° C	-
Días de xeadas	0 días	0,54 días	0 días	-
Hum. relativa	77,80%	79,58%	77,38%	-
Precipitación	805 mm	1.151mm	669 mm	-
Días de chuvia	139 días	154 días	133 días	-
Horas de sol	1.537 horas	1.992 horas	1.883,6 h	-
Irradiación	15,37 MJ/m ²	13,91 MJ/m ²	15,05 MJ/m ²	-
Velocidade vento	5,77 m/s	3,17 m/s	-	-

[Ano]: ano de instalación da estación. [Tipo]: Tipo de estación: manual (M) o automática (A). [Altitude]: altitude da estación (metros). [Latitude]: latitude en coordenadas UTM (29T ED-50) da estación. [Lonxitude]: lonxitude en coordenadas UTM (29 T ED-50) da estación. [T media]: media das temperaturas medias anuais (°C). [T máx. media]: media das temperaturas máximas medias anuais (°C). [T mín. media]: media das temperaturas mínimas medias anuais (°C). [T máx. absoluta]: media das temperaturas máximas absolutas anuais (°C). [T mín. absoluta]: media das temperaturas mínimas absolutas anuais (°C). [Días de xeadas]: media dos días de xeadas anuais. [Hum. relativa]: media da humidade relativa media anual (%). [Precipitación]: media da precipitación total anual (mm). [Días de chuvia]: media do acumulado anual de días de chuvia maior ou igual a 0.1 mm. [Horas de sol]: media das horas de sol anuais. [Irradiación]: media da irradiación media diaria anual (MJ/m²). [Velocidade vento]: media da velocidade media do vento anual (m/s).

Táboa 2.- Resumo climático anual das estacións meteorolóxicas situadas en terreos emerxidos do Parque Nacional; elaborado a partir do cálculo das medias dos datos proporcionados nos resumos anuais de www.meteogalicia.es para o período de funcionamento de cada estación.

Segundo a cartografía bioclimática elaborada por Rodríguez Guitián & Ramil-Rego (2007), resultante da aplicación da "Clasificación Bioclimática Mundial" de S. Rivas-Martínez, o territorio do Parque Nacional forma parte do macrobioclima temperado variante submediterránea, caracterizado por un curto período de seca estival, inferior ao do macrobioclima mediterráneo pero superior ao temperado característico da maior parte de Galicia.

O bioclima destes territorios correspóndese segundo os mencionados autores cun bioclima hiperoceánico con temperaturas medias mensuais que sofren variacións pouco marcadas ao longo do ano debido fundamentalmente ao efecto atemperante das grandes masas de auga; non obstante, o arquipélago de Cortegada, situado no interior da ría de Arousa, adscribíase a un bioclima semihiperoceánico debido aos seus veráns máis calorosos e polo tanto á súa maior amplitude térmica.

O termostipo ou piso bioclimático (intervalo altitudinal, caracterizado por uns valores termométricos determinados, ao que se asocian un ou varios tipos de vexetación característicos) do territorio correspóndese cun termostipo termotemperado onde apenas se rexistran xeadas invernaís o que permitiu dende tempos remotos un aproveitamento dos terreos agrícolas de forma practicamente continua (Rodríguez Guitián & Ramil-Rego, 2007). En canto ao ombrotipo, a maior parte do territorio correspóndese cun ombrotipo subhúmido superior coa excepción do Arquipélago de Cortegada que presenta un ombroclima húmido inferior que reflicte o feito de que os arquipélagos exteriores

3.- Memoria descriptiva

presentan un descenso do aporte hídrico na época estival máis acusado que no interior das rías, (Rodríguez Guitián & Ramil-Rego, 2007).




Figura 4.- Mapa de macroclimas, bioclimas, termoclimas e ombroclimas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Elaborado a partir de Rodríguez Guitián & Ramil-Rego (2007).

3.2.2. Xeoloxía

A historia xeolóxica do Parque Nacional remóntase ao Paleozoico, momento no que se formaron os materiais xeolóxicos que na actualidade conforman as áreas emerxidas e mariñas do territorio; tras a oroxenia Alpina no Terciario, que provocou a aparición dos bloques en dirección N-S e N-E, e coa inundación polo mar das partes baixas da costa tras a última glaciación, se formaron as rías e as illas (MMA, 1999), dando lugar a costas moi irregulares e abruptas, con numerosos acantilados e depósitos areentos.

Dende un punto de vista paleoxeográfico, o territorio analizado atópase dentro do Macizo Hespérico, constituído polos materiais máis antigos da Península Ibérica deformados durante a Oroxenia Hercínica. Das zonas en que Farias *et al.* (1987), baseándose na divisións previas de Lozte (1945) e Julivert *et al.* (1972), establecen no macizo Hespérico, o ámbito territorial localízase na zona de Galicia -Tras Os Montes.

A Zona de Galicia -Tras Os Montes atópase superposta tectonicamente á Zona Centroibérica, atopándose constituída por dous dominios principais, denominados Dominio Xistoso de Galicia-Tras Os Montes e Dominio dos Complexos con Rochas Máficas e Relacionadas (Marquínez, 1984).

Os terreos pertencentes ao Dominio Xistoso están constituídos principalmente por litoloxías graníticas, mentres que os pertencentes ao Dominio dos Complexos conteñen litoloxías moi variadas. Non obstante, os territorios do Parque Nacional atópanse condicionados fundamentalmente polo Dominio Xistoso, considerándose que as litoloxías autóctonas graníticas se atopan intuindo aos materiais sedimentarios do mencionado Dominio Xistoso e ambos os dous se atopan aflorando en multitude de localizacións da franxa costeira occidental. De forma xeral a codia terrestre está constituída en Galicia por unha ampla gama de tipos de rochas. Seguindo criterios xenéticos e de composición mineralóxica, en Galicia o dominio espacial correspóndese claramente aos materiais metamórficos silíceos totalizando máis do 50% da superficie (lousas, xistos, rochas metamórficas ácidas, etc.); a continuación atópanse as rochas graníticas (40%) distribuídas preferentemente no terzo occidental e na metade meridional. A considerable distancia sitúanse o resto de unidades litolóxicas (rochas metamórficas calcáreas, rochas básicas e ultrabásicas e sedimentos cenozoicos non consolidados).

As superficies emerxidas do Parque Nacional atópanse fundamentalmente compostas por catro unidades litolóxicas das doce identificadas en Galicia. De forma xeral a litoloxía dominante son as rochas graníticas (alcalinas 76% e calcoalcalinas 18%) seguidos das lousas e xistos ricos en cuarzo (6%) e en menor medida dos depósitos do Cuaternario Recente (2%). Non obstante, atópanse grandes diferenzas en canto ás grandes unidades litolóxicas segundo o territorio do que se trate. Cabe salientar que aínda que neste apartado se faga referencia unicamente aos territorios emerxidos do Parque Nacional, as características xeolóxicas do ambiente submarino adxacente a estes territorios, están ligadas á historia xeolóxica xeral da zona da que é reflexo a parte emerxida.

Entre as litoloxías dominantes dos terreos emerxidos do Parque, os granitoides hercínicos, diferéncianse a grande escala a presenza de dúas grandes familias: a alcalina e a calcoalcalina (Bellido *et al.*, 1987). As primeiras relacionadas co metamorfismo rexional e máis extendidas no Parque Nacional, comprenden tanto granitos autóctonos como algúns alóctonos evolucionados; as segundas, presentes fundamentalmente en Sálvora, son granodioritas e granitos monzoníticos que se atopan asociados a rochas intermedias ou básicas; dependendo do momento da súa intrusión, os granitoides calcoalcalinos poden clasificarse en pretectónicos (serie calcoalcalina precoz) ou postectónicos (serie calcoalcalina tardía).

Litoloxía				
	% Rochas graníticas alcalinas	% Rochas graníticas calcoalcalinas	% Lousas e xistos ricos en cuarzo	% Cuaternario recente
Arquipélago de Cíes	100%	-	-	-
Arquipélago de Ons	95,39%	-	2,24%	2,37%
Arquipélago de Sálvora	-	93,99%	-	6,01%
Arquipélago de Cortegada	22,01%	-	77,99%	-
Parque Nacional	75,78%	17,82%	4,37%	2,03%

Taboa 3.- Repartición das superficies ocupadas polas diferentes tipoloxías litolóxicas na superficie emerxida do Parque Nacional. Elaborado a partir do Mapa Xeolóxico Nacional 1:50.000 (IGME, 1972-2003).

Atendendo ao mapa xeolóxico 1:50.000 (IGME, 1972-2003), a composición xeolóxica dos Arquipélagos de Ons e de Cíes é moi similar compoñéndose na súa grande maioría por rochas graníticas alcalinas (95,4% en Ons e 100% en Cíes) e de forma máis puntual en Ons por depósitos cuaternarios (2,2%) e por lousas e xistos ricos en cuarzo (2,4%).

O granito dos arquipélagos de Ons e Cíes correspóndese cun granito gnésico de dúas micas bastante leucocrático, de gran medio e cunha disxunción variable: dende grosos bolos (aparecen nas zonas occidentais de Cíes sobre todo), a corpos pseudoestratiformes monoclinais (costa oeste de Ons e zona este de Cíes, por exemplo), aparecendo algunhas zonas de granito de textura orientada. En ambos os dous casos, a súa composición é de cuarzo, moscovita ou mica branca, biotita ou mica negra, feldespato alcalino e, en menor proporción, plaxioclasas. Tanto a mica branca como a mica negra, son sensibles ao poder erosivo dos ventos, xeos e chuvias, con desprendementos por exfoliación, que dan lugar a rochas caprichosamente labradas, así a abrasión mariña modelou, nestas áreas, estruturas xeolóxicas de grande interese ambiental como furnas ou cavernas (MMA, 1999).

O material xeolóxico predominante no Arquipélago de Sálvora correspóndese con rochas graníticas calcoalcalinas (94%) sendo maioritaria unha granodiorita tardía biotítica-anfibólica de gran groso, a composición xeral do cal é cuarzo, plaxiocasa e biotita, aparecendo moscovita nalgúns zonas. Así mesmo no sueste da Illa de Sálvora se pode atopar granito biotítico precoz (MMA, 1999). Ademais das rochas graníticas no arquipélago de Sálvora aparecen depósitos cuaternarios recentes (6%) correspondentes, fundamentalmente, a áreas de praia e depósitos coluviais.

O Arquipélago de Cortegada, pola contra, presenta unha composición predominante (78%) de rochas metamórficas síliceas (xistos e paragneis) e en menor medida (22%) rochas graníticas alcalinas (granitos migmáticos soldados) que intrúen ás anteriores en forma de bandas paralelas.

3.2.3. Xeomorfoloxía e paisaxe

A Xeomorfoloxía, de grande importancia paisaxística no Parque Nacional, fórmase pola acción do vento, as ondas e o sal sobre as rochas. Dende un punto de vista xeomorfolóxico o territorio se atopa no dominio litoral dentro do tramo das Rías Baixas, neste sector do litoral galego a costa xeralmente é baixa e pouco accidentada, os acantilados costeiros non superan os 10 metros e desenvólvense amplas zonas de praia a partir das cales se forman cordóns dunares, parcialmente estabilizados pola vexetación e, se a eolización das áreas supera os tamaños máis finos, producen mantos areentos que cobren parcialmente os materiais do substrato (Yepes Temiño, 2004).

As diversas formas diferenciadas no cordón de illas que constitúen o Parque Nacional, dotan a este dunha elevada diversidade paisaxística, destacando as figuras alongadas das illas de Cíes e de Ons en contraste cunhas formas máis redondeadas en Sálvora e Cortegada, presentando planicies moito máis marcadas.

Así o Arquipélago de Ons é de alturas suaves, sendo a maior de 128 m; as caras N, NW, W, SW e S de Ons son acantiladas, mentres que a cara este é menos abrupta e nela aparecen formacións sedimentarias que conforman praias. O Arquipélago das Cíes, é o máis abrupto, tendo como punto máis elevado o Alto das Cíes, con 197 metros de altura. Este marcado relevo contrasta acusadamente coa cota máxima da Illa de Cortegada, 19 metros, sendo este o arquipélago máis aplanado ao estar máis próximo ao territorio continental e por conseguinte máis resgardado da erosión mariña. A illa de Sálvora, presenta un modelado típico de zonas costeiras, coa aparición de superficies moi suavizadas, sendo a altura maior de 73 metros no pico Gralleiro.

No caso das illas de Cíes e Ons é moi reveladora dita **morfoloxía contrastada entre as vertentes** Leste e o Oeste, cun relevo baixo e abundancia de areais ao nacente e unha preponderancia de acantilados ao poñente, o que lle outorga unha gran orixinalidade xeomorfolóxica (Pérez Alberti, 1993).

Os **depósitos areentos** cobran especial importancia no territorio do Parque Nacional sendo as praias de maior interese en Cíes a de Rodas, de máis dun quilómetro de lonxitude, Figueiras, A Cantareira, As Margaritas, Nosa Señora, e a praia de San Martiño; destacando na Illa de Ons As Dornas, Area dos Cans, Canexol e Melide. As praias teñen un menor desenvolvemento no Arquipélago de Sálvora, cunha menor superficie destas, atopando as praias de Zafra, dos Lagos, dos Bois e do Almacén, así como a existente na illa de Vionta. No caso da illa de Cortegada, por localizarse no interior da ría de Arousa, as súas praias están modeladas predominantemente pola acción das mareas. Cabe mencionar neste punto o **sistema praia-barreira-lagoa** constituído entre as illas de Monteagudo e Faro no Arquipélago de Cíes, esta barreira ten aproximadamente 1 km de lonxitude, onde se atopa a praia de Rodas e sobre o que se asenta un complexo dunar estabilizado. Tras a súa barreira atópase o "Lago dos Nenos", foco de interese turístico onde se concentra unha importante diversidade tanto de especies de fauna e flora, coma de hábitats (Costas, 2008; Costas *et al.*, 2009). A ponte construída nos anos cincuenta para comunicar as illas, modificou a dinámica local, co que comezou a erosión da barra no seu extremo máis setentrional, e mesmo das antigas dunas.

Outras formacións xeomorfolóxicas de grande interese para a conservación son os **cordóns dunares**, conformados pola acción do vento, acumulando area que é colonizada por diversas especies de flora de areais e dunas, destacando os sistemas de Rodas, Muxieiro-Figueiras en Cíes, Melide en Ons e a parte central da pequena illa de Vionta, tipo de hábitat de fisionomía dinámica, extremadamente fráxil, afectándoo especialmente a acción humana e as modificacións que este provoque na hidrodinámica litoral.

Os **cantís**, de indubidable valor paisaxístico nas Illas Ons e Cíes, foron moldeados ao longo da historia pola influencia mariña, a pesar de contar cun material granítico, naquelas zonas de fractura, a auga consegue erosionar a superficie rochosa, creando as chamadas **furnas** ou covas mariñas. A morfoloxía de furnas depende do material xeolóxico, orientación das fracturas, e grao de erosión que as afecta (MMA, 2004).

A erosión mariña tamén ten o seu efecto sobre as áreas horizontais litorais, onde a acción das ondas modela as rochas, dándolles formas redondeadas, conformando as **praias de cantos rodados**. Outras formas xeomorfolóxicas presentes no Parque Nacional son os **bolos**, grandes bloques de rocha de formas redondeadas debido á acción do vento e a auga; os **lombos de balea**, con formas suavizadas e elongadas; ou os **alvéolos e pías**, cavidades máis ou menos redondas nunha superficie vertical ou horizontal ou vertical, formadas por disgregación granular, escamación, debido a procesos físicos, químicos ou biolóxicos pola acción da auga sobre a rocha.

De acordo a proposta tipolóxica das paisaxes galegas de Ramil Rego *et al.* (2005) o territorio comprendido polo Parque Nacional se atopan na unidade de paisaxe denominada como “**Litoral Cantabro-Atlántico**”, en concreto no “**Arco das Rías Baixas**”. Dita unidade de paisaxe representa un amplo e estreito espazo no que interactúan os espazos terrestre e mariño, posuíndo medios e ecosistemas propios e singulares. A oscilación mareal determina en boa medida a configuración do espazo litoral así como a distribución dos organismos vivos, establecéndose unha zonificación do espazo litoral en tres grandes unidades: (zona intermareal, zona infralitoral e zona supralitoral).

3.2.4. Hidroloxía

Tanto a hidroloxía (os ríos en canto masas de auga que se moven) coma a hidrografía (incisión que os ríos producen sobre a superficie) atópanse condicionadas por múltiples factores como son as características morfoestructurais do territorio, os seus trazos climáticos, en particular os pluviométricos, a natureza do terreo, a vexetación e a actuación do home (Rodríguez Martínez-Conde, 2001). Así, o dispositivo hídrico no Parque Natural é o resultado da conxunción de todos estes factores.

O carácter insular do Parque, cunha climatoloxía dependente da localización de cada unha das illas, e sen rochas almacén ou formacións capaces de funcionar como reservorios naturais de auga fan que a **hidroloxía superficial** constitúa unha variable pouco relevante no medio natural das illas dada a escasa superficie das cuncas vertentes e a escasa capacidade dos acuíferos, factores que impiden a existencia de cursos de auga de carácter permanente ou con períodos de fluxo significativos. Polo tanto, a rede de drenaxe está formada por canles estacionais que só rexistran escorrentías ocasionais asociadas con episodios pluviométricos de certa intensidade. A pesar destas circunstancias, a rede de cavorcos e canles estacionais que drenan as illas de maior superficie pode desempeñar un papel ambientalmente relevante en combinación cos pequenos acuíferos que se atopan relacionados na súa descarga e recarga coas devanditas canles menores.

Estes **pequenos acuíferos superficiais** ou mananciais exiguos estacionais existen debido a que a rocha granítica funciona por unha parte como retedora de fluxos pola interacción entre o diaclasado variable e a estratificación, e por outra, como liberalizadora desa auga polo mesmo motivo de posuír esa serie de gretas e fracturas: na illa de Ons contabilízanse ata 11 fontes ou mananciais que funcionan estacionalmente, non posuíndo ningún punto de auga a illa de Onza; no arquipélago de Cíes a illa do Faro é a que presenta maior número con 6 mananciais, 4 na illa de San Martiño e 2 na illa de Monteagudo; en Sálvora, menos estudada hidroloxicamente, cóñécense catro mananciais con distintos aproveitamentos; en Cortegada, pola súa parte o núcleo de poboación asentouse nas inmediacións do manancial (MMA, 1999).

Cabe destacar tamén no Arquipélago das Illas Cíes a presenza dunha pequena lagoa “**O Lago dos Nenos**”, rodeada pola praia de Rodas e o dique artificial, a lagoa sitúase entre as illas de Monteagudo e do Faro. Existe neste sistema de praia-barreira-lagoa unha grande variedade de ambientes diferentes, así como unha elevada produtividade debido á abundancia notable de algas epífitas; non obstante esta riqueza ecolóxica atópase ameazada pola vulnerabilidade do ecosistema (Costas, 2008; Costas *et al.*, 2009).

3.2.5. Edafoloxía

En xeral, en todas as illas Atlánticas de Galicia os solos se caracterizan pola súa estrutura desequilibrada, predominando a fracción area (aproximadamente un 85%) sobre os limos e arxilas, tendo na maioría dos casos ademais unha estrutura moi pouco desenvolvida. Estes solos son ácidos e con importantes limitacións na súa fertilidade, cun maior contido en aluminio que en catións básicos.

Dos solos presentes no Parque Nacional pódese dicir que son bastante pobres, con poucas posibilidades e ligados á topografía (MMA, 1999); debido ao escaso desenvolvemento dos procesos edafoxenéticos nestes territorios insulares a variedade de solos existentes é moi reducida.

Nas partes máis elevadas das illas e nas abas sometidas aos procesos de erosión máis intensos, é dicir nas abas de fortes pendentes predominan os solos esqueléticos, aparecendo algún Leptosol, diferenciándose leptosoles líticos (menos de 10 cm de profundidade) e leptosoles dístricos (espesores de 10-30 cm).

Nas zonas con menores pendentes e cunha erosión menos acusada, onde predomina a acumulación do material coluvial, atopan presentes Regosoles dístricos, con profundidades de 30 a 100 cm e algún Cambisol dístrico ou húmico. Hai que destacar tamén a presenza de Arenosois que se localizan nas zonas litorais fundamentalmente nas praias e zonas dunares aínda que tamén poden aparecer en abas e predominar sobre outros tipos de solo nalgúns illas pequenas, como Vionta no Arhipiélago de Sálvora. Os solos máis evolucionados das illas desenvólvense sobre as bandas metasedimentarias, sendo estes os terreos máis idóneos para o cultivo.

Non obstante o característico da edafoloxía das illas non é a presenza de solos en si, senón o desenvolvemento de depósitos coluviais posteriormente edafizados, como sucede en Monte Agudo ou Onza por exemplo (MMA, 1999).

Estudos realizados na Illas Cies, demostran que nas zonas onde se asientan colonias de Gaivota patiamarilla (*Larus cachinnans*) aparecen concentracións elevadas de nitróxeno (NH_4) e fósforo asimilable, ademais de contidos elevados de cinc, mercurio e outros elementos pesados debido ás achegas destes nutrientes e metais pesados polos excrementos das gaivotas (Otero & Mouriño, 2002).

De forma xeral, os solos do Parque Nacional sofren unha importante seca edáfica relacionada coa seca motivada polo déficit hídrico estival, esgotándose a reserva de auga utilizable polas plantas nos solos en gran parte do territorio, feito que se produce cando estes teñen unha reserva útil de auga inferior aos 225 mm, cantidade de auga que unicamente aparece en solos con profundidades maiores aos 150 cm, moi escasos nestes territorios.

3.2.6 Ecosistemas Mariños

A declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestres das Illas Atlánticas de Galicia fundamentouse na importancia do medio mariño, onde está documentada unha elevada diversidade de flora e fauna ben conservada, así como un conxunto de ecosistemas característicos a protección dos cales é un obxectivo prioritario no Parque. Este é o segundo espazo marítimo terrestre creado coa figura de Parque Nacional, onde o medio mariño comprende unha superficie próxima ao 86% do total.

Este medio caracterízase pola claridade das augas e as temperaturas medianamente frías, cunha lixeira influencia cálida achegada pola corrente cálida do Golfo, e cunha homoxeneidade vertical en inverno (13-16º) e unha estratificación en verán (12-18º) polo gradiente térmico producido polo quentamento das capas superiores (MMA, 2004).

Existen unha diversidade elevada de medios na área mariña do Parque, variando de acordo con ao zona onde atopemos, zona litoral e zona nerítica. A primeira está sometida á oscilación mareal o que determina en boa medida a configuración do espazo litoral, así como a distribución dos organismos vivos, establecéndose unha zonificación de espazo litoral en tres grandes unidades:

- zona intermareal, abranguida entre os extremos superior e inferior que o nivel do mar alcanza nas mareas vivas.
- zona infralitoral, esténdese dende o nivel extremo que alcanzan en mareas vivas durante a baixamar ata a marxe da plataforma continental.
- zona supralitoral, esténdese por enriba da zona intermareal ata o límite que alcanzan a salpicadura da auga de mar.

Neste conxunto de áreas do Parque Nacional, foron catalogadas unhas 870 especies (datos provisionais que aumentarán a medida que aumente o coñecemento da zona) contando só os seguintes grupos: 196 de crustáceos, 238 de poliquetos, 136 de moluscos, 24 de equinodermos, e 276 especies de algas (MMA, 2004).

Por todo iso e de acordo co traballo de regulación de actividades subacuáticas (Conaima, 2006), o interese botánico e faunístico do medio mariño do Parque Nacional é moi alto, ao albergar poboacións e comunidades típicas das presentes ao longo do litoral costeiro galego nun bo estado de conservación e cunha elevada representatividade. Así mesmo, o interese recreativo é moi elevado de cara ao mergullador deportivo, onde prima a marca Parque Nacional, resaltando así mesmo o elevado interese marisqueiro e pesqueiro, con multitude de especies comerciais (moluscos, crustáceos, equinodermos, peixes, algas,...)

Debe destacarse os bosques de grandes algas pardas, por estar consideradas unha de comunidades de litoral español cunha maior riqueza específica (Vila *et al.*, 2005), isto é debido entre outras razóns ás algas que compoñen maioritariamente este ecosistema, de gran tamaño, podendo superar os 2 metros, permanecendo fortemente fixadas ao substrato infralitoral, onde multitude de organismos se refuxian.

Outras formacións de grande valor ambiental que se foron desenvolvendo no Parque son os fondos de Maërl, comunidades mariñas constituídas fundamentalmente por algas vermellas coralináceas submareais, normalmente non xeniculadas (Birkett *et al.*, 1998), a importancia ecolóxica da cal vén dada pola alta diversidade de fauna e flora que alberga e ao grande número de nichos ecolóxicos que xera a súa estrutura tridimensional (Barberá *et al.*, 2003). No territorio do Parque Nacional estímase unha superficie de 2,3 km² de maërl, (Peña & Bárbara 2006). Aínda que non se debe deixar de citar os fondos mariños de area, os de cascallo ou os lamacentos, presentes tamén no Parque e onde se rexistra unha elevada actividade biolóxica.

Finalmente debemos destacar a presenza de formacións de plantas fanerógamas mariñas configuradas por *Zostera marina* que se distribúen en distintas áreas do Parque Nacional e que foron obxecto de estudos detallados (Alejo Flores *et al.* 2007; Fernández Alonso *et al.* 2011; Castiñeira Lavadores, 2011; García Redondo *et al.* 2017; Guitián Rivera, 1989).

3.2.7 Flora e vexetación

* Catálogo florístico

O grao de coñecemento da flora vascular da superficie emerxida do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é moi distinto dependendo do arquipélago do que se trate (Blanco-Dios, 2008). Así, a flora das Illas Cies é ben coñecida grazas aos traballos monográficos de Losa España (1943), Rigueiro (1977) e Guitián & Guitián (1990) entre outros; do mesmo modo, a catalogación da flora de Ons está bastante avanzada grazas aos traballos de Castroviejo (1969), Blanco-Dios (1998), Souto & De Saa (2006) e Bernárdez (2006). Non obstante, dos outros dous arquipélagos que forman parte do Parque Nacional (Cortegada e Sálvora) aínda non se publicou ningún estudo específico sobre a súa flora vascular (Blanco-Dios, 2008).

Polo que respecta á riqueza florística do Parque Nacional, esta posúe unha elevada importancia tanto dende o punto de vista da biodiversidade coma da conservación de especies ameazadas. Entre os traballos elaborados débense destacar certos estudos relativos á flora vascular (Álvarez, 1972; Guitián & Guitián, 1990; Lago & Castroviejo, 1992; Castroviejo, 2004; Carbajal *et al.*, 2005; Bernárdez, 2006; Blanco-Dios, 2008), onde se identifican ao redor de 400 taxóns; por outra parte no ámbito dos líquenes realizouse un proxecto de catalogación dos mesmo onde se recollen ata 231 taxóns; mentres que sobre algas mariñas, se contabilizan 276 taxóns (MMA, 2004); o que sumado aos macromicetos citados no territorio do Parque Nacional (Soliño, 2004) supón máis de 900 taxóns destes grupos no Parque Nacional. Tomando como referencia o dato aproximado de 400 taxóns para o catálogo florístico de plantas vasculares do Parque Nacional, o número total de especies de flora vascular resulta moi inferior ao resto dos territorios europeos. Non obstante tendo en conta os datos de diversidade das plantas vasculares (número de especies no territorio/logaritmo da área) o Parque Nacional se sitúa en posicións intermedias, rexistrando unha maior diversidade que países como Luxemburgo, Estonia, Bélxica, Lituania, Dinamarca, Países Baixos ou Irlanda.

Plantas Vasculares							
Territorio	Total	Riqueza	Diversidade	Territorio	Total	Riqueza	Diversidade
Parque Nacional	≈400		≈371	Alemaña	2.682	6,71	483
Galicia	2.391	5,98	535	Polonia	2.468	6,17	449
España	8.000	20,00	1.403	Hungría	2.450	6,13	493
Italia	5.599	14,00	1.022	Suecia	2.200	5,50	392
Grecia	4.992	12,48	974	Letonia	1.937	4,84	402
Francia	4.630	11,58	807	Chipre	1.682	4,21	425
Portugal	4.003	10,01	806	Estonia	1.538	3,85	332
Bulgaria	3.750	9,38	743	Bélxica	1.452	3,63	323
Eslovaquia	3.352	8,38	718	Lituania	1.360	3,40	283
Romanía	3.297	8,24	614	Luxemburgo	1.253	3,13	360
Finlandia	3.200	8,00	583	Dinamarca	1.252	3,13	270
Eslovenia	3.200	8,00	744	Países Baixos	1.221	3,05	269
Austria	2.950	7,38	599	Malta	1.200	3,00	484
Reino Unido	2.707	6,77	502	Irlanda	950	2,38	196
República Checa	2.700	6,75	551				

Nº de especies de plantas vasculares [Total]. Nº especies territorio/ Nº de especies Parque Nacional [Riqueza]. Índice de diversidade: Nº especies territorio/logaritmo da área. [Diversidade]. Fonte: Romero, 2008; Mirek *et al.*, 1995; Environmental Protection Ministry Republic of Lithuania, 1996; Marhold & Hindak (eds), 1998; Aronson (Ed.), 1999; Kuk, 1999; Niklfeld, 1999; Ministry of Waters, Forests and Environmental Protection, 1999; MMA, 1999; Republic of Bulgaria, 1999; Ciocărlan, 2000; Simon, 2001; Preston *et al.*, 2002; Rytteri *et al.*, 2003; Ministry of the Environment of the Czech Republic, 2005; ICN, 2010; MEPA, 2010; Ministry of Agriculture, Natural Resources and Environment, 2010; Ministry of the Environment of the Republic of Latvia, 2010.

Táboa 4.- Riqueza e diversidade florística do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia en relación ao resto de territorios europeos.

* Especies protexidas e ameazadas

Do elevado número de especies da flora presente no Parque Nacional hai que destacar aquelas que posúen un grao de protección legal, habida conta do nivel de ameaza no que se atopan as súas poboacións. No grupo dos líquenes cabe salientar 2 taxons de gran interese ecolóxico e corolóxico, *Bactrospora carneopallida* e *Lecanographa dialeuca*, citados por primeira vez no continente europeo (Paz-Bermúdez & López de Silanes, 1998; Paz-Bermúdez, 2000; Paz-Bermúdez *et al.* 2003), sendo estes propios da Rexión Macaronésica; se atopan tipificados como En Perigo de extinción polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007).

Respecto á flora vascular protexida, contabilízanse 8 taxóns de medios continentais, entre os cales 2 considéranse estritamente protexidos polo Convenio de Berna, a recollerse no seu Anexo I, *Rumex rupestris* e *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*, destacando esta última por estar tipificada como prioritaria de acordo á Directiva Hábitat, En Perigo de extinción segundo o Catálogo Español de Especies Ameazadas (RD 139/2011) e En Perigo de extinción de acordo ao Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Nesta última categoría pódense atopar no Parque Nacional outras 5 especies de flora vascular, *Cytisus insularis*, *Erodium maritimum*, *Rumex rupestris*, *Linaria arenaria* e *Linaria aguilonensis*.

No Parque Nacional tamén se atopan presentes especies de algas protexidas propias de ambientes mariños, trátase de dúas algas de grande interese ecolóxico por ser formadoras dos denominados fondos de maërl, fondos que albergan un importante número de nichos ecolóxicos e sostén unha alta diversidade de fauna e flora (Peña & Bárbara 2006, 2007). Estas dúas especies de algas, incluídas como Vulnerables no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, son *Lithothamnium corallioides* e *Phymatholithon calcareum*.

Flora protexida				
Grupo		Especie	Berna	DC92/43/CEE RD139/2011 D88/2007
Flora	Algas	<i>Lithothamnium corallioides</i>		V
		<i>Phymatholithon calcareum</i>		V
	Líquenes	<i>Bactrospora carneopallida</i>		E
		<i>Lecanographa dialeuca</i>		E
	Espermatófitos	<i>Cytisus insularis</i>		E
		<i>Erodium maritimum</i>		E
		<i>Linaria arenaria</i>		E
		<i>Narcissus bulbocodium</i>		V
		<i>Omphalodes littoralis</i> subsp. <i>gallaecica</i>	I	II*,IV En E
		<i>Rumex rupestris</i>	I	II,IV PE E
		<i>Ruscus aculeatus</i>		V

Convenio de Berna (1979) relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa [Berna]: Especie de flora estritamente protexida [I].

Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e de fauna e flora silvestres [DC92/43/CEE]: Especie animal ou vexetal de interese comunitario para a conservación do cal é necesario designar zonas de especial conservación [II]. Especie animal ou vexetal de interese comunitario que requiren unha protección estrita [IV]. Especie animal ou vexetal de interese comunitario a recollida da cal na natureza e a explotación da cal pode ser obxecto de medidas de xestión [V].

Real Decreto 139/2011 do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEE) [RD139/2011]: Especie incluída na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. En Perigo de Extinción no CEEA [En]. Vulnerable no CEEA [V].

Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas [D88/2007]: Especie En Perigo de extinción [E]. Especie Vulnerable [V].

Táboa 5.- Flora protexida na área do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

* Vexetación

Desde un punto de vista corolóxico, e seguindo as propostas de sistematización bioxeográfica perfiladas nos traballos de Rivas-Martínez (1982, 1985, 1987), Rivas-Martínez *et al.* (1990) e a proposta de sectorización bioxeográfica para Galicia de Rodríguez Guitián & Ramil Rego (2008), o ámbito do presente plan atópase no Subsector das Rías Baixas, Sector galaico-portugués, Subprovincia Cántabro-Atlántica, Provincia Atlántica Europea na Rexión Eurosiberiana. En xeral a vexetación presenta unha significativa porcentaxe de elementos mediterráneos, o que se debe a que o mar atempera o clima e permite a presenza de plantas termófilas (macrobioclima temperado variante submediterránea, Rodríguez Guitián & Ramil-Rego 2007).

A paisaxe vexetal que atopamos hoxe en día nos arquipélagos do Parque Nacional ven determinada fundamentalmente pola confluencia de factores ambientais e derivados da ocupación humana dos territorios, de modo que cada un dos arquipélagos presenta unha vexetación diferente, dende a vexetación dos abruptos acantilados de Cíes ata os bosquetes de loureiro de Cortegada. Non obstante, nas illas Cíes especialmente a vexetación natural atópase bastante degradada, debido á deforestación, aos reiterados incendios e á plantación de piñeiros (*Pinus pinaster*) e eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) de mediados do século XX, ocupando estas especies non autóctonas do territorio unha gran superficie da illa. En Ons e Sálvora, pola contra, a superficie dedicada á plantacións forestais é menor, non conformando unha parte importante das illas. Por outra parte, é de destacar como particularidade na Illa de Ons, que os cultivos agrícolas se manteñen ata a actualidade (MMA, 1999).

Para a descrición da vexetación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia esta agrupouse en unidades de vexetación baseándose en criterios fisionómicos e estruturais que caracterizan os ambientes máis característicos das illas: rochedos e acantilados litorais, sistemas dunares, matogueiras, vexetación arborada autóctona (case exclusiva de Cortegada) e a vexetación acuática. Estas unidades poden, polo tanto, conter comunidades moi diversas e afastadas dende un punto de vista fitosociolóxico.

* * Vexetación de rochedos e acantilados litorais

Nos acantilados, amplamente representados nas illas, (especialmente nas illas Cíes e Ons, tamén aparecen acantilados mais suaves en Sálvora e algún rochedo litoral na Illa de Cortegada onde os factores limitantes se minimizan) a influencia do mar, a salinidade, o vento, a escaseza dos solos e as numerosas colonias de aves mariñas (que enriquecen o solo de substancias fertilizantes provocando cambios nas comunidades vexetais; Otero & Mouriño 2002) fan que estes sexan medios adverso no que tan só a vexetación especializada é capaz de instalarse (MMA, 1999).

Ditos factores limitantes dan lugar á organización da vexetación de acantilados en cinturas o franxas segundo a distancia á liña de costa. En xeral se considera que son tres as franxas de vexetación que aparecen nestes acantilados; non obstante, na realidade, a zonación desta vexetación é máis confusa, xa que depende de multitude de factores topográficos, xeomorfolóxicos ou microclimáticos (MMA, 1999, Fernández Prieto & Loidi, 1984; Izco *et al.*, 1986).

Seguindo MMA (1999) a primeira franxa de vexetación (zonas máis próximas ao mar) que ocupa as gretas das rochas moi influenciadas polas salpicaduras da ondada, instálase unha comunidade denominada **halocasmofítica**, caracterizada polo perexil de mar (*Crithmum maritimum*), e *Armeria pubigera* subsp. *pubigera*. Nas zonas máis húmidas e umbrías, como as furnas, aparece unha

comunidade dominada polo fento mariño (*Asplenium maritimum*). No caso de Cortegada esta é a única cintura representada, a excepción da illa Malveira Grande, onde tamén crecen matogueiras de acantilado. Nesta mesma franxa pero en zonas moi influenciadas polas colonias de aves mariñas (acantilados de Cíes), a comunidade anterior é substituída por outra de carácter **halonitrófilo**, resistente á salinidade e a altos contidos en nitróxeno.

A seguinte franxa de vexetación situada por enriba da anterior se corresponde cos **pasteiros aerohalófilos** (MMA, 1999), aínda condicionada pola salinidade e polos fortes ventos, un maior desenvolvemento do solo permite nesta cintura a instalación dun pasteiro dominado, segundo zonas, por *Armeria pubigera*, *Silene uniflora* ou *Dactylis glomerata* subsp. *maritima*. A comunidade típica dos pasteiros de acantilado do noroeste ibérico (dominada por *Festuca rubra* subsp. *pruinosa* e *Daucus carota* subsp. *carota*), tan só é común en Ons, sendo moi escasa nas Cíes polo efecto nitrificante das colonias de gaivotas (Otero & Mouriño 2002). Nas áreas con maior influencia destas colonias, estas comunidades modifícanse e nelas atopamos plantas cun carácter halonitrófilo máis marcado (*Holcus lanatus* ou *Angelica pachycarpa*).

Na parte superior do acantilado sitúase a cintura menos influenciada polas salpicaduras mariñas, **matogueira costeira de acantilado ou aerohalófilo** (MMA, 1999), esta franxa constitúe unha subespecie de toxo endémica galaico-portuguesa (*Ulex europaeus* subsp. *latebracteatus*), moi adaptado á duras condicións ecolóxicas que se dan neste medio; acompañano especies herbáceas comúns nos pasteiros aerohalófilos como *Silene uniflora* subsp. *uniflora*, *Angelica pachycarpa* ou *Leucanthemum merinoi*, endémicas das costas galegas e norte de Portugal, *Dactylis glomerata* subsp. *maritima*, e varias especies leñosas como *Cistus salvifolius*, *Daphne gnidium* ou *Osyris alba*, esta matogueira pode superar o dominio do acantilado para internarse na parte este da illas.

Fóra da influencia mariña aparece outro tipo de vexetación rupícola, en rochedos protexidos do mar e muros e paredes de todos os arquipélagos do Parque. Dita vexetación se caracteriza pola presenza de *Umbilicus rupestris* e os fentos *Polypodium interjectum* e *Davallia canariensis* ademais de *Rumex rupestris* presente só en Cíes, Ons e Sálvora e incluída no anexo II da DC 92/43/CEE, na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (RD 139/2011) e considerada En Perigo de Extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (D 88/2007).

* * **Vexetación de sistemas dunares**

Nos sistemas praia-duna-lagoa do Parque, de xeito similar ao que acontece nos acantilados, se dan unhas condicións de extrema dureza para o desenvolvemento das comunidades vexetais (alta insolación, sequidade, salinidade, escaseza de nutrientes, vento e movemento da area). Nestas condicións, os solos son colonizados por plantas halófilas o xerohalófilas, que presentan gran cantidade de adaptacións a estes ambientes (Rodríguez Oubiña *et al.*, 1995) distinguíndose tamen varias franxas ou cinturas de vexetación.

A primeira franxa corresponde á **vexetación de praias**, presente en todos os arquipélagos do Parque Nacional pero non en todas as praias; nesta franxa van a crecer un pequeno número de especies nitrófilas cun ciclo de vida curto, relacionadas cos ribazones mariños ou restos orgánicos, afectados polo arrastre das mareas. Caracterízase por unha asociación vexetal na que destaca *Cakile maritima* acompañado por *Honkenya peploides* e *Polygonum maritimum*, entre outras (MMA, 1999).

A primeira fronte dunar ou **dunas primarias** é o que se sitúa máis preto da costa, nunha zona moi exposta á dinámica mariña, nesta franxa instálase fundamentalmente *Elytrigia juncea* subsp. *boreali-atlanticus*, acompañada doutras especies como *Eryngium maritimum* ou *Calystegia soldanella* (MMA, 1999).

As **dunas secundarias** forman o segundo cinto de vexetación dunar, son dunas móbiles pero con condicións mais estables que no caso anterior o que permite a instalación dunha maior variedade de especies que van fixar grande cantidade de substrato, actuando así como reservorios de area que contribúen ao equilibrio da praia. É característica desta franxa *Ammophila arenaria*, acompañada de *Otanthus maritimus*, *Euphorbia paralias*, entre outras (MMA, 1999).

Mais alonxadas do mar fórmanse as **dunas terciarias** ou campos dunares, onde o efecto do vento e a salinidade diminúe, polo que aumenta o número de especies que colonizan esta cintura e o seu grao de cobertura; caracterízase por unha matogueira de especies halófitas dominado por especies como *Helicrisum italicum* subsp. *serotinum*, *Scrophularia frutescens*, *Artemisia crithmifolia* ou *Iberis procumbens*; *Crucianella maritima*; nesta franxa tamén se desenvolven outras comunidades constituídas por pasteiros de pequeno porte, con *Linaria polygalifolia* e *Corynephorus canescens* como especies características (MMA, 1999).

Máis ao interior das duna terciarias, pode unha **matogueira de trasduna**, que se atopa unicamente no sistema dunar de Figueiras-Muxieiro (Cíes) e en Cabo Vilán. Nel abunda a camariña (*Corema album*) e o toxo (*Ulex europaeus* subsp. *latebracteatus*). No interior desta barreira dunar pode presentase un descenso topográfico gradual que pode rematar nunha zona intermareal de area, unha chaira lmacenta ou unha marisma, que no caso de Cíes limita cun lagoon ou lagoa costeira, o Lago dos Nenos (Costas, 2008).

Este sistema, ademais de presentar un conxunto de hábitats de grande valor ecolóxico e elevada fragilidade, alberga importantes poboacións de especies cun grao de ameaza considerable como *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica* (endemismo dos ecosistemas dunares, da que recentemente se atoparon novas poboacións na illa de Sálvora, Blanco-Dios 2008), *Linaria arenaria* (En Perigo de Extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, súa distribución está restrinxida ás illas de Ons e Sálvora, illa de Arousa, e escasos puntos do litoral francés (Bañares et al., 2004), *Armeria pungens* (única poboación de Galicia nas Illas Cíes) e *Corema album* subsp. *album* (en Cíes se atopa unha das principais poboacións galegas).

✱ ✱ **Matogueiras**

Unha parte importante da superficie emerxida do Parque Nacional atópase cuberta por matogueiras de diverso tipo. Sendo dominantes as matogueiras costeiras de composición similar ás matogueiras aerohalófilas dos acantilados nas que predominan especies leñosas como o toxo (*Ulex europaeus* subsp. *latebracteatus*), *Cistus salvifolius*, *Osyryis alba*, *Asparagus* sp., *Prunus spinosa* e *Erica* spp. e fentos coma *Pteridium aquilinum*, entre outras especies, coa particularidade nas Illas Cíes da ausencia total de *Erica* spp. (MMA, 1999). Nos solos mais profundos e húmidos das Illas de Ons e Sálvora tamén aparecen queirogais húmidos, caracterizados por *Erica ciliaris* e *Cirsium filipendulum*, acompañados polo toxo (*Ulex europaeus* subsp. *latebracteatus*).

Outro tipo de matogueira presente no Parque Nacional son as xesteiras, moi escasas nas Illas Cíes e Cortegada onde están representadas pola especie *Cytisus striatus*; ditas matogueiras son máis abundantes en Ons, onde *Cytisus striatus* convive con outra xesta de grande interese *Cytisus insularis* (En Perigo de Extinción no CGEA).

As formacións de *Prunus spinosa* presentes en todos os arquipélagos do Parque Nacional sobre os solos máis profundos, aparecen en Ons e Sálvora acompañadas de *Crataegus monogyna* e *Sambucus nigra* mentres que en Cortegada *Prunus spinosa* atópase exclusivamente formando parte do estrato arbustivo (MMA, 1999).

*** * Vexetación arbórea autóctona**

Os arquipélagos de Ons, Cíes e Sálvora apenas presentan vexetación arborada autóctona, reducíndose a pequenos grupos illados de árbores (*Quercus pyrenaica*, *Betula celtiberica*, *Salix atrocinerea*, *Sambucus nigra*, *Castanea sativa* e *Laurus nobilis*, entre outros). Pola contra, a pequena Illa de Cortegada atópase maioritariamente cuberta por masas arboradas autóctonas, xa que a principios do século XX as superficies de cultivo presentes na illa foron abandonadas, e colonizadas por especies arbóreas. Aparecendo bosques de carballos (*Quercus robur*, *Q. pyrenaica*), mesturados con loureiro (*Laurus nobilis*), *Crataegus monogyna*, salgueiros (*Salix atrocinerea*) e algúns exemplares de e castiñeiros (*Castanea sativa*). As formacións de loureiros de Cortegada, asociadas a solos húmidos, teñen unha grande importancia para a conservación debido á súa escaseza sendo o de Cortegada o laural de maior extensión da Península Ibérica (MMA, 1999). No illote de Malveira Grande cabe salientar a presenza dunha formación de carballeira costeira dominada por *Quercus pyrenaica*, ao que acompañan algún loureiro (*Laurus nobilis*) e *Crataegus monogyna*.

*** * Vexetación acuática**

Entre a vexetación acuática presente no Parque Nacional pódese diferenciar a vexetación de marisma, e a Vexetación de auga doce, esta última ten unha baixa presenza atopándose principalmente na Illa de Sálvora nas pequenas charcas próximas a fontes. A vexetación de marisma componse de comunidades vexetais influenciadas directamente polo mar, onde as elevadas concentracións de sal son o principal condicionante, este tipo de vexetación está presente unicamente no arquipélago das Illas Cíes, na zona do Lago, e no arquipélago de Cortegada, nos illotes de Briñas e Malveira Chica onde é a vexetación dominante (MMA, 1999).

As oscilacións das mareas provocan a distribución en franxas da vexetación en función do grao de inmersión (Gutián & Gutián, 1990). Na franxa mergullada, presente só na lagoa de Cíes, viven dúas especies de plantas con flor *Zostera marina* (permanentemente mergulladas) e *Zostera noltii* (afloran á superficie na baixamar). Tanto o arquipélago de Cíes como o de Cortegada presentan vexetación parcialmente mergullada pertencente á seguinte cintura de vexetación; plantas típicas desta franxa son *Halimione portulacoides*, *Salicornia ramosissima* e *Sarcocornia perennis*. Nas beiras do Lago de Cíes e tamén en Cortegada, crece una comunidade adaptada aos altos contidos de sal e nitratos, ligada a restos orgánicos que deposita o mar, *Elytrigia atherica*, *Agrostis stolonifera* e *Suaeda maritima*. Finalmente na parte alta destas zonas instálase unha xunqueira de *Juncus maritimus* (Gutián & Gutián, 1990; Izco et al., 1992; MMA, 1999).

3.2.8 Fauna

O complexo insular atlántico de Galicia presenta un grande interese biolóxico polas peculiares características que ostentan as súas comunidades de fauna que nelas habitan, por canto moitas das súas especies son exclusivas do medio insular e algunhas delas se diferenciaron subespecificamente, das correspondentes continentais, constituíndo interesantes endemismos insulares (MMA, 1999). O conxunto de ecosistemas existentes no Parque Nacional, tanto a nivel marítimo como continental, alberga unha elevada diversidade de especies. Esta situación vese reflectida en numerosos estudos e traballos de carácter científico realizados sobre a área do Parque Nacional en relación á fauna que nel habita (Armegual, 2004; Cobos, 2009; Domínguez *et al.*, 2003a, 2003b; Galán, 2000, 2003, 2007; Novoa *et al.*, 1998; Novoa *et al.*, 1999; Peña & Bárbara, 2006, 2008; entre outros).

O grao de coñecemento da fauna dos diferentes grupos no Parque Nacional é variable. En termos xerais e a semellanza do que acontece en todo o contexto europeo, os datos sobre distribución e ecoloxía da fauna de vertebrados, e en especial aqueles de carácter continental, superan moi amplamente os que se dispoñen para o conxunto dos invertebrados, para o que se carece mesmo dunha estimación fiable do número de especies presentes en España (Ramos *et al.* 2002). De tódolos xeitos tamén existe unha profusa documentación relativa ás especies que poboan o medio mariño do Parque Nacional. Débese ter en conta tamén a especial vulnerabilidade daquelas poboacións que viven en medios insulares.

En base ás distintas fontes bibliográficas existentes, este territorio proporciona refuxio a numerosas poboacións faunísticas de gran valor natural como consecuencia da interacción entre as características orográficas e as diversas comunidades vexetais presentes no mesmo. Así, chéganse a contabilizar no territorio máis de 500 especies de vertebrados, das cales máis do 60% se corresponden con ictiofauna debido ao carácter eminentemente oceánico do territorio.

Distribución de especies de fauna no Parque Nacional




Figura 5.- Distribución de familias e especies de fauna no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

* Invertebrados

En xeral o grupo dos invertebrados é o menos estudado dada a complexidade de abordar traballos neste amplo grupo, tanto no medio continental coma no mariño. A pesar da complexidade que presenta afondar no coñecemento do grupo de invertebrados, no Parque Nacional inventariáronse un total de preto de 1.200 taxóns, o que supón o 61% das especies de fauna identificadas.

A maior parte das especies de invertebrados presentes no Parque Nacional correspóndense con macroinvertebrados mariños [69%], abundando os poliquetos, crustáceos, moluscos e equinodermos. Algunhas destas especies supoñen importantes recursos marisqueiros, como o mexillón (*Mytilus galloprovincialis*), o berberecho (*Cerastoderma edule*), a ameixa rubia (*Venerupis rhomboides*), o polbo (*Octopus vulgaris*), a lura (*Loligo vulgaris*), a centolla (*Maja esquinado*) ou o percebe (*Pollicipes cornucopia*), entre outras.

Entre a importante biodiversidade de macroinvertebrados hai que destacar o papel do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia na súa protección e conservación, albergando poboacións de invertebrados ameazadas e protexidas tanto a nivel internacional, estatal e autonómico. Entre estas especies destacan 4 taxóns mariños estritamente protexidos de acordo co Convenio de Berna, ao estar recollidas no seu anexo II, (*Charonia lampas* subsp. *lampas*, *Pholas dactylus*, *Ranella olearia* e *Schilderia achatidea*). Nas augas do Parque Nacional tamén se atopa o ourizo de mar, *Echinus esculentus*, e a gorgonia branca, *Eunicella verrucosa*, (Castiñeira, 2005; Aguilar *et al.*, 2009b), vulnerables no CGEA. Polo que respecta aos invertebrados protexidos de carácter continental, 4 atópanse recollidos no Convenio de Berna e na Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), a babosa *Geomalacus maculosus*, o lepidóptero *Euphydryas aurinia*, así como os coleópteros *Cerambyx cerdo* e *Lucanus cervus*.

Invertebrados protexidos							
Grupo	Filo	Especie	Berna	DC92/43/CEE	RD139/2011	D88/2007	
Invertebrados	Annelida	<i>Hirudo medicinalis</i>		V			
	Arthropoda	<i>Cerambyx cerdo</i>	II	II,IV	PE	V	
		<i>Euphydryas aurinia</i>	II	II	PE		
		<i>Lucanus cervus</i>	III	II	PE		
		<i>Zerynthia rumina</i>				E	
	Cnidaria	<i>Eunicella verrucosa</i>				V	
	Echinodermata	<i>Echinus esculentus</i>				V	
	Mollusca	<i>Bolma rugosa</i>					E
		<i>Charonia lampas lampas</i>	II			PE	
		<i>Geomalacus maculosus</i>	II	II,IV		PE	V
		<i>Nucella lapillus</i>				PE	
		<i>Patella ulyssiponensis</i>				PE	
		<i>Pholas dactylus</i>	II				
		<i>Ranella olearia</i>	II				
		<i>Schilderia achatidea</i>	II				

Convenio de Berna (1979) relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa [Berna]: Especie de fauna estritamente protexida [II].

Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e de fauna e flora silvestres [DC92/43/CEE]: Especie de interese comunitario para a conservación do cal é necesario designar zonas de especial conservación [II]. Especie de interese comunitario que requiren unha protección estrita [IV]. Especie de interese comunitario a recollida da cal na natureza e a explotación da cal pode ser obxecto de medidas de xestión [V].

Real Decreto 139/2011 do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEE) [RD139/2011]: Especie incluída na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e non recollida no CEEA [PE]. En Perigo de Extinción no CEEA [En]. Vulnerable no CEEA [V].

Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Especie En Perigo de extinción [E]. Especie Vulnerable [V].

Táboa 6.- Invertebrados protexidos na área do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

* Vertebrados

Os vertebrados son o grupo de especies máis estudado e sobre o que existe unha maior documentación no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, a súa presenza nesta área estivo condicionada á evolución climática e a súa posición xeográfica, existindo unha predominancia do medio mariño e cun medio terrestre constituído por illas e illotes. As características climáticas do noroeste ibérico no momento do aumento do nivel do mar permitiron o mantemento de poboacións termófilas de vertebrados nas illas que compoñen o Parque Nacional, quedando illada da continental no caso da fauna terrestre non voadora. Dende o punto de vista biolóxico, débese ter en conta que os medios insulares posúen un grande interese polas condicións bióticas e abióticas singulares nas que viven. Aínda que podería pensarse que o Parque Nacional posúe unha biodiversidade de vertebrados terrestres relativamente baixa, dada a súa reducida superficie emerxida, a realidade é que se contabilizan un importante número de especies de vertebrados. Contabilizándose máis de 500 especies, a maior parte correspondentes aos peixes (61%). A modo de resumo no territorio do parque rexístrase a presenza de 307 especies de peixes, 3 especies de anfibios, 11 de réptiles, 143 de aves e 38 mamíferos. Estas especies repártense en ao redor de 180 familias.

Tendo en conta as cifras anteriores, é posible contrastar o número de especies de vertebrados no Parque Nacional fronte ao dos países membros da Unión Europea. Esta comparación pode servir como medida indicativa da importancia do Parque Nacional para o mantemento da biodiversidade do territorio (ante a ausencia de datos contrastados a nivel europeo referidos á ictiofauna, se excluíu este grupo dos cálculos totais). O número total de vertebrados no Parque Nacional excluindo os peixes é de 196 especies, cifra que non supera en ningún caso a calquera dos Estados da Unión Europea. Esta cifra corresponderíase con practicamente o 25% das especies citadas para o Estado Español, que é o que presenta unha maior riqueza na clasificación europea. Por outra parte, atendendo aos resultados do Índice de Diversidade (N° especies territorio/logaritmo da área), o Parque Nacional lideraría a clasificación cun valor de 182, unha cifra que supera amplamente os Estados da Unión Europea cun maior índice: Malta (171), España (137) e Italia (136). Estes datos acreditan a importante riqueza específica de vertebrados no Parque Nacional, tendo en conta a reducida superficie continental desta en comparación coa dos Estados membros da Unión Europea.




Figura 6.- Diversidade de vertebrados (N° especies territorio/logaritmo da área) no Parque Nacional e nos 27 Estados Membros da Unión Europea (excluídos peixes).

Vertebrados						Total (*)	Riqueza	Diversidade
Territorio	Peixes	Anfibios	Réptiles	Aves	Mamíferos			
Parque Nacional	307	3	11	143	38	195	-	182
España	1.069	34	65	557	128	784	4,0	137
Francia	-	38	38	554	142	772	3,9	135
Italia	-	42	50	531	123	746	3,8	136
Reino Unido	-	17	8	591	90	706	3,6	131
Alemania	-	23	14	500	117	654	3,3	118
Grecia	-	22	55	441	106	624	3,2	122
Suecia	-	13	6	476	81	576	2,9	103
Polonia	-	17	9	446	99	571	2,9	104
Países Bajos	-	17	7	455	88	567	2,9	125
Austria	-	20	15	427	100	562	2,9	114
Portugal	-	20	30	405	104	559	2,9	113
Dinamarca	-	15	7	451	74	547	2,8	118
Bulgaria	-	17	33	395	101	546	2,8	108
Bélgica	-	17	8	430	79	534	2,7	119
Irlanda	-	3	1	461	60	525	2,7	108
Finlandia	-	4	5	447	69	525	2,7	96
Rumania	-	19	24	379	101	523	2,7	98
Eslovenia	-	21	25	373	97	516	2,6	120
República Checa	-	21	11	399	82	513	2,6	105
Hungría	-	18	16	394	82	510	2,6	103
Eslovaquia	-	19	12	359	87	477	2,4	102
Chipre	-	3	24	380	33	440	2,2	111
Lituania	-	11	7	343	66	427	2,2	89
Letonia	-	12	7	341	63	423	2,2	88
Malta	-	2	7	388	26	423	2,2	171
Estonia	-	10	6	339	63	418	2,1	90
Luxemburgo	-	14	7	294	55	370	1,9	106

No total de vertebrados exclúíronse os peixes (*). Nº especies territorio/ Nº de especies Galicia [Riqueza]. Índice de diversidade: Nº especies territorio/logaritmo da área. [Diversidade]. Fonte Galicia: Penas Patiño & Piñeiro Seage, 1989; SGHN, 1995; Hervella & Caballero, 1999; Galán, 2000, 2001, 2003, 2006, 2007; CEMMA 2000a, 2000b, 200c, 2002, 2003a, 2003b, 2004, 2005; Doadrio (ed.), 2001; Pleguezuelos *et al.* (eds.), 2002; Martí & Del Moral, 2002, 2003; Palomo & Gisbert (eds.), 2002; Domínguez *et al.* 2003a; Penas Patiño *et al.*, 2004; CMA, 2005; Del Moral & Molina (Dir.), 2007; MARM, 2008. Fonte Países Europeos: Doadrio (ed.) 2001 Temple & Cox, 2009; Cox & Temple 2009; Lepage 2010; Temple & Terry 2007.

Táboa 7.- Riqueza e diversidade de vertebrados no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e nos 27 Estados membros da Unión Europea.

* * Ictiofauna

A importancia do medio mariño no caso do grupo dos vertebrados é tamén evidente, do mesmo modo que o é para outros grupos xa comentados como a flora e os invertebrados. No caso dos peixes, o seu interese é tanto dende o punto de vista ecolóxico como pesqueiro.

Algúns exemplos de especies presentes nas augas do Parque Nacional con interese pesqueiro son os sargos (*Diplodus vulgaris*), pintos e maragotas (*Labrus bergylta*), robalizas (*Dicentrarchus labrax*), raias (*Raja* spp.), pintarroxas (*Scyliorhinus canicula*), entre outras. Así mesmo, a ictiofauna do Parque Nacional proposta alberga especies protexidas a nivel internacional e Europeo. Atópanse incluídas no Anexo II do Convenio de Berna como especies estritamente protexidas o sáballo (*Alosa alosa*) e a saboga (*Alosa fallax*). Por outra parte como especies de interese comunitario poden atopar no Parque Nacional tres especies, as dúas citadas anteriormente e a tamén anadroma *Petromyzon marinus* (lamprea). Ademais das mencionadas especies nas augas do Parque Nacional poden atoparse dúas especies de Góbidos (*Pomatoschistus microps* e *P. minutus*) recollidas no Anexo III do Convenio de Berna presentes nos medios intermareais e estuarinos e dúas especies de cabaliños de mar (*Hippocampus hippocampus* e *H. ramulosus*) incluídas na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (RD139/2011).

Ictiofauna protexida						
Grupo	Filo	Especie	Berna	DC92/43/CEE	RD139/2011	D88/2007
Peixes	Cupleidae	<i>Alosa alosa</i>	II	II, V		
		<i>Alosa fallax</i>	II	II, V		
	Gobiidae	<i>Pomatoschistus microps</i>	III			
		<i>Pomatoschistus minutus</i>	III			
	Petromyzontidae	<i>Petromyzon marinus</i>	III	II		
	Syngnathidae	<i>Hippocampus hippocampus</i>			PE	
		<i>Hippocampus ramulosus</i>			PE	

Convenio de Berna (1979) relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa [Berna]: Especie de fauna estritamente protexida [II]. Especie de fauna protexida [III].
Directiva 92/43/CEE do Consello de 21 de maio de 1992 relativa a la conservación de los hábitats naturais e de fauna e flora silvestres [DC92/43/CEE]: Especie animal de interese comunitario para que a súa conservación é necesario designar zonas de especial conservación [II]. Especie animal de interese comunitario que requiren unha protección estrita [IV]. Especie animal de interese comunitario a recollida da cal na natureza e a súa explotación poden ser obxecto de medidas de xestión [V].
Real Decreto 139/2011 de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas [RD139/2011]: Especie incluída na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. En Perigo de Extinción no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEE) [En]. Vulnerable no I CEEA [V].
Decreto 88/2007 de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas [D88/2007]: Especie En Perigo de Extinción [E]. Especie Vulnerable [V].

Táboa 8.- Ictiofauna protexida presente na área do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

* * Herpetofauna

A existencia de ambientes húmidos ligados a areas, así como zonas de matogueira e rochedos posibilita un presenza importante de especies de anfibios e réptiles no Parque Nacional, coa peculiaridade de sustentar poboacións insulares, o que dende o punto de vista científico e ecolóxico representa un gran interese, xa que as illas son considerados medios fráxiles que soportan mal a alteración humana e en consecuencia a fauna debe crear sistemas de adaptación a este medio.

O conxunto da herpetofauna do Parque Nacional, 3 especies de anfibios e 11 de réptiles, se atopa na súa totalidade protexido por algún instrumento internacional, ben sexa por incluírse nalgún dos anexos do Convenio de Berna, da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) ou a recollerse nalgún dos Catálogos de Especies Ameazadas (Español e Galego). Entre os anfibios destaca a presenza de endemismos ibéricos como o sapo raxado (*Discoglossus galganoi*) ou o limpafontes común (*Lissotriton boscai*). Mentres que entre os réptiles terrestres destacarían o esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*) e a lagartixa galega (*Podarcis bocagei*).

No Parque Nacional tamén é posible atopar réptiles mariños. Diferentes especies de quelónidos visitan as augas mariñas, con especial interese aparece a tartaruga mariña común (*Caretta caretta*) e a tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*), a primeira tipificada como prioritaria de acordo á Directiva Hábitat e a última considerada En Perigo de Extinción de acordo co Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Non obstante as tartarugas mariñas presentes nas augas do Parque non realizan postas de ovos nas costas galegas, e polo tanto tampouco no Parque Nacional.

Herpetofauna protexida						
Grupo	Familia	Especie	Berna	DC92/43/CEE	RD139/2011	D88/2007
Anfibios	<i>Discoglossidae</i>	<i>Discoglossus galganoi</i>	II	II,IV	PE	V[2]
	<i>Salamandridae</i>	<i>Lissotriton boscai</i>	III		PE	V[2]
		<i>Salamandra salamandra</i>	III			V[2]
Reptiles	<i>Anguidae</i>	<i>Anguis fragilis</i>	III		PE	V[2]
	<i>Chelonidae</i>	<i>Caretta caretta</i>	II	II*,IV	Vu	V
	<i>Colubridae</i>	<i>Coronella girondica</i>	III		PE	
		<i>Natrix maura</i>	III		PE	V[2]
		<i>Rhinechis scalaris</i>	III		PE	V[2]
	<i>Dermochelyidae</i>	<i>Dermochelys coriacea</i>	II	IV	PE	E
	<i>Lacertidae</i>	<i>Podarcis bocagei</i>	III			
		<i>Podarcis hispanica</i>	III		PE	
		<i>Timon lepidus</i>	II		PE	V[2]
	<i>Scinidae</i>	<i>Chalcides bedriagai</i>	II	IV	PE	E[3]/V
		<i>Chalcides striatus</i>	III		PE	

Convenio de Berna (1979) relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa [Berna]: Especie de fauna estritamente protexida [III]. Especie de fauna protexida [III].
Directiva 92/43/CEE del Consello de 21 de maio de 1992 relativa a la conservación de los hábitats naturais e de fauna e flora silvestres [DHAB]: Especie animal de interese comunitario para que a súa conservación é necesario designar zonas de especial conservación [II]. Especie animal de interese comunitario que requiren unha protección estrita [IV]. Especie animal de interese comunitario a recollida da cal na natureza e a súa explotación poden ser obxecto de medidas de xestión [V].
Real Decreto 139/2011 de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas [RD 139/2011]: Especie incluída na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. En Perigo de Extinción no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEE) [En]. Vulnerable no I CEEA [V]
Decreto 88/2007 de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas [D 88/2007]: Especie En Perigo de Extinción [E]. Especie Vulnerable [V]

Taboa 9.- Herpetofauna protexida na área do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

*** Aves

O caso da avifauna do Parque Nacional tamén representa un notable interese habida conta da importancia deste espazo nos pasos migratorios, tanto pola presenza de aves mariñas, asociadas a lagoas salinas como a medios dunares e de acantilado. No territorio do Parque Nacional se estiman que se atopan presentes en torno a 143 especies de aves das cales 123 se consideran de interese para a conservación (25 incluídas no anexo I da Directiva Aves, DC 2009/147/CE).

As colonias reprodutoras de aves mariñas constitúen un dos valores naturais mais destacados do Parque Nacional, en base ás cales as Illas Cíes e Ons foron consideradas Areas de Importancia para as Aves (IBA; Viada, 1998) e declaradas ZEPA en virtude da Directiva 79/409/CEE (Mouriño, 2005). Segundo se desprende dos censos de invernada de aves acuáticas de España (Martí & Del Moral, 2002) o Parque Nacional constituiría unha das maiores concentracións de aves a nivel nacional, destacando as poboacións de gaivota patiamarela (*Larus cachinnans*), que chegaron a superar os 24.000 exemplares, as de corvo mariño moñudo (*Phalacrocorax aristotelis*) ata 1.291 individuos, e as de virapedras común (*Arenaria interpres*) (máis de 500 exemplares). Traballos recentes sobre as colonias de aves nidificantes no Parque (Dominguez *et al.*, 2003; Mouriño, 2005) elevan estas cifras contabilizando ata 30.000 parellas de gaivota patiamarela, ás que habería que engadir as 2.055 parellas reprodutoras de corvo mariño moñudo, e en menor medida especies migratorias como: o paíño común (*Hydrobates pelagicus*), ánade real (*Anas platyrhynchos*), a gavita (*Haematopus ostralegus*), pillara papuda (*Charadrius alexandrinus*), o mazarico (*Numenius arquata*) ou gaivota escura (*Larus fuscus*).

A importancia do Parque Nacional en relación coa avifauna queda reflectida se comparamos as cifras de poboación mundial de gaivota patiamarela, xa que o Parque, supón entorno ao 7-10% da

poboación mundial, e o 30% da poboación española (Domínguez *et al.*, 2003; Martín & Del Moral, 2003; Mouriño, 2005), mentres que a poboación de corvo mariño moñado do Parque Nacional se estima que representa o 3% da poboación mundial e o 78% da poboación atlántica española.

Aves Acuáticas				
Orden	Familia	Nome común	PN	M
Gaviiformes	Gaviidae	Mobellas	4	4
Podicipediformes	Podicipedidae	Mergullóns	3	22
Pelecaniformes	Pelecanidae	Pelicanos	0	7
	Phalacrocoracidae	Corvos mariños	2	39
	Anhingidae	Aninguidos	0	2
Ciconiiformes	Ardeidae	Garzas, garzotas	3	60
	Balaenicipitidae		0	1
	Scopidae	Picomartelo	0	1
	Ciconiidae	Cegoñas	1	19
	Threskiornithidae	Mazaricos, cullereiro, íbises	0	32
Phoenicopteriformes	Phoenicopteridae	Flamingos	0	5
Anseriformes	Anhimidae		0	3
	Anatidae	Ánsares, gansos, patos	11	147
Gruiformes	Pedionomidae		0	1
	Gruidae	Grullas	0	15
	Aramidae		0	1
	Rallidae	Rascóns, galiñolas	2	133
	Helionithidae		0	3
	Eurypygidae		0	1
Charadriiformes	Jacaniidae	Jacanas	0	8
	Rostratulidae		0	2
	Dromadidae		0	1
	Haematopodidae	Gabitas	1	7
	Ibidorhynchidae		0	1
	Recurvirostridae	Patudas, avocetas	1	13
	Burhinidae	Pemileriros	1	9
	Glareolidae	Canasteras	0	16
	Charadriidae	Pillaras, avefrías	5	64
	Scolopacidae	Pilros, pilriño, liorteiros, becacinas, mazaricos, arceas, biluricos, falaropos	13	86
	Thinocoridae		0	4
	Laridae	Gaivotas, carráns	14	90
	Rhynchopidae	Rincópidos	0	3
	Total familias		13	32
	Total especies		61	796

Táboa 10.- Ordes e familias de aves acuáticas (segundo Rose & Scott, 1997). Indicando o número de especies **[PN]** a nivel do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas e **[M]** a nivel mundial. (Domínguez *et al.*, 2003 a, 2006; Del Moral & Molina, 2007; MARM, 2008)

De acordo con Rose & Scott (1997) hai 32 familias de aves acuáticas, cun total de case 800 especies a nivel mundial. Esta listaxe xera algunhas distorsións, como a consideración de aves acuáticas de alcaraváns ou determinadas especies de aves mariñas, ou a exclusión desta tipoloxía da familia Alcedinidae (picapeixes), dalgunhas rapaces diúrnas e nocturnas ligadas a zonas húmidas e dos passeriformes de carrizal. A pesar destes inconvincentes, de acordo co criterio de Rose & Scott (1997), 13 familias de aves acuáticas teñen presenza no Parque Nacional (máis do 40% das familias a nivel mundial), presentando un total de 61 especies, o que supón algo preto do 8% de aves acuáticas a nivel mundial.

Entre estas especies poden citarse algunhas das que están recollidas en instrumentos legais de protección como a Directiva Aves (DC 2009/147/CE), o Convenio de Berna, a Convención de Bonn ou os Catálogos Español e Galego de Especies Ameazadas, a pillara papuda (*Charadrius alexandrinus*),

os colimbos (*Gavia arctica*, *Gavia immer* e *Gavia stellata*), ou a pardela balear (*Puffinus mauretanicus*), especie tipificada como En Perigo de extinción nos Catálogos Español e Galego de Especies Ameazadas.

Aínda que o medio terrestre do Parque Nacional non é o preponderante, tamén se atopan presentes un conxunto numeroso de especies de carácter continental. De especial interese poden citarse diferentes rapaces como a gatafornela (*Circus cyaneus*), a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), ou o falcón peregrino (*Falco peregrinus*).

*** * Mamíferos**

A pesares da reducida superficie emerxida do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, identificáronse nel ata 38 especies de mamíferos das cales 12 poden considerarse continentais e 26 mariñas.

Mamíferos					
Continentais			Mariños		
Familia	Nome común	PN	Familia	Nome común	PN
<i>Erinaceidae</i>	Ourizo	1	<i>Balaenidae</i>	Baleas	1
<i>Leporidae</i>	Coello	1	<i>Balaenopteridae</i>	Rorcual	5
<i>Muridae</i>	Cortas, ratas, ratos	4	<i>Delphinidae</i>	Golfiños	10
<i>Mustelidae</i>	Londras	1	<i>Kogiidae</i>	Cachalotes	1
<i>Rhinolophidae</i>	Morcegos	1	<i>Phocidae</i>	Focas e elefantes mariños	5
<i>Soricidae</i>	Musarañas	1	<i>Phocoenidae</i>	Toniñas	1
<i>Talpidae</i>	Teipas	1	<i>Physeteridae</i>	Cachalotes	1
<i>Vespertilionidae</i>	Morcegos	2	<i>Ziphiidae</i>	Caldeirón	2
Total familias		9	Total familias		8
Total especies		12	Total especies		26

Táboa 11.- Número de especies de Mamíferos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas distribuídos por familias.

No relativo ás especies propias dos medios continentais o Parque Nacional non presenta unha notable biodiversidade. Non obstante, dende o punto de vista da conservación teñen especial interese os morcegos de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*), o morcego espertello (*Eptesicus serotinus*), así como a londra (*Lutra lutra*). Todos estes mamíferos terrestres son considerados de interese comunitario de acordo á Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) e estritamente protexidas de acordo co Convenio de Berna, ao recollerse no seu Anexo II.

O grupo dos cetáceos reúne unhas 75 especies. Grazas aos traballos realizados en Galicia a partir dos anos 70 pola Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), e continuada despois de 1990 pola Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA), foi posible obter información dos avistamentos e varamentos de cetáceos. Identificando mais de 20 especies de cetáceos nas augas de Galicia, sendo o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia un lugar frecuente onde é posible realizar avistamentos destes mamíferos. Do mesmo modo, aínda que cunha menor regularidade, é posible encontrar diferentes especies de pinnípedos, a lobo mariño (*Phoca vitulina*) ou a foca gris (*Halichoerus grypus*), que se desprazan dende as súas colonias reprodutoras do Mar do Norte e das costas de Inglaterra e Irlanda; ou a foca de capelo (*Cystophora cristata*), a barbuda (*Erignathus barbatus*) ou a ocelada (*Phoca hispida*), estas últimas aínda menos frecuentes que as anteriores.

En conxunto pódese considerar o espazo costeiro de Galicia e polo tanto, o ligado ao Parque Nacional, como o de maior diversidade, en canto á presenza de grandes vertebrados mariños no Sur

de Europa (cetáceos e réptiles mariños), despois da costa insular de Canarias. De todas estas especies algunhas son comúns e residentes, outras estacionais, temporais ou esporádicas, e a súa distribución non é uniforme (cf. López *et al.*, 2002, 2003b, 2003 c, 2004, 2010; Aguilar *et al.*, 2009a).

As especies de cetáceos que se poden observar máis frecuentemente no Parque Nacional son o delfín mular (*Tursiops truncatus*), a marsopa común (*Phocoena phocoena*), o delfín común (*Delphinus delphis*) e o caldeirón de aleta longa (*Globicephala melas*). A totalidade dos mamíferos mariños con presenza no Parque Nacional atópanse protexidos por algún tipo de normativa como o Convenio de Berna, o Convenio de Bonn sobre conservación das especies migratorias de animais silvestres, o Catálogo Español de Especies Ameazadas ou o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

3.2.9 Recursos culturais

A riqueza patrimonial dos territorios que compoñen o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é moi variada xa que non solo se compón de elementos construtivos e restos de distintas épocas, senón que tamén inclúe elementos culturais que se poderían denominar como patrimonio etnográfico ou antropolóxico e que se atopa sustentado pola sociedade local, pasando dunha xeración a outra, permitindo que hoxe en día se manteñan diversas actividades artesanais.

Dito patrimonio cultural non só se atopa aloxado nos medios terrestres senon que tamén se atopa espaxado por todo o litoral; xa que este foi utilizado como vía de navegación dende a antigüidade, circulando por el os romanos, xermanos, normandos, árabes, barcos do Imperio Español, ingleses, franceses, etc. deixando consigo un importante legado cultural baixo as augas do Parque Nacional.

No tocante ao **patrimonio arqueolóxico**, sinalar que na maior parte dos territorios do Parque Nacional atopáronse restos prerrománicos (Fernández de la Cigüña 1989, 1991a, 1991b; Pazos Pérez 2002). Os restos máis antigos atopados nos territorios do Parque Nacional localízanse principalmente nos arquipélagos de Cíes e Ons, entre eles destacan un altar druídico ou ara de sacrificios de idade indeterminada localizado na aba sueste do Montefaro en Cíes así como bifaces líticas e certos elementos utilizados no marisqueo e na pesca.

Destacan na Illa de Ons a existencia de varios petroglifos de diferentes tamaños, formas e estado de conservación; dous deles se localizan na zona do Chan da Pólvora e un terceiro en A Laxe (Ballesteros 2009). Nos territorios do Parque Nacional localízanse tamén restos de poboados castreños; entre os que destacan o Castro das Hortas situado na aba sur do Monte Faro no arquipélago de Cíes, o Castro de Mouros ou "Castelo dos Mouros" localizado nas abas orientais e setentrionais do Alto da Altura, na parte Sur da Illa de Ons e o Castro da Cova da Loba situado na zona norte da Illa de Ons.

En relación aos restos da cultura romana no Parque Nacional se atoparon vestixios da súa presenza como restos de cerámica e varias ánforas datables, en liñas xerais, ao longo da primeira metade do século I, especialmente no arquipélago de Cortegada, que aparece xa mencionada por Plinio co nome de *Corticata* (Ballesteros 2009). Por outra parte, algúns autores relacionan as lendarias Casitérides cos diferentes grupos de illas galegas dispaes, afastadas e hetereoxéneas, como Cíes, Ons, Onza, Sálvora, Arousa e O Grove.

Ademais dos restos arqueolóxicos anteriormente sinalados, o **patrimonio histórico artístico e etnográfico** do Parque Nacional componse tanto de mostras de arquitectura relixiosa coma de arquitectura civil, destacando especialmente o patrimonio etnográfico, representado a través de numerosas construcións propias da cultura rural tradicional, tanto residencial, como relacionada co

armazenamento das colleitas, os animais ou as edificacións para albergar actividades artesanais como "muíños", fontes, lavadoiros,...

O Arquipélago de Cíes acolle diversas construcións que reflicten a presenza do home nas illas en momentos concretos da historia. Entre estes elementos pódense destacar (Fernández de la Cigoña 1991a, 1991b, Varela Parapar *et al.*, 1999 e Vilas *et al.*, 2005) a Capela da Virxe do Carmen na Illa de Monteagudo, o Convento de Santo Estevo na Illa de San Martiño (nun primeiro momento eremitorio e posteriormente rehabilitado como Centro de Interpretación); o Almacén de artillaría construído en 1810 derivado dos diversos plans de fortificación do Arquipélago así como o cuartel de Carabineiros do Reino e un cárcere próximos á praia de Nosa Señora (Illa de Monteagudo), as antigas fábricas de salazón das Illas de Monteagudo e Sur así como diversos elementos etnográficos (ruínas do muíño de tipo Sifón na enseada de Concela, peto das Ánimas na Illa de San Martiño, cruz conmemorativa en recordo dos mortos da Ave do Mar que naufragou na Illa de San Martiño en 1956, o cemiterio, os catro faros, un na Illa Sur e tres na Illa Norte, entre outros).

A Illa de Ons, pola súa parte, a máis fértil das illas galegas e polo tanto, a que máis poboación albergou ao longo da historia, acolle diversas construcións tanto relixiosas como civís e especialmente tradicionais ou etnográficas, entre as que destacan (Besteiros, 2009; Fernández de la Cigoña, 1989, 1991 a, 1991b; Varela Parapar *et al.*, 1999 e Vilas *et al.*, 2005): o sepulcro antropomorfo localizado na praia de Area dos Cans e coñecido como "Laxe do Crego", datada na Baixa Idade Media, visible en marea baixa; o Faro de Ons construído en 1865, dúas fortificacións derivadas do intento de fortificación da illa acometido en 1810 (unha na zona de Pereiró e outra en Curro coñecida como "Castelo da Rueda"), a vella capela de San Xaquín no barrio de Canexol, a nova igrexa de San Xaquín no barrio de Curro; o Cemiterio, a casa rectoral de Canexol con diversos hórreos; as casas insulares de tipo de arquitectura popular mariñeira, diversas fontes, entre outros elementos.

O Arquipélago de Sálvora de propiedade privada durante máis de 450 anos ata épocas recentes constituíu durante un longo período de tempo una excepción no territorio galego sendo o único territorio que carecía de zona marítimo-terrestre, estando polo tanto vedado o acceso á illa e illotes adxacentes; o que se reflicte no reducido número de construcións na illa, entre elas pódense mencionar (Fernández da Cigoña, 1989, 1991a, 1991 b; Varela Parapar *et al.*, 1999 e Vilas *et al.*, 2005): a antiga aldea de Sálvora, o Pazo dos Marqueses (edificado sobre a primeira fábrica de salazón da Ría de Arousa coñecida como "O Almacén" construída en 1770), o faro (construído en 1852); a capela de Santa Catalina (antiga taberna da illa), o monumento da Serea de mar (do ano 1968 situado na Praia de "O Almacén", recorda ás mulleres que en 1921 arriscaron as súas vidas no salvamento dos naufragos do vapor correo Santa Isabel), a cruz conmemorativa dos naufragos do Santa Isabel, etc.

A Illa de Cortegada pola súa parte atópase moi influenciada pola súa situación próxima ao continente fronte á localidade de Carril, na desembocadura do Río Ulla e polo seu reducido tamaño. Non obstante, malia o seu reducido tamaño esta illa alberga construcións das diferentes épocas (Fernández de la Cigoña, 1991a; Pazos Pérez, 2002; Varela Parapar *et al.*, 1999 e Vilas *et al.*, 2005), entre elas destaca a Ermida da Virxe de Cortegada (capela anterior ao século XIV trasladada de ubicación con posterioridade, na actualidade se atopa en ruínas); restos dun mosteiro de certo tamaño; restos do hospital lazareto (data de 1652 e estivo a funcionar ata o século XVIII); ruínas dunha aldea con aproximadamente 20 vivendas; ruínas dun cuartel; diversos cruceiros como o de Punta Corveiro (que forma parte dos cruceiros levantados na vía fluvial do Camiño de Santiago, en marea ata completamente rodeado por mar), o cruceiro da capela ou o de Malveira Grande, etc.

Entre **outros tipos de caracteres etnográficos** cabe mencionar o desenvolvemento da actividade marítima dos territorios que, ademais de deixar un importante patrimonio somerxido baixo o mar, deixou un importante legado cultural co desenvolvemento de técnicas de navegación, pesca,

marisqueo e acuicultura propias e características destes territorios, entre as que destaca a dorna, embarcación típica de construción artesanal en madeira, manexada a remo ou o a vela.

A todo o anterior se engade o patrimonio cultural oral, sendo os territorios do Parque berce de numerosos mitos e lendas, vestixios dun legado cultural fortemente enraizado nun afastado pasado que ten tras si longos anos de transmisión oral. Entre os mitos e lendas que circulan polo territorio quizais sexa o da Santa Compañía o máis estendido con manifestacións case idénticas nos diferentes territorios insulares, tamén son comúns as lendas sobre a existencia de túneles que unen as illas ao continente; así como as referencias a tesouros escondidos por piratas bérberes, sevillanos, alxerianos, nórdicos, etc.; presenza de fontes de auga doce baixo o mar, etc. Non obstante, é a Illa de Sálvora o territorio no que rexistran un maior número de lendas; quizais debido a o seu un importante papel como punto estratéxico no pasado como base de operacións das incursións viquingas e sarracenas durante a Idade Media. Entre as lendas asociadas a Sálvora pódense mencionar a lenda que explica a orixe de varios dos illotes do Arquipélago; a lenda que vincula Aguiño coa Illa de Sálvora; a lenda sobre a visita de Roldán que ao parecer non morreu en Roncesvalles senón que conseguiu escapar ata a illa onde descansou sendo o fundador dunha liñaxe con grande arraigamento en Galicia: Os Mariño; entre outras lendas.

A circulación de numerosas naves das diferentes civilizacións ao longo da historia (San Claudio Santa Cruz, 2006) e a dureza do mar nestas costas fan que nos fondos mariños do territorio do Parque Nacional se atope un importante **patrimonio cultural subacuático** derivado dos naufraxios, constituído polos restos de numerosos barcos afundidos nas costas do Parque Nacional onde se atoparon dende canóns, restos de artillaría, de cerámica, áncoras líticas, numerosos pecios, etc (Conaima, 2006, San Claudio Santa Cruz 2006, Pazos Pérez 2007, Filgueira Rey 1997). A carga transportada por estes barcos naufragados fornecería aos habitantes da costa de alimentos e outro tipo de materiais dos que sacar un bo partido; a busca destes cargamentos ata ten una denominación propia: "*buscar crebasos*" (Filgueira Rey, 1997).

3.3 Hábitats de interese para a conservación

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas de Galicia alberga un total de 34 tipos de hábitats tipificados como de interese comunitario no anexo I da DC 92/43/CEE, dos cales 8 son tipificados como prioritarios: Lagoas costeiras (Nat-2000 1150*), Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises) (Nat-2000 2130*), Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*) (Nat-2000 2150*), Queirogais húmidos de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (Nat-2000 4020 *); Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis* (Nat-2000 5230*), Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do *Thero-Brachypodietea* (Nat-2000 6220*), Turberas calcáreas de *Cladium mariscus* (Nat-2000 7210*), Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Nat-2000 91E0*). Dos tipos hábitats de interese comunitario os máis numerosos son os relacionados cos medios costeiros e a vexetación halófila, onde se inventariaron 11 tipos diferentes, contando tamén cun bo número os sistemas dunares (7 tipos) incluíndo un amplo abano de subtipos, dende as dunas móbiles embrionarias ata as dunas fixas descalcificadas. Outros grupos de hábitats ben representados son as formacións herbosas naturais e seminaturais; hábitats rochosos e covas; Queirogais e matogueiras da zona temperada e matogueiras esclerófilas e bosques da Europa temperada.

Tipos de Hábitats de Interese Comunitario		
Nat-2000		Hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE
1110		Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña
1130		Esteiros
1140		Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar
1150	*	Lagoas costeiras
1160		Grandes calas e baías pouco fondas
1170		Arrecifes
1210		Vexetación anual sobre argazos
1220		Vexetación perenne de coídos
1230		Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1330		Pasteiros halófilos atlánticos
1420		Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas
2110		Dunas móbiles embrionarias
2120		Dunas móbiles litorais con <i>Ammophila arenaria</i> ("dunas brancas")
2130	*	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")
2150	*	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190		Depresións intradunares húmidas
2230		Dunas con céspedes de <i>Malcomietalia</i>
2260		Dunas con vexetación esclerófila do <i>Cisto-Lavanduletalia</i>
3110		Augas oligotróficas (<i>Littorelletalia uniflorae</i>)
3260		Ríos dos pisos basal a montano
4020	*	Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030		Queirogais secos europeos
5230	*	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220	*	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410		Prados con <i>Molinia</i>
6430		Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas
6510		Prados de sega de baixa altitude
7210	*	Turberas calcáreas de <i>Cladium mariscus</i> e do <i>Caricion davallianae</i>
8220		Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230		Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8310		Covas non explotadas polo turismo
8330		Fumas mariñas
91E0	*	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>
9230		Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i>

Táboa 12.- Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

3.4 Especies de interese para a conservación

Como especies de interese para a conservación considéranse aquelas incluídas nos Anexos II e IV da DC 92/43/CEE, as aves do Anexo I da DC 2009/147/CE, xunto ás listadas no Real Decreto 139/2011 (desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.) e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007).

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia inclúe un total de 530 taxons incluídos nos Anexos da DC 92/43/CEE e DC 2009/147/CE, no Real Decreto 139/2011 ou no Decreto 88/2007).

Entre estes taxons cómpre salientar a presenza de dous prioritarios de acordo coa DC 92/43/CEE: *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica* e a tartaruga mariña común (*Caretta caretta*). Tamén se inclúen 15 especies dentro do Anexo II da devandita Directiva e 16 no Anexo IV e 25 especies de aves do Anexo I da DC 2009/147/CE. Por outra parte, no Parque Nacional se atopan 3 taxons considerados en Perigo de Extinción polo Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e 11 taxons considerados en Perigo de Extinción polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Especies de interese para a conservación do Parque Nacional																	
	DC 92/43/CEE				DC 2009/147/CE						RD 139/2011			D 88/2007			Tot
	P	II	IV	V	1	2.A	2.B	e	3.A	3.B	En	Vu	PE	E	V	III	
Flora	1	2	2	4	-	-	-	-	-	-	1	-	2	7	2	2	12
Invertebrados	-	4	2	1	-	-	-	-	-	-	-	1	6	1	4	-	11
Peixes	-	3	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	1	-	5
Anfibios	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	-	3	-	3
Réptiles continentais	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	8	1	4	-	8
Réptiles mariños	1	1	2	-	-	-	-	-	-	-	-	1	1	1	1	-	2
Aves	-	-	-	-	25	9	23	8	2	7	2	4	88	1	7	-	123
Mamíferos continentais	-	2	4	-	-	-	-	-	-	-	-	1	3	-	1	-	4
Mamíferos mariños	-	2	4	-	-	-	-	-	-	-	-	2	2	-	2	-	4
TOTAIS	2	15	16	7	25	9	23	8	2	7	3	9	112	11	25	2	530

Directiva Hábitat [DC 92/43/CEE]: Especie Prioritaria [P] Anexo II [II]. Anexo IV [IV]. Anexo V [V]. Directiva Aves [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [e]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: En Perigo de Extinción no Catálogo Español de Especies Ameazadas [En]. Vulnerable no Catálogo Español de Especies Ameazadas [Vu]. Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas [PE]. Catálogo Galego de Especies Ameazadas [D 88/2007]: En Perigo de Extinción [E]. Vulnerable [V]. Susceptibles de aproveitamento discreto [III].

Táboa 13.- Número de especies silvestres do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia segundo o seu estatus de protección de acordo á normativa comunitaria, estatal e galega.

Entre os doce taxons de flora considerada de interese para a conservación presente no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia destaca a presenza de *Omphalodes littoralis* subsp. *Gallaecica* (especie prioritaria de acordo coa DC 92/43/CEE e en Perigo de Extinción no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas) ademais de outros seis taxons incluídos na listaxe de flora Perigo de Extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (*Bactrospora carneopallida*, *Cytisus insularis*, *Erodium maritimum*, *Lecanographa dialeuca*, *Linaria arenaria* e *Rumex rupestris*).

Entre a fauna, o grupo con maior contribución de especies de interese corresponde claramente ás aves con ata 123 especies de interese para a conservación, entre elas se pode destacar a presenza do mazarico curli (*Numenius arquata*) e a pardela balear (*Puffinus mauretanicus*) considerados en Perigo de Extinción no Catálogo Español de Especies Ameazadas.

Das once especies de invertebrados consideradas de interese para a conservación catro se atopan incluídas no anexo II da DC 92/43/CEE, todas elas figuran na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (*Cerambyx cerdo*, *Euphydryas aurinia*, *Geomalacus maculosus* e *Lucanus cervus*), mentres que no CGEA se inclúe na categoría de En Perigo de Extinción a volvoreta *Zerynthia rumina*.

Trece especies de hérpetos (anfíbios e réptiles) presentes no Parque Nacional se consideran de interese para a conservación destas destacan a presenza da tartaruga mariña común (*Caretta caretta*) considerada prioritaria pola DC 92/43/CEE e o esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*) e a tartaruga de coiro (*Dermochelys coriacea*) consideradas En perigo de Extinción polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Entre as cinco especies de peixes consideradas de interese para a conservación presentes nos territorios do Parque Nacional se atopan tres especies incluídas no anexo II da DC 92/43/CEE (o sáballo *Alosa alosa*; a saboga *Alosa fallax* e a lamprea *Petromyzon marinus*) ademais dos dous cabaliños incluídos na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (*Hippocampus hippocampus* e *Hippocampus ramulosus*).

Un conxunto de oito especies de mamíferos presentes no Parque Nacional se consideran de interese para a conservación, todos eles aparecen recollidos na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial con diferentes categorías de protección. Entre estas oito especies, catro se consideran continentais, a nutria (*Lutra lutra*) e tres quirópteros (*Eptesicus serotinus*, *Pipistrellus pipistrellus* e *Rhinolophus ferrumequinum*); e catro son mamíferos mariños (*Delphinus delphis*, *Globicephala melas*, *Phocoena phocoena* e *Tursiops truncatus*).

Especies de flora de interese para a conservación					DC 92/43/CEE		RD 139/2011	D 88/2007		
					P	II	IV	V	 C	 C
Flora										
<i>Bactrospora cameopallida</i>										E
<i>Cytisus insularis</i>										E
<i>Erodium maritimum</i>										E
<i>Lecanographa dialeuca</i>										E
<i>Linaria arenaria</i>										E
<i>Lithothamnion corallioides</i>								●		V, III
<i>Nanozostera noltii</i>									PE	
<i>Narcissus bulbocodium</i>								●		
<i>Omphalodes littoralis</i> subsp. <i>gallaecica</i>					●	●	●		En	E
<i>Phymatholithon calcareum</i>								●		V, III
<i>Rumex rupestris</i>						●	●		PE	E
<i>Ruscus aculeatus</i>								●		

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación []: Reprodutora [1]. Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEa) [PE]. Categorías do CEEa: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación []: Poboacións insulares [a], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [b], Poboacións nidificantes [c]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III].

Táboa 14.- Especies de flora de interese para a conservación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Especies de interese para a conservación

[illegible]

Táboa 15.- Especies de invertebrados, peixes e hérpets de interese para a conservación no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

3.- Memoria descriptiva

Especies de aves de interese para a conservación								DC 2009/147/CE		RD 139/2011	D 88/2007
Aves	1	2.A	2.B	E	3.A	3.B	M		C		C
<i>Accipiter gentilis</i>									PE		
<i>Accipiter nisus</i>									PE		
<i>Actitis hypoleucos</i>							●		PE		
<i>Aegithalos caudatus</i>									PE		
<i>Alauda arvensis</i>			●								
<i>Alca torda</i>							●		PE		
<i>Alcedo atthis</i>	●								PE		
<i>Anas clypeata</i>		●				●	●				
<i>Anas crecca</i>		●				●	●				
<i>Anas penelope</i>		●				●	●				
<i>Anas platyrhynchos</i>		●			●		●				
<i>Anas strepera</i>		●					●				
<i>Anthus trivialis</i>							●		PE		
<i>Apus apus</i>							●		PE		
<i>Ardea cinerea</i>							●		PE		
<i>Arenaria interpres</i>							●		PE		
<i>Branta bernicla</i>			●				●		PE		
<i>Bubulcus ibis</i>							●		PE		
<i>Buteo buteo</i>									PE		
<i>Calidris alba</i>							●		PE		
<i>Calidris alpina</i>							●		PE		
<i>Calidris canutus</i>			●				●		PE		
<i>Calidris maritima</i>							●		PE		
<i>Calonectris diomedea</i>	●								PE		
<i>Caprimulgus europaeus</i>	●								PE		
<i>Certhia brachydactyla</i>									PE		
<i>Cettia cetti</i>									PE		
<i>Charadrius alexandrinus</i>	●								PE		V
<i>Charadrius hiaticula</i>							●		PE		
<i>Circus cyaneus</i>	●								PE		V
<i>Circus pygargus</i>	●								Vu		V
<i>Cisticola juncidis</i>									PE		
<i>Clangula hyemalis</i>			●				●				
<i>Columba livia</i>		●									
<i>Columba palumbus</i>		●			●						
<i>Corvus corone</i>			●	●							
<i>Corvus monedula</i>			●	●							
<i>Delichon urbica</i>							●		PE		
<i>Dendrocopos major</i>									PE		
<i>Egretta garzetta</i>	●						●		PE		
<i>Emberiza cia</i>									PE		
<i>Emberiza cirlus</i>									PE		
<i>Erithacus rubecula</i>									PE		
<i>Falco peregrinus</i>	●								PE		
<i>Falco tinnunculus</i>									PE		
<i>Fratercula arctica</i>							●		PE		
<i>Fulica atra</i>		●				●	●				
<i>Gallinago gallinago</i>		●				●	●				
<i>Gallinula chloropus</i>			●								
<i>Garrulus glandarius</i>			●								
<i>Gavia arctica</i>	●								PE		
<i>Gavia immer</i>	●								PE		
<i>Gavia stellata</i>	●								PE		
<i>Haematopus ostralegus</i>			●				●		PE		
<i>Hippoboscus polyglotta</i>							●		PE		

Anexos da Directiva 2009/147/CE [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1], Anexo II-A [2.A], Anexo II-B [2.B], Especies do Anexo II-B referidas a España [E], Anexo III-A [3.A], Anexo III-B [3.B], Especies migratorias en Galicia non contempladas no Anexo I [M]

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [C]: Reprodutora [1], Categorias [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEa) [PE], Categorias do CEEa: En Perigo de Extinción [En], Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [C]: Poboacións insulares [a], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [b], Poboacións nidificantes [c], Categorias do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III]

Táboa 16.- Especies de interese para a conservación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

3.- Memoria descriptiva

Especies de aves de interese para a conservación							
Aves	DC 2009/147/CE						RD 139/2011
	1	2.A	2.B	E	3.A	3.B	C
<i>Hirundo rustica</i>							PE
<i>Hydrobates pelagicus</i>	○						PE
<i>Lanius senator</i>							PE
<i>Larus argentatus</i>			○				
<i>Larus cachinnans</i>			○	○			
<i>Larus canus</i>			○				PE
<i>Larus fuscus</i>			○				
<i>Larus marinus</i>			○				PE
<i>Larus melanocephalus</i>	○						PE
<i>Larus minutus</i>	○						PE
<i>Larus ridibundus</i>			○	○			
<i>Limosa lapponica</i>	○		○				PE
<i>Limosa limosa</i>			○				PE
<i>Lullula arborea</i>	○						PE
<i>Luscinia megarhynchos</i>							PE
<i>Melanitta fusca</i>			○				
<i>Melanitta nigra</i>			○			○	
<i>Mergus serrator</i>			○				
<i>Motacilla alba</i>							PE
<i>Motacilla flava</i>							PE
<i>Numenius arquata</i>			○				En
<i>Numenius phaeopus</i>			○				PE
<i>Oriolus oriolus</i>							PE
<i>Parus ater</i>							PE
<i>Parus major</i>							PE
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>							Vu
<i>Phalacrocorax carbo</i>							
<i>Phoenicurus ochruros</i>							PE
<i>Phoenicurus phoenicurus</i>							Vu
<i>Phylloscopus collybita</i>							PE
<i>Phylloscopus ibericus</i>							PE
<i>Pica pica</i>			○	○			
<i>Picus viridis</i>							PE
<i>Pluvialis apricaria</i>	○		○			○	PE
<i>Pluvialis squatarola</i>			○				PE
<i>Podiceps auritus</i>	○						PE
<i>Podiceps nigricollis</i>							PE
<i>Prunella modularis</i>							PE
<i>Puffinus griseus</i>							PE
<i>Puffinus mauretanicus</i>	○						En
<i>Puffinus puffinus</i>							Vu
<i>Puffinus yelkouan</i>	○						PE
<i>Pyrhocorax pyrrhocorax</i>	○						PE
<i>Pyrhula pyrrhula</i>							PE
<i>Regulus ignicapilla</i>							PE
<i>Rissa tridactyla</i>							PE
<i>Saxicola torquata</i>							PE
<i>Stercorarius skua</i>							PE
<i>Sterna hirundo</i>	○						PE
<i>Sterna sandvicensis</i>	○						PE
<i>Streptopelia decaocto</i>			○				
<i>Streptopelia turtur</i>			○	○			
<i>Sula bassana</i>							PE
<i>Sylvia atricapilla</i>							PE

Anexos da Directiva 2009/147/CE [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [E]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Especies migratorias en Galicia non contempladas no Anexo I [M].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [C]: Reprodutora [1]. Categorias [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEE) [PE]. Categorias do CEE: En Perigo de Extinción [En], Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [C]: Poboacións insulares [a], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [b], Poboacións nidificantes [c]. Categorias do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III].

Táboa 17.- Especies de interese para a conservación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

3.- Memoria descriptiva

Especies de aves de interese para a conservación									
Aves	DC 2009/147/CE						RD139/2011	D 88/2007	
	1	2.A	2.B	E	3.A	3.B	M	C	C
<i>Sylvia borin</i>							○	PE	
<i>Sylvia melanocephala</i>								PE	
<i>Sylvia undata</i>	○							PE	
<i>Tachybaptus ruficollis</i>							○	PE	
<i>Tachymartitis melba</i>							○	PE	
<i>Tadorna tadorna</i>							○	PE	
<i>Tringa nebularia</i>			○				○	PE	
<i>Tringa totanus</i>			○				○	PE	
<i>Troglodytes troglodytes</i>								PE	
<i>Turdus merula</i>			○						
<i>Turdus philomelos</i>			○	○					
<i>Upupa epops</i>							○	PE	
<i>Uria aalge</i>	○							PE	
<i>Vanellus vanellus</i>			○	○			○		

Anexos da Directiva 2009/147/CE [DC 2009/147/CE]: Anexo I [1]. Anexo II-A [2.A]. Anexo II-B [2.B]. Especies do Anexo II-B referidas a España [E]. Anexo III-A [3.A]. Anexo III-B [3.B]. Especies migratorias en Galicia non contempladas no Anexo I [M].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación [C]:Reprodutora [1]. Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEa) [PE]. Categorías do CEEa: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación [C]: Poboacións insulares [a], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [b], Poboacións nidificantes [c]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E]. Vulnerable [V]. Susceptibles de aproveitamento discreto [III].

Táboa 18.- Especies de interese para a conservación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Especies de mamíferos de interese para a conservación									
Mamíferos	DC 92/43/CEE				RD 139/2011	D 88/2007			
	P	II	IV	V	 C	 C			
<i>Delphinus delphis</i>			○		PE				
<i>Eptesicus serotinus</i>			○		PE				
<i>Globicephala melas</i>			○		PE				
<i>Lutra lutra</i>		○	○		PE				
<i>Phocoena phocoena</i>		○	○		Vu		V		
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>			○		PE				
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>		○	○		Vu		V		
<i>Tursiops truncatus</i>		○	○		Vu		V		

Anexos da Directiva 92/43/CEE [DC 92/43/CEE]: Especie prioritaria [P], Anexo II [II], Anexo IV [IV], Anexo V [V].

Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [RD 139/2011]: Información referente á catalogación []:Reprodutora [1]. Categorías [C]: Especie en Réxime de Protección Especial non recollida no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA) [PE]. Categorías do CEEA: En Perigo de Extinción [En]. Vulnerable [Vu].

Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) [D 88/2007]: Información referente á catalogación []: Poboacións insulares [a], Poboacións insulares e da provincia de A Coruña [b], Poboacións nidificantes [c]. Categorías do CGEA [C]: En Perigo de Extinción [E], Vulnerable [V], Susceptibles de aproveitamento discreto [III].

Táboa 19.- Especies de mamíferos de interese para a conservación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

4. Usos e aproveitamentos

A configuración actual dos usos da terra nos territorios do Parque Nacional presenta unha certa diversidade, derivada da existencia de áreas concretas con condicións moi específicas debido á insularidade destes territorios, nos que, á súa vez, se foron acentuando certas peculiaridades, modeladas por un aproveitamento humano desigual, a orixe do cal se remonta a épocas prehistóricas. Os territorios máis favorables climaticamente e cunha superficie suficiente acolleron poboación ao menos dende o Neolítico (5.500 aC), non obstante ao longo da historia a presenza de habitantes nestes territorios experimentou numerosas flutuacións debido fundamentalmente á presenza de incursións de pobos estranxeiros nas costas galegas, e ás diferenzas no nivel de vida con respecto aos territorios continentais veciños. O devir histórico, diferente nos diversos arquipélagos, conduciu na actualidade a distintas configuracións dos usos do territorio.

No relativo á dinámica histórica contemporánea das **Illas Cíes**, cabe salientar que tras un pasado de grande inestabilidade social con grandes períodos sen poboación nas illas, foron obxecto de varios plans de fortificación nos inicios do século XIX; proporcionando unha situación de maior confianza ás poboacións do litoral veciño; o que promoveu a repoboación e instalación de novas actividades económicas no arquipélago (fundamentalmente relacionadas coa industria do salazón). Nesta etapa o modo de vida dos habitantes (arredor dunhas 30 familias, Varela Parapar *et al.* 1999) fundamentouse nunha agricultura e pesca de autoconsumo, e ocupacións como coidadores ou temporais na fábricas de salazón; non obstante, a competencia das conserveiras no continente motivou o declive desta industria quedando en 1900 reducidas a almacéns (Varela Parapar *et al.* 1999). Por outra parte, a mellora nas condicións de vida nos territorios continentais fixo que moitos dos habitantes abandoasen a Illa (43 habitantes na década do 30, Álvarez Limeses 1936); nos anos 60 coa automatización do Faro produciuse o total abandono da poboación illán. Non obstante, a medida que avanzaba o despoboamento crecía o interese turístico, e así entre os anos 1970 e 1980 a busca de sol e praias tranquilas provocan o auxe turístico marcadamente estival que comeza a regularse coa súa declaración como Parque Natural en 1980, e posteriormente coa declaración de Parque Nacional no ano 2002 (Varela Parapar *et al.* 1999). O Arquipélago mantén na actualidade, segundo datos do Nomenclator 2009 proporcionados polo Instituto Galego de Estatística, unha poboación de 3 habitantes.

En canto ao **arquipélago de Ons** cabe sinalar que, que o seu devir histórico na idade contemporánea foi similar ao de Cíes, tras un intento de fortificación no ano do 1810 volveron os poboadores que habían abandoado a illa pola súa inseguridade. Entre os anos 1835 e 1840 instálase a primeira fábrica de salazón co que aumenta a poboación; non obstante, as flutuacións na pesca de sardiña ocasionaron o declive e peche final da empresa, trasladándose os poboadores ás costas próximas (Varela Parapar *et al.* 1999). A partir dos anos 60 as mellores condicións de vida no continente e a carencia de vivendas fixeron que os habitantes da illa a fosen abandonando reducíndose a súa poboación a practicamente cero. Co paso do tempo e a melloría económica dos antigos illáns, estes comezaron a volver á illa en verán, reacondicionando as casas, abrindo negocios e volvendo cultivar algúns terreos (Fernández de la Cigoña, 1989, 1991 a, 1991b; Varela Parapar *et al.* 1999). Esta situación se mantén na actualidade cunha poboación de 77 habitantes segundo datos do Nomenclator 2009 proporcionados polo Instituto Galego de Estatística.

O **arquipélago de Sálvora**, pola súa parte presenta certas peculiaridades fundamentalmente polo feito que estivo en mans da mesma familia durante máis de 450 anos ata épocas moi recentes, o

que lle proporcionou aos seus colonos una maior estabilidade (na idade contemporánea, nas datas de maior actividade económica, a poboación na aldea de Sálvora chegou a ser de preto de 70 persoas). De igual xeito que no resto de arquipélagos os anos 60 trouxeron consigo o progresivo abandono de da Illa, momento no que os propietarios da illa intentando rendabilizar as terras introduciron especies cinexéticas que fixeron pouco rendibles as superficies agrícolas levando consigo ao total abandono da illa en 1972, transformándose a antiga fábrica de salazón nun pazo/castelo (Fernández de la Cigoña, 1991a; Varela Parapar et al, 1999). Unha vez a illa deserta, se impuxo unha estrita vixilancia sobre esta, impedindo desembarcar ningún forasteiro. A declaración de Parque Nacional no ano 2002 deste territorio e a subseguinte regulación das visitas á illa suporía a recuperación da memoria colectiva dunha comunidade importante da comarca. (Fernández de la Cigoña, 1991a; Varela Parapar et al. 1999). No ano 2007 Sálvora, Vionta e Noro foron adquiridas polo Ministerio de Medio Ambiente figurando a Xunta de Galicia como titular do territorio dende 2008 (Fernández de la Cigoña, 1989, 1991a; Varela Parapar et al. 1999).

En canto á historia contemporánea da pequena **Illa de Cortegada**, cabe salientar que tralo seu paso por diferentes propietarios e contando cunha poboación máis ou menos estable de 40 habitantes, en 1907 foi adquirida pola provincia de Pontevedra para doala ao rei Alfonso XIII co fin de que construíse nela a súa residencia de veraneo, feito que nunca chegou a suceder quedando como couto real, non volvendo a acoller poboación estable nela. Coa instauración da República, a illa pasou a ser propiedade do Estado, aínda que en 1958 a illa volveu á familia Borbón vendéndoa en 1979 á sociedade Santiaguesa Cortegada S.A.; sendo adquirida pola Xunta de Galicia no ano 2007 (Fernández de la Cigoña, 1991a; Pazos Pérez, 2002; Varela Parapar et al. 1999).

A continuación preséntanse as superficies abranguidas polos diferentes usos e aproveitamentos levados a cabo na actualidade no territorio do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, elaborando tamén unha previsión futura a partir das tendencias que na actualidade poden apreciarse no territorio.




Figura 7.- Fotografías aéreas da Illa de Cortegada dos anos 1956 e 2004. Nelas pódese observar o abandono do aproveitamento agrícola e a substitución destas superficies por vexetación natural (louredais e carballeiras) e superficies de cultivos de Piñeiros (*Pinus pinaster*) e de eucalipto (*Eucalyptus globulus*)

4.1 Usos e aproveitamentos actuais

O devir histórico mais recente dos distintos arquipélagos, comentado en apartados anteriores, conduciu na actualidade a distintas configuracións dos usos do territorio rexistrados en cada un dos arquipélagos.

Unidades ambientais							
UA	Designación da unidade ambiental	Parque Nacional		Superficie por Arquipélago (ha)			
		ha	%	Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
UA100 Hábitats mariños e costeiros							
UA110	Augas mariñas profundas afastadas da costa	5.515,9	65,0 %	2.116,4	1.683,7	1.715,8	-
UA111	Augas mariñas próximas á costa	1.778,7	20,9 %	529,5	514,7	596,1	138,4
UA130	Marismas	0,2	< 0,1 %	-	-	-	0,2
UA140	Lagoas costeiras e litorais	10,8	0,1 %	10,8	-	-	-
UA150	Praias	26,3	0,3 %	10,9	3,3	7,6	4,5
UA151	Dunas costeiras activas	62,5	0,7 %	16,1	1,0	45,1	0,3
UA152	Depresións intradunares húmidas	3,8	< 0,1 %	-	-	-	3,8
UA153	Dunas remontantes	1,2	< 0,1 %	0,9	0,4	-	-
UA160	Morfoloxías rochosas eulitorais	12,8	0,2 %	3,3	2,6	6,3	0,6
UA161	Acantilados costeiros	250,7	3,0 %	97,4	68,2	84,0	1,1
UA162	Matogueiras e medios rochosos costeiros	603,7	7,1 %	180,5	319,3	101,1	2,9
UA200 Humidais continentais							
UA210	Augas estancadas	0,0	< 0,1 %	-	-	< 0,1	-
UA220	Augas correntes	0,1	< 0,1 %	-	-	0,1	-
UA260	Bosques húmidos	13,1	0,2 %	0,4	5,9	0,4	6,4
UA270	Matogueiras húmidas continentais	0,1	< 0,1 %	-	-	0,1	-
UA280	Herbazais continentais húmidos de gran porte	0,7	< 0,1 %	0,2	0,5	0,1	-
UA281	Herbazais continentais húmidos de mediano porte	1,7	< 0,1 %	< 0,1	-	1,7	-
UA400 Bosques naturais e seminaturais							
UA420	Bosques de carballos caducifolios	9,2	0,1 %	0,1	-	-	9,1
UA429	Bosques de loureiro	3,1	< 0,1 %	-	< 0,1	-	3,0
UA500 Paisaxe rural tradicional							
UA510	Mosaico rural de pequenas parcelas pechadas	4,9	0,1 %	-	4,9	-	-
UA600 Paisaxe rural transformada							
UA630	Piñeirais	59,9	0,7 %	27,8	5,8	3,1	23,3
UA631	Eucaliptais	87,2	1,0 %	79,1	4,8	-	3,2
UA632	Plantacións forestais de especies autóctonas	5,3	0,1 %	5,3	< 0,1	-	-
UA634	Plantacións forestais de anxiospermas alóctonas	0,3	< 0,1 %	0,1	< 0,1	-	0,2
UA699	Formacións de especies invasoras	5,9	0,1 %	4,1	1,4	0,3	-
UA800 Áreas urbanas e industriais							
UA810	Núcleos de poboación	9,2	0,1 %	1,3	7,4	0,5	-
UA840	Portos, aeroportos e ferrocarrís	0,5	< 0,1 %	0,1	0,2	0,1	< 0,1
UA850	Áreas de uso deportivo, recreativo ou dotacional	7,4	0,1 %	3,4	3,7	-	0,2
UA880	Vertedeiros e depósitos de lixo	0,1	< 0,1 %	0,1	0,1	-	-
UA890	Áreas perturbadas temporalmente	0,1	< 0,1 %	0,1	-	-	-
UA900 Viais e liñas de abastecemento							
UA910	Vías terrestres de comunicación	17,1	0,2 %	4,4	12,3	0,4	-

Táboa 20. Listado, superficies ocupadas e porcentaxe das unidades ambientais presentes no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e por Arquipélago.

A distribución de usos e aproveitamentos no Parque Nacional están fortemente influenciados polo seu **carácter oceánico**: o 86% da súa superficie está permanentemente cuberta por augas mariñas, das cales máis de 5.500 ha se caracterizan por ser augas mariñas afastadas da costa cunha profundidade superior aos 10 metros e máis de 1.700 ha se corresponden con augas mariñas próximas á costa (cunha profundidade inferior aos 10 metros). O resto do territorio, as superficies emerxidas, aínda que cunha considerable influencia mariña, supón pouco máis do 14% do Parque Nacional, incluíndo diversos hábitats costeiros como os marismas, dunas, lagoas, cantís e depósitos costeiros alzados.

Excluíndo as augas mariñas, os hábitats costeiros cunha maior representación superficial no Parque Nacional son as matogueiras e medios rochosos costeiros (UA162) que teñen representación en todos os Arquipélagos ocupando o 7,1% do Parque e os acantilados costeiros (UA161) que se atopan en todos os territorios e representan o 3% da superficie do Parque Nacional. Outra das unidades que se atopa representada en todos os territorios son as Praias (UA150) que ocupan 26,3 ha do Parque Nacional. Pola contra, a unidade Lagoas costeiras e litorais (UA 140) se atopa de xeito exclusivo en Cíes (Lago dos Nenos) mentres que a unidade marisma (UA130) soamente se localiza en Cortegada.

As unidades ambientais, estritamente terrestres, que alcanzan unha maior representación son as propias dos terreos forestais con repoboacións de piñeiro (*Pinus pinaster*) e de eucalipto (*Eucalyptus globulus*), as cales alcanzan uns valores superficiais de 59,9 ha e 87,2 ha respectivamente, o que apenas supón o 1,7 % do Parque Nacional. As ditas repoboacións se atopan repartidas por todos os arquipélagos do Parque aínda que se localizan especialmente no de Cíes. O Arquipélago de Sálvora, pola súa parte, é o que rexistra unha menor superficie de repoboacións forestais con 3,1 ha de piñeiral. Pola contra en Cortegada, case a metade da illa se atopa cuberta por plantacións forestais.

Con respecto ás unidades de humidaís continentais, cabe salientar a presenza da UA260 (Bosques húmidos) en todos os arquipélagos que compoñen o Parque Nacional, salientando as 6,4 ha abranguidas en Cortegada e as 5,9 ha de Ons. En moitos casos estas formacións se atopan en contacto con herbazais húmidos (UA280, UA281), que foron identificados en todos os arquipélagos salvo no de Cortegada.

No Parque Nacional tan soamente se atopan presentes dúas unidades ambientais de Bosques naturais e seminaturais, a UA420 (Bosques de carballos caducifolios), e a UA429 (Bosques de loureiro). A maior parte das mesmas se localizan no Arquipélago de Cortegada, (illa de Cortegada e illa Malveira), aínda que foi posible localizar pequenas representacións noutros arquipélagos (Cíes, Ons).

O Arquipélago de Ons, o que foi soportando unha maior poboación ao longo de todo o século XX, é o que presenta unha maior superficie de unidades ambientais ligadas coa presenza humana, sendo o único no que se aínda se manteñen superficies agrícolas (UA510 Mosaico rural de pequenas parcelas pechadas) e no que se atopa unha maior superficie de Unidades relacionadas con Áreas urbanas e industriais (UA800) e Viais e liñas de abastecemento (UA900).

Mapa de unidades ambientais do Parque Nacional



Figura 8.- Mapa de unidades ambientais do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Imaxe superior: Arquipélago de Cortegada. Imaxe inferior: Arquipélago de Sálvora.

Mapa de unidades ambientais do Parque Nacional




Figura 9.- Mapa de unidades ambientais do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Imaxe esquerda: Arquipélago de Ons. Imaxe dereita: Arquipélago de Cíes.

4.2 Previsión de usos e aproveitamentos

A previsión de usos e aproveitamentos, para o período de vixencia do plan, contempla o mantemento das formacións vexetais e propicia, paralelamente, a conservación e recuperación das representacións de hábitats de carácter natural e seminatural e os hábitats das especies de flora e fauna de interese para a conservación.

Por outra parte é previsible unha redución ou mantemento da xa limitada superficie agrícola (case exclusiva do Arquipélago de Ons) así como a redución das superficies ocupadas por plantacións forestais en beneficio dos ecosistemas naturais. A baixa porcentaxe de propiedade privada nas illas (unicamente en Cíes existe unha pequena superficie en mans privadas) fai que a curto prazo non se prevea un incremento das coberturas antrópicas.

O foco de atracción crecente de visitantes que xeran os Parques Nacionais, e en concreto o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, que no ano 2007 atraeu a case 240.000 visitantes (28,27 visitantes por hectárea) leva consigo o establecemento de límites ao desenvolvemento turístico, para evitar a deterioración ambiental destes espazos, asegurando a conservación dos seus valores naturais, que é o obxectivo principal dos Parques Nacionais. Coa redacción do presente Plan cabe esperar que a afluencia de visitantes teña un menor grao de estacionalización e que número de visitantes se manteña e incluso diminúa gradualmente nalgúns dos arquipélagos segundo as conclusións derivadas dos estudos de Avaliación da Capacidade de Carga do Parque Nacional elaborados por Ramil *et al.* no ano 2009.

Polo que respecta á actividade pesqueira e marisqueira desenvolvida no Parque Nacional cabe esperar que para o período de vixencia do plan se manteña aquela de carácter artesanal, profesional e sostible que fomenta o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

5. Zonificación

A zonificación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia queda fixada no Decreto 274/1999, do 21 de outubro (DOG 209, 28/10/1999), polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas, e máis no Decreto 88/2002, de 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do espazo natural da Illa de Cortegada e do seu contorno (DOG 62, 02/04/2008). A correspondencia das unidades establecidas coas do Plan Director da Rede de Parques Nacionais (aprobado mediante o Real Decreto 389/2016) resulta case directa: Zona de reserva, Zona de uso restrinxido, Zona de uso moderado, Zona de uso especial, Zona de edificacións existentes (asimilable á zona de asentamentos tradicionais do Plan Director da Rede de Parques Nacionais).

Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

PNIA-1 Zona de reserva

A zona de reserva está orientada estritamente cara á conservación da biodiversidade ou, no seu caso, á restauración dos ecosistemas, os hábitats e os núcleos poboacionais das especies nun estado favorable, co fin de asegurar o seu mantemento e a súa dinámica en condicións naturais e mitigar ou anular, no seu caso, o impacto negativo orixinado polas perturbacións antrópicas. Na zona de reserva non se permitirá, con carácter xeral, o acceso dos visitantes, e as actuacións e usos limitaranse ás directamente vinculadas coa investigación, seguimento e recuperación dos seus valores ambientais.

PNIA-2 Zona de uso restrinxido

A configuración da zona de uso restrinxido e, consecuentemente, a súa biodiversidade está ligada ao mantemento de modelos tradicionais de aproveitamento dos recursos naturais que posúen un elevado grao de compatibilidade co mantemento dos compoñentes, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas. Na zona de uso restrinxido o acceso e desprazamentos dos visitantes estarán permitidos, aínda que sometidos a certas limitacións, e poderán desenvolverse usos tradicionais con restricións específicas.

PNIA-3 Zona de uso moderado

Na que o mantemento das actividades tradicionais e o desenvolvemento do uso público dentro dos límites son compatibles coa conservación dos valores ambientais existentes nela.

PNIA-4 Zona de uso especial

Ocupadas por infraestruturas e instalacións permanentes dedicadas á xestión do parque.

PNIA-5 Zona de asentamentos tradicionais

Táboa 21.- Zonificación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia segundo o PORN das Illas Atlánticas (Decreto 274/1999, DOG 209, 28/10/1999) e o PORN da Illa de Cortegada e o seu contorno (Decreto 88/2002, DOG 62, 01/04/2002).

O sistema de zonificación do Plan Director de Parques Nacionais adaptouse no Real Decreto 389/2016 para o caso dos Parques Nacionais Marítimo-Terrestres, para os que ten en conta a dimensión vertical para adecuar a súa delimitación ás distintas profundidades e ecosistemas, considerando a columna de auga, os fondos mariños e as isóbatas. Este aspecto foi empregado na zonificación do presente Plan, na que se contemplan diversas zonas mariñas de uso moderado na superficie das augas mariñas, mentres os fondos son incluídos dentro doutra categoría de zonificación (zona mariña de reserva, zona mariña de uso restrinxido).

A zonificación establecida nos correspondentes instrumentos de planificación para o ámbito territorial do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, garda unha correspondencia directa coas unidades de zonificación establecidas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014). Esta correspondencia establécese en virtude do disposto no artigo 51.2 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015), no que se establece que a efectos de homologación e do cumprimento dos compromisos internacionais, as categorías establecidas nos espazos do territorio nacional deberán asignarse en base ás establecidas internacionalmente.

Correspondencia das unidades de zonificación

Parque Nacional das Illas Atlánticas		Rede Natura 2000 de Galicia	
PNIA-1	Zona de reserva	Zona 1 (*)	Área de Protección (*)
PNIA -2	Zona de uso restrinxido	Zona 1	Área de Protección
PNIA -3	Zona de uso moderado	Zona 2	Área de Conservación
PNIA -4	Zona de uso especial	Zona 3	Área de Uso Xeral
PNIA -5	Zona de asentamentos tradicionais	Zona 3	Área de Uso Xeral

(*) A pesares de que non existe unha delimitación de zona de reserva propiamente dita, queda adscrita á zona de máxima protección das contempladas no conxunto da Rede Natura 2000.

Táboa 22. Equivalencia entre as unidades de zonificación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia segundo o Decreto 274/1999 (DOG 209, 28/10/1999) e o Decreto 88/2002 (DOG 62, 01/04/2002) con respecto ás empregadas para o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014).




Figura 10.- Mapa de zonificación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Arquipélago de Cíes.




Figura 11.- Mapa de zonificación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Arquipélago de Ons.

5.-Zonificación




Figura 12.- Mapa de zonificación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Imaxe superior: Arquipélago de Cortegada. Imaxe inferior: Arquipélago de Salvora.

6. Medidas de xestión

O Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica, 1/1981 do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia. BOE 101, 28/04/1981), confírenlle á Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras, as competencias en materia de conservación do medio ambiente e da paisaxe, acordes co artigo 149.1.23 da Constitución Española (BOE 311, 29/12/1978).

O réxime xurídico destinado a asegurar a protección destes espazos naturais iniciado a principios do século XX coa Lei do 7 de decembro de 1916, sufriu diversas modificacións como corresponde á evolución da nosa sociedade e aos cambios na organización administrativa do Estado, pero mantivo inalterado o obxectivo declarado de garantir que as futuras xeracións poidan gozar deste legado natural. O marco legal estatal, derivado da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais (BOE 293, 04/12/2014) e do Real Decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais (BOE 257, 24/10/2016), outorga a xestión dos Parques Nacionais ás Comunidades Autónomas, asignado á Administración Xeral do Estado a función de coordinación da Rede de Parques Nacionais.

En virtude da Lei 1/1983, do 22 de febreiro reguladora da Xunta e do seu Presidente (DOG 23, 21/03/1983), modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG 208, 28/10/1988), e o Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG 239, 16/12/2016), fíxanse a distribución das devanditas competencias dentro da Xunta de Galicia, sendo asumidas na actualidade a través da Dirección Xeral do Patrimonio Natural, adscrita a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

6.1 Introducción

Os obxectivos establecidos no Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, derivan dos acordos internacionais que sobre medio ambiente e desenvolvemento sostible foron asignados polo Reino de España, especialmente do Convenio sobre Diversidade Biolóxica (CBD), así como da Estratexia de Biodiversidade da Unión Europea para o 2020. Así como dos establecidos na normativa estatal: Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (BOE 299, 14/12/2007), Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais (BOE 293, 04/12/2014), Real Decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais (BOE 257, 24/10/2016) e autonómica: Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza (DOG 171, 04/09/2001).

Contéplanse ademais os obxectivos considerados nas distintas figuras de áreas protexidas englobadas polo Parque Nacional: Área Marítima Protexida do Convenio para a protección do Medio Ambiente Mariño do Atlántico do Nordeste (Convenio OSPAR); Convenio de Humidais de Importancia Internacional de Ramsar (Anuncio de 10 de maio de 2017, DOG 111, 13/06/2017), Espazos Protexidos da Rede Natura 2000 (Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres DOCE L 206, 22/07/1992; Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e

do Consello do 30 de novembro de 2009 relativa á conservación das aves silvestres DOUE L 20, 26/01/2010; Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, DOG 62, 31/03/2014). E da propia normativa do Parque Nacional: Lei 15/2002, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (BOE 157, 02/07/2002); Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas (DOG 209, 28/10/1999); Decreto 88/2002, do 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos naturais do Espazo Natural da Illa de Cortegada e a súa contorna (DOG 62, 01/04/2002).

Na concreción dos obxectivos e das medidas de xestión tívose en conta o estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade, especialmente dos hábitats naturais e seminaturais e das especies de flora e fauna protexidas, empregando para iso as avaliacións periódicas derivadas da aplicación do artigo 17 da DC 92/43/CEE, así como distintos estudos e publicacións científicas.

A orientación principal da ordenación será o mantemento, ou no seu caso restablecemento, nun estado de conservación favorable do patrimonio natural e da biodiversidade do Parque Nacional e, en especial, dos tipos de hábitats naturais e seminaturais e das especies protexidas derivadas de Convenios Internacionais e por normativas de carácter europeo, estatal e galego, así como daquelas especies silvestres de interese para a conservación no ámbito do Parque Nacional debido ao seu carácter endémico, o seu grao de ameaza ou en relación a calquera outro tipo de singularidade bioxeográfica ou ecolóxica. As necesidades de conservación e restauración deberán compatibilizarse, nos lugares nos que sexa necesario, cos aproveitamentos tradicionais de carácter sostible, que non sexan susceptibles de provocar unha mingua significativa no estado de conservación dos hábitats naturais e seminaturais e das especies de flora e fauna silvestres, cuxo mantemento é fundamental para garantir o desenvolvemento das comunidades que viven neste territorio. Para a súa consecución, o presente plan apóiase nos seguintes instrumentos:

- 1) Unha zonificación do territorio comprendido polo Parque Nacional, homologada de xeito homoxéneo co resto do conxunto da rede de Parques Nacionais, a partir da cal se definen as diferentes categorías de protección que condicionen os usos, aproveitamentos e actuacións en cada unha delas.
- 2) Unha regulación de usos e actividades, co fin de garantir os obxectivos de conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural presentes no Parque Nacional acorde cos Convenios Internacionais, e as normativas europeas, estatais e autonómicas.

O presente Plan articula as directrices e normativas de xestión en tres niveis: O primeiro correspóndese coas "**Medidas xerais de xestión**", que marca o desenvolvemento das actuacións no Parque Nacional, así como das políticas sectoriais que incidan sobre este e sobre os seus valores, que derivan das normativas de ámbito europeo (DC 2009/147/CE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 15/2002, Lei 42/2007; Lei 30/2014, Real Decreto 389/2016) e galega (Lei 9/2001; Decreto 274/1999; Decreto 88/2002; Decreto 37/2014).

Nun segundo subnivel desenvólvense a "**Normativa por compoñentes e actividades**" que conforman o Parque Nacional, definindo en consecuencia obxectivos, directrices e normas de aplicación das principais actividades e proxectos. A normativa por compoñentes inclúe obxectivos, directrices e normas elaboradas a partir da lexislación sectorial vixente.

O terceiro subnivel vén marcado pola “**Normativa zonal**”, de modo que para cada unha das unidades de zonificación, e delimitadas no Parque Nacional, en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade, se propón un réxime de ordenación e xestión específico, que responde en consecuencia ás diferentes necesidades de conservación e xestión, e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais.

Cabe salientar que a todo este proceso foi incorporada a normativa recollida nas disposicións de aprobación do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002, de 1 de xullo, BOE 157, 02/07/2002), así como dos instrumentos de planificación correspondentes: Decreto 274/1999, do 21 de outubro (DOG 209, 28/10/1999), polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas; Decreto 88/2002, de 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do espazo natural da Illa de Cortegada e do seu contorno (DOG 62, 02/04/2008).

A formulación das normativas de ordenación e xestión, en relación con plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, puidesen provocar unha afección significativa sobre a integridade do espazo ou dos seus compoñentes, realízase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE, así como pola propia normativa de impacto ambiental. Isto permite incrementar a seguridade xurídica de certas actividades, promovéndose aquelas de carácter sostible.

6.2 Medidas xerais de xestión

O primeiro nivel das medidas de xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia correspóndese cunha normativa xeral de ordenación, que marca o desenvolvemento das actuacións nos espazo protexido, así como das políticas territoriais que inciden sobre este e sobre os seus valores. Este apartado integra as medidas e normativa xerais, definindo a continuación o alcance e ámbito de aplicación do Plan Reitor de Usos e Xestión (Plan), a exclusión e promoción de diferentes actividades socioeconómicas, así como da difusión do propio Parque e os seus valores.

6.2.1. Medidas e normativa xeral

A **normativa xeral de ordenación e xestión**, regula o desenvolvemento das actuacións espazo, así como das políticas territoriais que incidan sobre este e sobre os seus valores. As normas xerais elabóranse a partir dos obxectivos e criterios orientadores derivados da normativa comunitaria (DC 2009/147/CE, DC 2011/92/UE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 9/2006, Lei 42/2007, Lei 21/2013, Lei 15/2002, Lei 30/2014, Real Decreto 389/2016) e autonómica (Lei 9/2001, Lei 2/2016), así como dos derivados dos instrumentos de planificación existentes para o ámbito territorial do Parque Nacional (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014), e xunto con criterios propios relativos á exclusión, ou no seu caso a regulación, de determinadas actividades.

Principal normativa sobre a que se estrutura o PRUX

1. Acordos internacionais

- ❖ Instrumento de Ratificación do Convenio para a Prevención da Contaminación Mariña Provocada por Verteduras desde Buques e Aeronaves, feito en Oslo o 15 de febreiro de 1972. BOE 99, 25/04/1974
- ❖ Instrumento de Ratificación do 27 de febreiro de 1980, do Convenio para a prevención da contaminación mariña de orixe terrestre, asinado en París o 11 de xuño de 1974. BOE 18, 21/01/1981
- ❖ Instrumento do 18 de marzo de 1982 de adhesión de España ao Convenio relativo a Humidais de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas, feito en Ramsar o 2 de febreiro de 1971. BOE 199, 20/08/1981.
- ❖ Instrumento de ratificación do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, feito en Río de Janeiro o 5 de xuño de 1992. BOE 27, 01/02/1994.

2. Normativa da Unión Europea

- ❖ Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (COM/2011/0244 final): Estratexia da UE sobre a biodiversidade ata 2020: o noso seguro de vida e capital natural. Comisión Europea, Bruxelas (2011).
- ❖ Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (COM/2013/0249 final): Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa. Comisión Europea, Bruxelas (2013).
- ❖ Directiva 92/43/CEE, do Consello de 21 de maio de 1992, relativa a conservación de hábitats naturais e da fauna e flora silvestre. DOCE 206/7, 22/07/1992.

- ❖ Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas. DOUE 27, 22/12/2000.
- ❖ Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. DOUE 197, 21/07/2001.
- ❖ Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de xuño de 2008 pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña). DOUE 164, 25/06/2008.
- ❖ Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres. DOUE 207, 26/01/2010.
- ❖ Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011 relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. DOUE 26, 28/01/2012.
- ❖ Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. DOUE 124, 25/04/2014.
- ❖ Decisión da Comisión do 1/09/2010 sobre os criterios e as normas metodolóxicas aplicables ao bo estado ambiental das augas mariñas. DOUE 232, 2/09/2010.

3. Normativa Estatal

- ❖ Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. BOE 181, 29/07/1988.
- ❖ Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. BOE 157, 2/07/2002.
- ❖ Lei 53/2002, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social. BOE 313, 31/12/2002.
- ❖ Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007
- ❖ Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. BOE 317, 30/12/2010.
- ❖ Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. BOE 296, 11/12/2013.
- ❖ Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais. BOE 293, 4/12/2014.
- ❖ Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 227, 22/12/2015.
- ❖ Real Decreto lexislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas. BOE 76, 24/07/2001.
- ❖ Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. BOE 36, 31/12/2016.
- ❖ Real Decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais. BOE 257, 24/10/2016.
- ❖ Orde AAA/1260/2014 de 9 de xullo, do 9 de xullo, pola que se declaran Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas. BOE 173, 17/07/2014.
- ❖ Orde PRE/1841/2005, de 10 de xuño pola que se modifica parcialmente a Orde de 18/01/1993, do Ministerio de Relacións coas Cortes e a Secretaria do Goberno sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo (BOE 144, 17/06/2005)

4. Normativa de Galicia

- ❖ Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. BOE 143, 16/06/1995.
- ❖ Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. DOG 233, 5/12/1995.
- ❖ Lei 5/2001, de 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons. DOG 134, 11/07/2001.
- ❖ Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza. DOG 171, 04/09/2001.
- ❖ Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. DOG 139, 18/07/2008.
- ❖ Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia. DOG 243, 16/12/2008.
- ❖ Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia. DOG 243, 15/12/2009.
- ❖ Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia. DOG 222, 18/11/2010.
- ❖ Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. DOG 247, 27/12/2013.
- ❖ Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. DOG 34, 19/02/2016.

5.-Medidas de xestión

- ❖ Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas. DOG 209, 28/10/1999.
- ❖ Decreto 88/2002, do 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Espazo Natural da Illa de Cortegada e o seu contorno. DOG 62, 01/04/2002.
- ❖ Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais. DOG 69, 12/04/2004.
- ❖ Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 31, 15/02/2011.
- ❖ Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio. DOG 36, 22/02/2011.
- ❖ Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. DOG 37, 23/02/2011.
- ❖ Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. DOG 62, 31/03/2014.
- ❖ Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia. DOG 160, 25/08/2016
- ❖ Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 13, 21/01/2016.

Medidas e normativa xeral

1.

Directrices xerais

- 1.0 Os obxectivos de conservación primarán sobre calquera outra actividade que se planifique ou se desenvolva no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. En toda actuación primará o principio de cautela, de mínima intervención e menor agresividade para os compoñentes da biodiversidade do Parque Nacional.
- 2.0 Fomentarase a utilización dos compoñentes naturais do espazo dun modo e a un ritmo que non ocasione a diminución a longo prazo da biodiversidade, de modo que se aseguren as posibilidades de satisfacer as necesidades e as aspiracións das xeracións actuais e futuras.
- 3.0 Velarase polo mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas.
- 4.0 Velarase pola preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais e da paisaxe, evitando ou, no seu caso, minimizando a degradación destes por elementos ou construcións que supoñan un elevado impacto visual, derivado da súa localización, materiais empregados ou das relacións de texturas e cores utilizadas.
- 5.0 Daranse preferencia ás medidas de conservación, preservación e restauración dos hábitats naturais e seminaturais, facendo especial fincapé naqueles considerados como prioritarios ou de interese comunitario, e aqueles con reducida representatividade, ou elevada fragilidade, no ámbito do Parque Nacional.
- 6.0 Daranse preferencia ás medidas de conservación, preservación e recuperación das especies silvestres de flora e fauna, facendo especial fincapé naquelas consideradas como protexidas por normativas internacionais, comunitarias, nacionais ou galegas.
- 7.0 Concederase prioridade ás especies de interese para a conservación, ás especies endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, así como ás especies de fauna migratoria.
- 8.0 Darase preferencia á conservación da diversidade xenética das poboacións silvestres de flora e fauna, así como ao mantemento ou, no seu caso, á recuperación de razas, variedades e cultivares tradicionais que formen parte dos agrosistemas tradicionais.
- 9.0 Evitarase a introdución, e controlarase ou mitigarase a difusión e expansión de especies, subespecies ou razas xeográficas distintas ás autóctonas, na medida en que poidan competir con estas, alterar a súa pureza xenética ou provocar desequilibrios ecolóxicos sobre os hábitats naturais e seminaturais, así como sobre as poboacións das especies de flora e fauna.
- 10.0 As actividades e actuacións que se desenvolvan no Parque Nacional buscarán o mantemento dos reservorios naturais de carbono existentes no Parque Nacional, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como unha maior eficiencia no gasto dos recursos renovables e no control integral dos residuos e produtos contaminantes.
- 11.0 Evitarase a realización de calquera tipo de actividade que poida supoñer un risco de contaminación das augas continentais, tanto superficiais como subterráneas, así como das augas mariñas.
- 12.0 Manteranse as actividades e usos que sexan compatibles coa conservación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos naturais.
- 13.0 Mellorarase a calidade de vida dos habitantes do Parque Nacional mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sostible dos recursos naturais.
- 14.0 Elaborarase un programa de seguimento da realidade económica, sociolóxica e natural do Parque Nacional co fin de poder avaliar axeitadamente a repercusión de programas e proxectos sobre as características naturais do espazo.
- 15.0 Farase promoción do coñecemento dos valores naturais e culturais do Parque Nacional a través da coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

2.

Obxectivos específicos do Parque Nacional

- 1.0 Garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats de interese comunitario e dos hábitats das especies protexidas.
- 2.0 Garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, das especies de interese comunitario, así como das especies catalogadas, presentes no Parque Nacional.
- 3.0 Mantemento e, no seu caso, desenvolvemento dos elementos da paisaxe de primordial importancia para a fauna e a flora silvestres, que resulten fundamentais na migración, na distribución xeográfica e no intercambio xenético das especies silvestres.
- 4.0 Propiciar e fomentar a conservación de todas as especies de aves silvestres que viven normalmente en estado salvaxe no territorio, de forma que se garanta a protección, a administración e a regulación das devanditas

5.0	especies e da súa explotación. O mantemento ou adaptación das devanditas especies levarase a cabo nun nivel que corresponda ás esixencias ecolóxicas, científicas e culturais, tendo en conta as esixencias económicas e recreativas.
6.0	Establecer medidas de conservación con respecto ás especies de aves migratorias a chegada das cales sexa regular, tendo en conta as necesidades de protección na zona xeográfica marítima e terrestre no relativo ás súas áreas de reprodución, de muda e de invernada e ás zonas de descanso nas súas áreas de migración.
7.0	Evitar a contaminación ou a deterioración dos hábitats así como as perturbacións que afecten ás aves incluídas no Anexo I da DC 2009/147/CE.
8.0	Protexer a integridade de ecosistemas ligados a zonas costeiras e á plataforma continental.
9.0	Asegurar a protección, recuperación, fomento e difusión dos seus valores ambientais e do seu patrimonio natural, regulando de forma compatible coa súa conservación tanto a actividade investigadora e educativa como o acceso dos visitantes.
10.0	Promover e apoiar no interior do parque as actividades tradicionais compatibles coa protección do medio natural.
11.0	Contribuír á mitigación do cambio climático global mediante o secuestro do dióxido de carbono atmosférico, e o seu almacenamento nas biocenoses e nos solos.
12.0	Achegar ao patrimonio común unha mostra representativa do ecosistema litoral da rexión eurosiberiana, incorporando o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia aos programas nacionais e internacionais de conservación da biodiversidade.
13.0	Fomentar a mellora dos núcleos rurais existentes no ámbito territorial do Parque Nacional, contribuíndo na medida do posible a mellorar os servizos e infraestruturas de carácter público.
14.0	Garantir que as actividades de uso público (deportivo, recreativo) se desenvolvan acordes cos obxectivos de conservación do Parque Nacional.
15.0	Garantir o cumprimento dos obxectivos de conservación establecidos nas distintas figuras de áreas protexidas que inciden no ámbito territorial do Parque Nacional (Rede Natura 2000, OSPAR, RAMSAR, etc), así como levar a cabo as medidas necesarias para optar á catalogación do Parque Nacional nas figuras de ámbito cultural e natural promovidas pola UNESCO.
16.0	Apoiar e colaborar co organismo autonómico en materia de Patrimonio Cultural, na declaración de Ben de Interese Cultural de determinados enclaves do Parque Nacional

3.

Normativa xeral

1.0	As autorizacións outorgadas polo organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural formularanse de acordo co artigo 6 da DC 92/43/CEE (trasposto ao ordenamento xurídico español na Lei 42/2007 do Patrimonio natural e da Biodiversidade) e en coherencia cos obxectivos e directrices recollidos no presente Plan.
2.0	Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso permitido ou autorizable no presente Plan se deban someter a autorización de calquera organismo da administración, enténdese que se ben estas entidades son as competentes para a expedición da autorización, esta deberá supeditarse ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito do presente Plan. Deberán comunicar ao organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural a solicitude e, se así o especificase a normativa do presente Plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.
3.0	Calquera actividade, plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do Parque Nacional ou sen ser necesario para esta, poida afectar de forma apreciable ao citado espazo, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, se someterán a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito Parque Nacional, así como os criterios establecidos na Lei 21/2013 de avaliación ambiental e na Lei 42/2007 do Patrimonio natural e da Biodiversidade Se, a pesares das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o espazo e a falla de solucións alternativas, deba realizarse un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, o organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural tomará cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global da Rede Natura 2000 quede protexida, informando á Comisión das medidas compensatorias adoptadas. No caso de que o lugar considerado albergue un hábitat natural e/ou especie prioritarios, unicamente se poderán alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, ou relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio, ou ben, outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, en conformidade ao establecido na Lei 42/2007 do Patrimonio natural e da Biodiversidade
4.0	A Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de Patrimonio Natural e o órgano encargado da planificación, xestión e conservación do Parque Nacional. De acordo coa Lei 15/2002 pola que

5.0	se declara o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais, o Padroado é o órgano consultivo e de participación social, que ten como función velar por o cumprimento das normas establecidas no Parque Nacional. Mentres que sobre o Director-Conservador do Parque Nacional, recae a administración e a coordinación das actividades de xestión ordinaria do Parque Nacional, e, en particular, a elaboración e proposta dos orzamentos e programas de xestión e a execución, así como de desenvolvemento do PRUX.
5.1	Con carácter xeral e por resultar incompatibles cos fins do espazo protexido, son usos prohibidos en todo o parque nacional, a excepción da área de uso xeral, as novas obras, instalacións ou actividades coincidentes coas relacionadas na lexislación vixente en materia de avaliación de impacto ambiental (Directiva 2001/42/CE, Directiva 2011/92/UE, Directiva 2014/52/UE, Lei 21/2013 de avaliación ambiental), considerando do mesmo modo as ampliacións das preexistentes.
	Todas aquelas actuacións que produzan unha alteración física ou unha perda dos valores naturais, culturais, científicos ou educativos da área de aplicación do presente plan, someteranse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental de acordo cos criterios e especificacións recollidos no presente Plan.
	Usos permitidos
1.0	Con carácter xeral considéranse usos ou actividades permitidas aquelas de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do Parque Nacional e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin contemplados na normativa específica contida neste Plan.
	Usos autorizables
1.0	Todas aquelas actividades directamente relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ou con outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, ou ben que poidan ser obxectivamente consideradas como acción positivas de primordial importancia para o medio ambiente. Sempre que cumpran co disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE.
2.0	Considéranse usos autorizables, aqueles usos que, baixo determinadas condicións e tras a obtención das correspondentes autorizacións dos organismos ou administracións competentes, así como a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, poden ser executados ao ser considerados compatibles cos obxectivos de conservación do espazo e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores.
	O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión, propoñendo, no seu caso, medidas preventivas e compensatorias, co fin de asegurar que a mencionada actividade non alcance os límites establecidos no apartado 6.3 da DC 92/43/CEE.
3.0	Dentro da categoría de uso autorizable inclúense tamén os programas, plans e proxectos que, sen ter unha relación directa coa xestión do Parque Nacional ou sen ser necesario para esta, poidan afectar de forma significativa ao citado lugar, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos. Estas actividades, de acordo co artigo 6.3 da DC 92/43/CEE, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os seus obxectivos. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 6.4 da mencionada directiva, o organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, só se declararán de acordo co devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.
	Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, debéra realizarse un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, as Administracións públicas competentes en materia do Patrimonio Natural, de acordo co artigo 6.4 da DC 92/43/CEE e co artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015), tomarán cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global da Rede Natura 2000 quede protexida.
	Usos prohibidos
1.0	Considérase uso prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 e do Parque Nacional e que, por conseguinte, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do Parque Nacional ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).
2.0	Toda actuación considerada como prohibida na normativa referente á conservación do Patrimonio Natural e a Biodiversidade (Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade; Lei 9/2001, de Conservación da Natureza), así como na referente á declaración do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia), os seus instrumentos de ordenación (Decreto 274/1999, polo que se aproba o Plan de Ordenación dous Recursos Naturais das Illas Atlánticas. Decreto 88/2002, polo que se aproba o Plan de Ordenación

dous Recursos Naturais do Espazo Natural da Illa de Cortegada e ou seu contorno), e os referentes aos espazos naturais (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación vos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.) ou dos compoñentes da biodiversidade recoñecidos dentro do ámbito do Parque Nacional.

6.2.2. Alcance e ámbito de aplicación

Alcance e ámbito de aplicación

1.0

O presente Plan desenvolve as directrices emanadas polos plans de ordenación dos recursos naturais elaborados no ámbito territorial do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014), establecendo para dito ámbito as previsións de actuacións do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural.

1.1

O presente Plan prevalecerá sobre o planeamento urbanístico e a ordenación do territorio. Se as súas determinacións fosen incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, a mesma será revisada de oficio polos órganos competentes.

2.0

Os obxectivos, directrices e normativas do presente Plan aplicaranse ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, cuxos límites físicos se recollen na cartografía aportada no presente Plan, e que foron establecidos na Lei 15/2002 pola que se declara o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (modificada pola Lei 53/2002 do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.).

6.2.3. Exclusión de actividades

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia posúe uns valores naturais que deben ser respectados, de xeito que se manteñan os valores que motivaron a designación deste territorio como Parque Nacional, así como do resto de figuras de áreas protexidas coas que conta o seu ámbito territorial: área mariña protexida do Convenio OSPAR, humidal de importancia internacional do Convenio de Ramsar, Espazo Protexido da Rede Natura 2000 e Espazo Natural Protexido da Rede Galega de Espazos Protexidos. Polo tanto, para que se poida preservar a labor previa, sostible e respectuosa, considérase que os terreos incluídos no Parque Nacional quedan excluídos de albergar as seguintes actividades:

Exclusión de actividades no Parque Nacional

- | | |
|-----|---|
| 1.0 | O territorio delimitado polo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades e aproveitamentos mineiros. Non se permitirán novas actividades extractivas. Estas explotacións producen un impacto paisaxístico crítico, incompatible cos obxectivos de protección do Parque Nacional, dos seus hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación e, por outra parte, contan con mínimas posibilidades de restauración a curto ou medio prazo. |
| 2.0 | O territorio delimitado polo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas instalacións industriais de enerxía eólica. Quedan excluídas desta consideración as instalacións para uso doméstico ou as necesarias para a xestión das instalacións do Parque Nacional. |
| 3.0 | O territorio delimitado polo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar instalacións de enerxía hidroeléctrica. |
| 4.0 | O territorio delimitado polo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar aproveitamentos industriais de enerxía fotovoltaica. |
| 5.0 | O territorio delimitado polo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar aproveitamentos industriais de enerxía mareomotriz. |
| 6.0 | O territorio delimitado polo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar sondaxes, perforacións e exploracións de recursos submarinos para o seu aproveitamento industrial, incluíndo a fracturación hidráulica, así como a extracción, captura, inxección e almacenamento xeolóxico de fluídos. |
| 7.0 | O territorio delimitado polo Parque Nacional considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar actividades industriais, incompatibles cos obxectivos de conservación do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014) e da Rede Galega de Espazos Protexidos (Lei 9/2001 de Conservación da Natureza). |
| 8.0 | De acordo coa Orde PRE/1841/2005, de 10 de xuño pola que se modifica parcialmente a Orde de 18/01/1993, do Ministerio de Relacións coas Cortes e a Secretaría do Goberno sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo (BOE 144, 17/06/2005), prohibese no ámbito do Parque Nacional o voo de aeronaves (avionetas, globos aerostáticos, ás-deltas, parapente e calquera outro artefacto voador), incluíndo as manobras de despegue, aterrxaxe, cando se realice a menos de 3.500 pés (1.066,8 metros). Quedan excluídas da anterior especificación as aeronaves estatais ou autonómicas en misións de auxilio, salvamento, vixilancia, extinción de incendios, así como as vencelladas coa conservación e protección do medio ambiente. |

6.2.4. Fomento de actividades socioeconómicas

Coa finalidade de acadar os mesmos obxectivos plantexados no apartado anterior, na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia tamén poderán promoverse certas actividades socioeconómicas na área de influencia socioeconómica, de acordo á lexislación vixente.

Fomento de actividades socioeconómicas

1.0

O territorio delimitado pola área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia considerarase como área preferente para o desenvolvemento daquelas actividades socioeconómicas de carácter tradicional, coherentes e respectuosas cos obxectivos de conservación:

- a) Actividades de uso público
- b) Actividades vinculadas co uso racional e sostible dos recursos naturais
- c) Actividades de carácter turístico
- d) Mellora dos asentamentos rurais tradicionais e mellora da calidade de vida dos habitantes

6.2.5. Promoción e difusión do Parque Nacional

Promoción e difusión do Parque Nacional

1.0

Fomentarase a promoción e difusión dos valores e actividades do Parque Nacional no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como noutras áreas limítrofes. Asimesmo, procurarase a devandita difusión e comunicación aos propios visitantes do Parque Nacional.

2.0

Promoverase o intercambio de experiencias e coñecementos, así como a colaboración con proxectos de conservación en relación con outros espazos que formen parte da Rede de Parques Nacionais, da Rede Natura 2000, do convenio OSPAR, do Listado de Humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar, así como doutras redes de áreas protexidas ou de seguimento dos compoñentes do medio ambiente e da biodiversidade.

3.0

Colaborarase con programas e institucións implicados no seguimento a medio e longo prazo de ecosistemas e dos seus compoñentes, na conservación da biodiversidade, as augas internacionais, ou a mitigación e adaptación fronte ao cambio climático.

6.3 Medidas e normativa sectorial

As **medidas e normativa** nos espazos protexidos da Rede Natura 2000 articúlanse a partir dos obxectivos, directrices e normas xerais que na actualidade veñen establecidos en acordos internacionais asignados polo Reino de España, especialmente do Convenio sobre Diversidade Biolóxica (CBD), así como da Estratexia de Biodiversidade da Unión Europea para o 2020. Así como nas disposicións da Unión Europea: Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, de conservación das aves silvestres; na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres; na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas. Na lexislación estatal: Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; Real Decreto lexislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas; Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade Lei 41/2010, de protección do medio mariño; Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais, Real Decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais. E na normativa galega: Lei 9/2010, de Augas de Galicia; na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza; e na Lei 7/2008, de Protección da Paisaxe de Galicia Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os Lugares de Importancia Comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Asimesmo, tamén foron implementadas as disposicións normativas contempladas instrumentos de planificación existentes para o ámbito territorial do Parque Nacional (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014).

No Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, as medidas de xestión de carácter sectoriais estrutúranse en tres niveles: Medios ecolóxicos, Compoñentes da biodiversidade e Actividades e aproveitamentos.

6.3.1. Medidas de xestión sectoriais: Medios ecolóxicos

Medidas de xestión sectoriais: Medios ecolóxicos

1 Atmosfera

1. Obxectivos

- 1.0 Procurar manter a calidade do aire, limitando no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a emisión de substancias contaminantes en concentracións tales que modifiquen a calidade do aire por enriba dos niveis autorizados.
- 2.0 Vixiar o cumprimento da normativa de carácter comunitario, estatal e autonómica relativa ás emisións atmosféricas de po, olores e ruído, producidos polas distintas actividades que se desenvolven no ámbito do Parque Nacional.
- 3.0 Controlar os niveis de elementos contaminantes presentes no Parque Nacional.

2. Directrices

- 1.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar ou, no seu caso, eliminar as fontes de emisión de olores desagradables, contaminantes, ou rúidos molestos.
- 2.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar os efectos da contaminación lumínica.
- 3.0 Tomaranse as medidas necesarias para limitar a contaminación lumínica. Nas novas instalacións ou infraestruturas evitárase a emisión de luz directa cara ao ceo e evítaranse excesos nos niveis de iluminación.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión dos recursos atmosféricos, aplicarase a normativa sectorial europea, estatal e galega, vixente no seu momento, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015), así como coas normas de declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002), dos instrumentos de planificación e xestión derivados das distintas figuras de espazos naturais (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014), e dos plans de conservación das especies ameazadas de flora e fauna silvestre, no ámbito do Parque Nacional.

Medidas de xestión sectoriais: Medios ecolóxicos

2 Xea

1. Obxectivos

- 1.0 Conservar os recursos da xea e promover o seu aproveitamento sostible.
- 2.0 Establecer medidas preventivas para impedir a progresiva perda de solo.
- 3.0 Os usos e aproveitamentos do solo velarán por manter ou aumentar a capacidade de secuestro de carbono, dada a súa importancia na mitigación dos efectos derivados do cambio climático global.

2. Directrices

- 1.0 Velarase por manter as características químicas, estruturais e de textura dos solos, das que depende en boa medida a súa vexetación, e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas.
- 2.0 Tenderanse a conservar aquelas superficies con pendente superior ao 50% sobre as que se desenvolvan hábitats naturais ou, no seu caso, plantacións forestais.
- 3.0 A utilización do solo con fins agropecuarios deberá realizarse de forma sostible, para asegurar o mantemento do seu potencial biolóxico e da súa capacidade produtiva.
- 4.0 Inventariaranse e diagnosticaranse os recursos xeolóxicos e xeomorfolóxicos e adoptaranse as medidas que sexan precisas para a súa protección e conservación.
- 5.0 Nas autorizacións e nos procedementos de avaliación ambiental teranse en consideración as singularidades xeolóxicas e xeomorfolóxicas do territorio, tanto debido ao seu valor intrínseco (xeodiversidade), como ao constituír unha parte esencial de diversos tipos de hábitats de interese comunitario e prioritario (biodiversidade), promovendo a súa conservación, ou no seu caso establecendo medidas compensatorias co fin de reducir o impacto sobre estes.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión dos recursos da xea, aplicarase a normativa sectorial europea, estatal e galega, vixente no seu momento, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015), así como coas normas de declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002), dos instrumentos de planificación e xestión derivados das distintas figuras de espazos naturais (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014), e dos plans de conservación das especies ameazadas de flora e fauna silvestre, no ámbito do Parque Nacional.

Medidas de xestión sectoriais: Medios ecolóxicos

3 Ecosistemas subterráneos

1. Obxectivos

- 1.0 Conservar e, no seu caso, restaurar os compoñentes biolóxicos, xeolóxicos, xeomorfolóxicos, hidrolóxicos, paleontolóxicos e arqueolóxicos dos ecosistemas subterráneos terrestres e mariños do Parque Nacional.
- 2.0 Ordenar e promover o seu aproveitamento sostible.

2. Directrices

- 1.0 Velarase por identificar as actuacións prioritarias e desenvolver os instrumentos precisos para asegurar o mantemento do estado e funcionalidade dos ecosistemas subterráneos
- 2.0 Darase prioridade á protección dos hábitats e as poboacións de especies cavernícolas sobre calquera outra actividade que poida desenvolverse nos ecosistemas subterráneos.
- 3.0 Protexerase o patrimonio arqueolóxico e paleontolóxico albergado nos ecosistemas subterráneos.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión dos ecosistemas subterráneos, aplicarase a normativa sectorial europea, estatal e galega, vixente no seu momento, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015), así como coas normas de declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002), dos instrumentos de planificación e xestión derivados das distintas figuras de espazos naturais (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014), e dos plans de conservación das especies ameazadas de flora e fauna silvestre, no ámbito do Parque Nacional.

Medidas de xestión sectoriais: Medios ecolóxicos

4 Augas continentais

1. Obxectivos

- 1.0 Establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que:
- 1.1 Preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humídais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.
- 1.2 Promova un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.
- 1.3 Garanta a redución progresiva da contaminación da auga subterránea e evite novas contaminacións; e contribúa a paliar os efectos das inundacións e secas.
- 1.4 Contribúa a reducir de forma significativa a contaminación das augas subterráneas.
- 1.5 Contribúa a protexer as augas territoriais e mariñas e a lograr os obxectivos dos acordos internacionais pertinentes, incluídos aqueles que teñen como finalidade previr e erradicar a contaminación do medio mariño.

2. Directrices

- 1.0 Preservarase a calidade da auga, tanto superficial como subterránea, e aseguraranse os caudais mínimos ecolóxicos.
- 2.0 Procurarase conseguir, no menor prazo posible, o axeitado tratamento de depuración para as verteduras e velarase en todo momento por manter a calidade e o estado ecolóxico das augas.
- 3.0 Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos de cunca para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.
- 4.0 No tratamento das augas residuais tenderanse a cumprir os obxectivos de calidade máis estritos, desde o punto de vista ambiental, de entre as normativas técnicas existentes.
- 5.0 Para os efectos de conservación e planificación dos pequenos cauces e dos humídais, consideraranse como límites territoriais os establecidos pola normativa vixente en relación coa zona de policía estipulada nas marxes ou, no seu caso, á porción das marxes que alberga representacións de hábitats do anexo I característicos de medios hidrófilos e higrófilos-
- 6.0 Velarase para que as autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas subterráneas non supoñan unha afección significativa sobre os recursos hídricos e sobre o mantemento dos ecosistemas e das comunidades de flora e fauna-
- 7.0 Nas áreas costeiras as autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas evitarán a progresión da cuña salina e, por conseguinte, a salinización dos humídais.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión das augas continentais, aplicarase a normativa sectorial europea, estatal e galega, vixente no seu momento, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015), así como coas normas de declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002), dos instrumentos de planificación e xestión derivados das distintas figuras de espazos naturais (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014), e dos plans de conservación das especies ameazadas de flora e fauna silvestre, no ámbito do Parque Nacional.

Medidas de xestión sectoriais: Medios ecolóxicos

5 Augas mariñas

1. Obxectivos

- 1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar o estado ecolóxico dos ecosistemas mariños.
- 2.0 Tomar medidas preventivas para impedir a progresiva contaminación do mar.
- 3.0 Promover a conservación e o uso sostible dos recursos mariños.

2. Directrices

- 1.0 Adoptaranse as medidas necesarias para protexer e preservar o medio mariño, incluíndo a súa biodiversidade, evitar o seu deterioro, e recuperar ou restaurar o estado ecolóxico dos ecosistemas mariños nas zonas onde fosen afectados negativamente.
- 2.0 Prever e reducir as verteduras de residuos ao medio mariño, velando por que non se produzan impactos ou riscos graves para os ecosistemas mariños, a saúde humana e os usos lexítimos do mar.
- 3.0 Aplicarase unha xestión adaptativa das actividades humanas seguindo o enfoque ecosistémico e tendo en conta o coñecemento científico, garantindo que o grao con que se desenvolven se manteña en niveis compatibles coa consecución dun bó estado de conservación.
- 4.0 Non se comprometerá a capacidade dos ecosistemas mariños para responder aos cambios globais inducidos pola actividade humana.
- 5.0 Contribuír á coherencia entre as diferentes políticas sectoriais, acordos e medidas legislativas que inciden no medio mariño, coa finalidade de que se adapten aos obxectivos de conservación da biodiversidade mariña.
- 6.0 Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos con competencias no medio mariño para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.
- 7.0 Propiciarase o aproveitamento sostible dos bens e servizos mariños polas actuais e futuras xeracións, garantindo que as actividades e usos no medio mariño sexan compatibles coa preservación da súa biodiversidade.
- 8.0 Promoverase que a investigación mariña orientada ao aproveitamento racional dos recursos e potencialidades do medio mariño sexa compatible co seu mantemento nun estado de conservación favorable.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión das augas mariñas, aplicarase a normativa sectorial europea, estatal e galega, vixente no seu momento, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015), así como coas normas de declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002), dos instrumentos de planificación e xestión derivados das distintas figuras de espazos naturais (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014), e dos plans de conservación das especies ameazadas de flora e fauna silvestre, no ámbito do Parque Nacional.

Medidas de xestión sectoriais: Medios ecolóxicos

6 Paisaxe

1. Obxectivos

- 1.0 O recoñecemento, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe co fin de preservar todos os elementos que a configuran nun marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe exerce unha función principal de interese xeral nos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.
- 2.0 Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes existentes no Parque Nacional, así como os costumes tradicionais existentes e os compoñentes naturais e elementos construtivos destes.
- 3.0 Mitigar os elementos artificiais que a nivel estrutural e funcional actúan como barreiras, así como fortalecer a conservación daqueles de carácter natural ou seminatural que constitúen corredores ecolóxicos que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.
- 4.0 Nas actuacións susceptibles de alterar ou modificar a paisaxe natural do Parque Nacional teranse especialmente en conta as súas repercusións sobre a calidade paisaxística e adoptaranse cantas medidas sexan necesarias con obxecto de minimizar as consecuencias. En tal sentido, os proxectos que teñan por obxecto este tipo de actuacións e especial incidencia sobre a paisaxe supervisaranse co obxecto de garantir o cumprimento do expresado neste artigo.

2. Directrices

- 1.0 Establecerase un programa de recuperación daquelas áreas que conteñan elementos da paisaxe degradados e priorizaranse as áreas de maior accesibilidade visual.
- 2.0 Restaurarase a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas, como movementos de terra, actividades extractivas, apertura de pistas e camiños ou de calquera outro tipo.
- 3.0 Procurarase evitar a introdución no medio natural de calquera elemento artificial que limite o campo visual ou rompa a harmonía da paisaxe. Non obstante, poderán establecerse as infraestruturas que sexan imprescindibles, de acordo coas prescricións do presente plan, procurando minimizar o seu impacto sobre o medio.
- 4.0 Velarase polo mantemento do territorio do Parque Nacional libre de lixos, residuos e verteduras e aplicarase a normativa vixente na materia. Eliminaranse os vertedoiros e entulleiras incontrolados.
O impacto paisaxístico deberá ser especialmente tido en conta nos proxectos de infraestruturas lineais e nas actuacións realizadas en áreas de alta visibilidade.
- 6.0 O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá determinar aquelas singularidades da paisaxe, tanto elementos naturais como culturais, que deban ser preservados e delimitarán o seu ámbito de protección, tendo en conta a súa cunca visual.
- 7.0 O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural limitará as repoboacións forestais e os tratamentos silvícolas que supoñan unha deterioración paisaxística do Parque Nacional e propoñerá, no seu caso, as medidas correctoras necesarias.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión da paisaxe, aplicarase a normativa sectorial europea, estatal e galega, vixente no seu momento, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015), así como coas normas de declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002), dos instrumentos de planificación e xestión derivados das distintas figuras de espazos naturais (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Decreto 37/2014), e dos plans de conservación das especies ameazadas de flora e fauna silvestre, no ámbito do Parque Nacional.

6.3.2. Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade

1 Hábitats

1. Obxectivos

- 1.0 Manter nun estado de conservación favorable os hábitats prioritarios e de interese comunitario establecidos no anexo I da DC 92/43/CEE.
- 2.0 Regular o uso sostible e fomentar a protección dos hábitats naturais e seminaturais e, de xeito especial, daqueles que posúen unha área de distribución reducida no Parque Nacional, así como no conxunto da Rede Natura 2000.
- 3.0 Manter a integridade e conservar a funcionalidade de charcas e pozas que proporcionan o medio acuático para o desenvolvemento dun elevado conxunto de especies de diversos grupos taxonómicos (flora, invertebrados, anfibios, aves, etc.).

2. Directrices

- 1.0 Os criterios de xestión de hábitats e especies rexeranse, en ausencia de especificacións concretas, polo considerado no Artigo 6 da DC/92/43/CEE.
- 2.0 Estableceranse medidas específicas de xestión para os hábitats de maior fragilidade ecolóxica ou para aqueles que posúen unha escasa representación territorial no ámbito do Parque Nacional ou do conxunto da Rede Natura 2000 en Galicia.
- 3.0 Darase prioridade, alí onde se presenten os hábitats incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, á conservación e rexeneración natural destes fronte a calquera outro tipo de actuación.
- 4.0 Darase prioridade á conservación dos hábitats que alberguen áreas prioritarias de especies de flora ou fauna silvestre de interese para a conservación.
- 5.0 Darase prioridade á protección e conservación dos hábitats de especies de especial interese polo seu carácter endémico, a súa situación de ameaza ou por atoparse no límite da súa área de distribución.
- 6.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan analizar e avaliar o estado de conservación dos hábitats para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.
- 7.0 Para os efectos da xestión do Parque Nacional, e cando non exista unha delimitación territorial concreta dos corredores fluviais e dos humidais, considéranse como área mínima os límites do dominio público máis a zona de servidume e policía, definidas na normativa básica sobre augas continentais ou ben a área delimitada pola existencia de hábitats e especies características dos ecosistemas acuáticos e dos humidais.

3. Normativa xeral

- 1.0 As actuacións non vinculadas coas necesidades de conservación e xestión dos componentes da biodiversidade ou aquelas non contempladas nos supostos de actividades permitidas ou autorizadas establecidas no presente plan, que poidan afectar de maneira significativa, individualmente ou en combinación con outras actuacións, ao Parque Nacional ou ao estado de conservación dun tipo de hábitat incluído no anexo I da DC 92/43/CEE, deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural. A mencionada autorización será outorgada tras unha adecuada avaliación das súas repercusións sobre o Parque Nacional de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015).
- 2.0 Establécese a continuación, a partir das directrices establecidas pola Unión Europea, o Goberno de España e a Xunta de Galicia, a formulación das normativas de ordenación e xestión específicas para cada un dos grandes grupos de hábitats presentes no Parque Nacional: mariños, costeiros, humidais continentais, matogueiras e medios rochosos, bosques e agrosistemas tradicionais, establecendo para cada un dos grupos os obxectivos de conservación específicos.
Ademais, para cada un dos grandes grupos de hábitats inclúense un conxunto de accións, usos, plans, proxectos e actividades, que poidan ter relación directa sobre os tipos de hábitat incluídos en cada un dos devanditos grupos. Estrutúranse en tres grandes bloques, segundo a súa influencia positiva, negativa ou inexistente, sobre o estado de conservación dos hábitats albergados en cada un dos grupos.

6.3.2.-Medidas de xestión: Componentes da biodiversidade

En primeiro lugar, contéplase unha relación de actuacións que son susceptibles de **xerar un estado de conservación favorable** dos hábitats, entendendo como tales aquelas accións sobre o medio que permiten incrementar o valor de conservación dos mesmos, fomentando a súa recuperación.

Relaciónanse ademais as actuacións que favorecen o mantemento do estado de conservación dos hábitats, entendendo como tales aqueles plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, **non supoñen unha afección significativa** sobre a integridade do espazo ou dos seus compoñentes, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015).

En terceiro lugar, inclúense tamén as actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats, nas cales se inclúen aqueles plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, **que afectan de forma significativa** sobre a integridade do espazo ou dos seus compoñentes, polo que a súa autorización deberá ser efectuada en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015), así como pola propia normativa de impacto ambiental. Isto permite incrementar a seguridade xurídica de certas actividades e, en concreto, daquelas de carácter tradicional, promovéndose aquelas de carácter sostible.

Finalmente, inclúense unha serie de indicadores de seguimento que permitan establecer unha vixilancia e control do estado de conservación dos hábitats do grupo.

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Hábitats

1.1 Hábitats mariños

1.

Descrición

- 1.0 En relación cos hábitats do medio mariño, no Anexo I da DC 92/43/CEE inclúense unicamente tipos de hábitats pertencentes ao dominio litoral, e en concreto zonas ecolóxicas próximas á costa (Nat-2000 11 Augas mariñas e medios de marea).
- As unidades ambientais nas que se inclúen este tipo de hábitats son:
- UA110 Augas mariñas profundas afastadas da costa
UA111 Augas mariñas próximas á costa.
- 2.0 Os tipos de hábitats incluídos neste grupo son o tipo Nat-2000 1110 **Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda**, e o tipo Nat-2000 1160 **Grandes calas e baías pouco fondas**.
- Os hábitats de contacto son frecuentemente tipos asociados á franxa costeira, como os tipos Nat-2000 1130 **Esteiros**, Nat- 2000 1140 **Chairas lamacentas ou areosas non cubertos de auga na baixamar**, Nat-2000 1170 **Arrecifes**, Nat-2000 1210 **Vexetación anual sobre argazos**, Nat-2000 1220 **Vexetación perenne de coidos**, Nat-2000 1230 **Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas**.

2.

Obxectivos de conservación

- 1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar o estado ecolóxico dos ecosistemas mariños.
- 2.0 Tomar medidas preventivas para impedir a progresiva contaminación do mar.
- 3.0 Reforzar o papel dos medios mariños como reguladores de gases, do clima e de perturbacións naturais.

3.

Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

- 1.0 A eliminación de verteduras non autorizadas que causen contaminación ás augas e aos sedimentos mariños.

4.

Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

- 1.0 A retirada de algas e argazos cando afecten significativamente ao mantemento dos bancos marisqueiros, e se realicen de forma exclusiva e controlada sobre estas áreas.
- 3.0 As actividades de uso público e recreativo sempre e cando sexan levadas a cabo baixo as disposicións normativas sectoriais, as regulacións establecidas polo organismo autónomo competente en materia de Patrimonio Natural, e polas disposicións establecidas no presente Plan.

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

- 1.0 A introdución ou expansión de especies alóctonas que afecten de xeito significativo á estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas mariños naturais.
- 2.0 A construción de infraestruturas que afecten á dinámica mareal (amplitude e correntes mareais) e da oleaxe, provocando perdas significativas de superficies intermareais representadas por hábitats de interese comunitario.
- 3.0 A realización de cambios na morfoloxía do sistema de fondos mediante procesos de dragados, causando a alteración dos sedimentos e das comunidades bentónicas.
- 4.0 O furtivismo, así como calquera aproveitamento indiscriminado, non autorizado ou contrario ás normativas sectoriais.

6.

Indicadores de seguimento

- 1.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats mariños e das poboacións de flora e fauna mariñas para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar.
- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE
 - Estado de conservación das augas mariñas
 - Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies mariñas protexidas

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Hábitats**1.2 Hábitats costeiros****1.****Descrición**

1.0

En relación cos hábitats do medio mariño, no Anexo I da DC 92/43/CEE inclúense unicamente tipos de hábitats pertencentes ao dominio litoral, e en concreto zonas ecolóxicas próximas á costa (Nat-2000 11 Augas mariñas e medios de marea), así como á maior parte dos hábitats naturais e seminaturais que configuran o espazo costeiro.

A importante gradación na distribución dos ecosistemas costeiros implica que para inventariar, cartografar e xeorreferenciar este grupo de hábitats sexa necesario establecer un importante número de unidades ambientais que rexistren as variacións que é posible atopar na franxa costeira:

- UA130 Marismas
- UA140 Lagoas costeiras e litorais
- UA150 Praias
- UA151 Dunas costeiras activas
- UA152 Depresións intradunares húmidas
- UA153 Dunas remontantes
- UA160 Morfoloxías rochosas eulitorais
- UA161 Acantilados costeiros
- UA162 Matogueiras e medios rochosos costeiros

2.0

En consecuencia, este grupo alberga un importante conxunto de tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, entre os cales podes ser citados varios exemplos de tipos prioritarios.

Os esteiros son un dos tipos presentes, correspondéndose co tipo Nat-2000 1130 **Esteiros**, así como o correspondente ás chairas intermareais, o Nat-2000 1140 **Chairas lamacentas ou areosas non cubertos de auga na baixamar**. Asimesmo, cóntase cunha representación de lagoas costeiras, que constitúen un tipo de hábitat prioritario, Nat-2000 1150* **Lagoas costeiras**.

Os cantís rochosos presentan unha gradación do grao de salinidade e humidade que permiten diferenciar ata un total de 4 tipos de hábitats: Nat-2000 1170 **Arrecifes**, Nat-2000 8330 **Furnas mariñas**, Nat-2000 1210 **Vexetación anual sobre argazos**, Nat-2000 1220 **Vexetación perenne de coídos**, Nat-2000 1230 **Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas**. Na parte superior dos mesmos, nas encostas e depósitos costeiros, aparecen formacións arbustivas, que soen corresponder co tipo Nat-2000 4030 **Queirogais secos europeos**, excepto cando en función da natureza higrófila da formación o tipo presente será o tipo Nat-2000 4020* **Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*** (considerado prioritario).

As marismas, pola súa banda, presentan varios tipos de hábitat, como o Nat-2000 1330 **Pasteiros halófilos atlánticos (*Glaucopuccinellietalia maritimae*)** e o Nat-2000 1420 **Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (*Sarcocornetea fruticosi*)**. Pola súa banda, os sistemas dunares do Parque Nacional posúen un importante conxunto de tipos de hábitats, con ata 7 representacións, das cales 2 son prioritarias: o Nat-2000 2110, Nat-2000 2120, Nat-2000 2130*, Nat-2000 2150*, Nat-2000 2190, Nat-2000 2230, Nat-2000 2260.

A **duna embrionaria** (Nat-2000 2110), sitúase en contacto directo coa parte máis elevada da praia, é a máis rica en sales solubles e a flora característica (*Cakile maritima*, *Atriplex prostrata*, *Euphorbia peplis*, etc.) aparece especialmente adaptada á alta salinidade existente e á inestabilidade do substrato. Por detrás fórmase a crista da duna ou **Duna Primaria** (Nat-2000 2120), colonizada por gramíneas rizomatosas (*Elymus farctus*, *Ammophila arenaria*) que desempeñan un papel crucial como fixadores da area. Cara ao interior do continente as condicións de estabilidade do substrato e a diminución da salinidade posibilitan o asentamento dun maior elenco de especies, incrementándose o contido en materia orgánica no chan dunar que adquire unha coloración gris característica que dá nome á **Duna costeira fixa con Vexetación Herbácea** ("dunas grises") (Nat-2000 2130*) con especies características como *Iberis procumbens*, *Armeria pungens*, *Artemisia crithmifolia*, *Scrophularia frutescens*, *Helichrysum picardii*, *Silene littorea*, etc. Cando estas dunas posúen una maior estabilidade e menor salinidade, soen ser frecuentemente colonizadas por especies arbustivas, o que constitúe outro tipo de hábitat prioritario: o tipo Nat-2000 2150*, as **Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)**.

Outros tipos que aparecen con menor frecuencia nas dunas do Parque Nacional son os tipos Nat-2000 2230 **Dunas con céspedes do *Malcomietalia*** e Nat-2000 2260 **Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia***.

Por outra parte, no interior das dunas poden existir zonas que se manteñen permanentemente húmidas en profundidade grazas a achegas freáticas de auga mariña ou continental, favorecendo a aparición de especies higrófilas como *Juncus acutus* ou *Scirpus holoschoenus*, entre outras, sobre solos de texturas areosas e con certo contido en materia orgánica. Este hábitat atópase tipificado no Anexo I da DC 92/43/CEE como **Depresións Intradunares Húmidas** (Nat-2000 2190).

2.

Obxectivos de conservación

- 1.0 Manter un estado de conservación favorable dos ecosistemas costeiros.
- 2.0 Conservar a biodiversidade e xeodiversidade, así como a complexidade ambiental dos medios costeiros.
- 3.0 Fomentar a conservación dos recursos naturais, a través da xestión sostible dos seus valores, garantindo o equilibrio dos procesos naturais.
- 4.0 Contribuír a protexer as augas territoriais e mariñas e a lograr os obxectivos dos acordos internacionais pertinentes, incluídos aqueles que teñen como finalidade previr e erradicar a contaminación do medio mariño.

3.

Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

- 1.0 Establecemento de medidas de conservación e recuperación dos hábitats costeiros prioritarios, como dunas (Nat-2000 2120, Nat-2000 2130*, Nat-2000 2150*), queirogais húmidos costeiros (Nat-2000 4020*) e lagoas costeiras (Nat-2000 1150*), paralelamente ao control e erradicación de especies invasoras presentes nos medios costeiros.
- 2.0 Eliminación das verteduras directas de calquera tipo sobre as lagoas costeiras (Nat-2000 1150*), así como aquelas que cheguen aos seus cauces de alimentación e que provoquen unha afección no estado ecolóxico e químico das augas ou que non contén coa debida autorización.
- 3.0 O establecemento de medidas de control do uso público que minimicen a afección causada polo tránsito de visitantes e favorezan o mantemento da composición, estrutura e funcionalidade dos hábitats costeiros.

4.

Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

- 1.0 As actividades de uso público e recreativo sempre e cando sexan levadas a cabo baixo as regulacións establecidas polo presente Plan, segundo o establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015).

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

- 1.0 Os cambios de uso que afecten significativamente ao estado de conservación dos hábitats costeiros de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies costeiras de interese para a conservación.
- 2.0 O uso incontrolado e sen autorización de biocidas sobre os hábitats protexidos e das especies de interese para a conservación.
- 3.0 A liberación indiscriminada no medio natural de organismos modificados xenéticamente, cando poidan afectar ao acervo xenético das especies de interese comunitario, ou ben poidan exercer fronte a estas unha maior competencia polo aproveitamento dos recursos naturais.
- 4.0 Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais costeiros ou sobre as áreas prioritarias das especies costeiras de interese para a conservación.
- 5.0 As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do Parque Nacional, sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais costeiros ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, incluíndo especialmente a repoboación ou plantación de espécimes alóctonos con exemplares de *Eucalyptus*, *Pinus*, *Pseudotsuga*, *Quercus rubra*, etc.
- 6.0 A circulación e o uso de vehículos ou maquinaria sobre hábitats costeiros do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación, sen a autorización do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural.
- 7.0 As verteduras non autorizados que causen contaminación nos humedais costeiros (marismas, lagoas costeiras, depresións intradunares) e nas zonas intermareais.
- 8.0 O furtivismo, así como calquer aproveitamento indiscriminado e contrario ás normativas sectoriais.
- 9.0 A construción de infraestruturas que afecten á dinámica mareal (amplitude e correntes mareais) e da oleaxe, provocando perdas de superficies intermareais.
- 10.0 A extracción de area de praias e ecosistemas dunares sen autorización expresa por parte dos órganos de xestión do Parque Nacional.

6.3.2.-Medidas de xestión: Compoñentes da biodiversidade

11.0

O tránsito de visitantes incumprindo as normas de uso público, especialmente cando estas actividades se realizan fora das pasarelas e áreas delimitadas a tal fin provocando o pisoteo dos hábitats naturais.

6.

Indicadores de seguimento

1.0

Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats costeiros e das poboacións de flora e fauna costeiras para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:

- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Continuidade e conectividade entre os distintos tipos de hábitats.
- Estado de conservación das augas transicionais e costeiras.
- Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies costeiras protexidas.

Medidas de xestión sectoriais: Compoñentes da biodiversidade: Hábitats

1.3 Bosques

1. Descrición

1.0 Para representar os diferentes tipos de bosques presentes no Parque Nacional, de xeito que sexa posible inventariar e xeorreferenciar os diferentes tipos de hábitat boscosos, diferenciáronse un total de 3 unidades ambientais, relativas a bosques naturais e seminaturais, atendendo á súa composición biocenótica e á súa entidade superficial.

A unidade ambiental UA260 Bosques húmidos, representa as pequenas formacións higrófilas cartografadas, mentres que a UA420 inclúe as reboleiras costeiras existentes no arquipélago de Cortegada. Dentro de cada unha das unidades ambientais considéranse diversos grupos de hábitats vinculados que representan diferentes formacións en función das especies dominantes.

UA260 Bosques húmidos
UA420 Bosques de carballos caducifolios
UA429 Louredais

2.0 Os tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE que se inclúen na primeira das unidades ambientais correspóndense cun tipo prioritario, o Nat-2000 91E0* **Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior***, no cal se inclúen as formacións higrófilas de salgueiros presentes na Illa de Cortegada e máis na de Ons.

Por outra banda, quedan identificadas as formacións costeiras de loureiros dentro do hábitat Nat-2000 5230* **Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*** (UA429).

2. Obxectivos de conservación

1.0 Promover a conservación dos hábitats boscosos naturais e das especies de interese para a conservación presentes nos mesmos, de acordo aos obxectivos de conservación do Parque Nacional e do presente Plan.

2.0 Promover a substitución das formacións arboradas de especies alóctonas (*Acacia* spp, *Pinus* spp, *Eucalyptus* spp, *Pseudotsuga*, *Robinia pseudoacacia*, *Quercus rubra*, etc), por tipos de hábitats de interese comunitario acordos coas características bioxeográficas e a dinámica natural da paisaxe nos distintos arquipélagos do Parque Nacional

3.0 Fomento dos procesos ecolóxicos de rexeneración natural dos bosques baseados na súa relación coa fauna silvestre que actúa como vector de polinización e de dispersión das sementes (invertebrados, aves, mamíferos).

4.0 Fomentar o mantemento das funcións que desempeñan os bosques como a regulación do ciclo hidrolóxico, a protección dos solos e o control da sedimentación.

5.0 Conservar a variedade de hábitats boscosos presente, prestando especial atención a aqueles exemplos de reducida distribución e cuxa presenza está ligada a factores a pequena escala.

6.0 Aumentar a conectividade e permeabilidade dos hábitats boscosos mediante a redución da súa fragmentación.

3. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 Establecemento de medidas de conservación e recuperación dos hábitats boscosos encamiñadas especialmente a aumentar a conectividade e a permeabilidade entre masas arborizadas así como cos hábitats colindantes.

2.0 Establecemento de medidas de control e erradicación de especies invasoras presentes nos hábitats boscosos, minimizando a presenza das mesmas tanto no interior das masas arborizadas como nos seus bordes.

4. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 Cortas dos tipos de bosques do anexo I da DC 92/43/CEE vinculadas estritamente ás necesidades de xestión, restauración e sanidade vexetal, conformes cos obxectivos do presente plan, cando sexan necesarias para garantir a seguridade das persoas, infraestruturas ou propiedades, e baixo a autorización por parte do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural .

2.0 Cortas de rexeneración e mantemento, no caso de rodais sen rexeneración natural, cando sexan estritamente necesarias para asegurar a súa preservación, e suxeitas a autorización por parte organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural.

- 3.0 Os cerramentos e valados que non se atopen conformados por especies vexetais autóctonas, nin por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, así como aqueles que impidan a circulación da fauna silvestre, ou que supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación.

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

- 1.0 As cortas a feito ou a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da DC 92/43/CEE ou que alberguen áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.
- 2.0 Os cambios de uso que afecten significativamente á estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais boscosos que constitúan tipos de hábitats de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE) ou ás áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos bosques.
- 3.0 A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.
- 4.0 O uso de biocidas sobre os hábitats boscosos protexidos e das especies de interese para a conservación dos bosques.
- 5.0 A liberación indiscriminada no medio natural de organismos modificados xenéticamente, cando poidan afectar ao acervo xenético das especies de interese comunitario, ou ben poidan exercer fronte a estas unha maior competencia polo aproveitamento dos recursos naturais.
- 6.0 Introducións nos tipos de hábitats boscosos do Anexo I da DC 92/43/CEE de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas boscosos ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación dos bosques.
- 7.0 A recolección non autorizada de vexetais e fungos con fins comerciais.
- 8.0 As plantacións forestais de especies alóctonas (*Acacia* spp, *Pinus* spp, *Eucalyptus* spp, *Pseudotsuga*, *Robinia pseudacacia*, *Quercus rubra*, etc).
- 9.0 Calquera outra modificación significativa da estrutura, composición ou función dos ecosistemas naturais boscosos que constitúan tipos de hábitat de interese comunitario.

6.

Indicadores de seguimento

- 1.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats de bosque, así como das poboacións de flora e fauna presentes nos mesmos para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:
- Superficie ocupada polos hábitats boscosos do Anexo I da DC 92/43/CEE.
 - Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies protexidas.

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Hábitats

1.4 Agrosistemas tradicionais

1.

Descrición

1.0

As áreas ocupadas polos agrosistemas tradicionais na actualidade tipifícanse dentro do grupo de unidades ambientais UA500, baixo o epígrafe de "Paisaxe Rural Tradicional". Con todo, no Parque Nacional soamente se atopa identificada a UA510 Mosaico rural con pequenas parcelas pechadas.

UA510 Mosaico rural de pequenas parcelas pechadas

2.0

No seo desta unidade correspondente aos agrosistemas tradicionais litorais, é posible identificar áreas herbosas de carácter seminatural, cun grao de intervención humana variable, pero que constitúen tipos de hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE. Entre estes cabe citar os tipos Nat-2000 6410 **Prados con *Molinia***, o tipo Nat-2000 6430 **Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas** e o tipo Nat-2000 6510 **Prados de sega de baixa altitude**.

2.

Obxectivos de conservación

1.0

Conservación, restauración e, no seu caso, mellora dos agrosistemas tradicionais polos valores de biodiversidade e sostibilidade albergados nos mesmos.

2.0

Fomentar a conservación dos recursos dos hábitats seminaturais agrícolas para garantir a súa conservación e mantemento.

3.0

Mantemento dos sistemas tradicionais de deslinde (sebes, muros, etc.) que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies de interese para a conservación.

3.

Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0

Medidas de conservación e recuperación da superficie, a estrutura e funcionalidade dos hábitats de interese comunitario albergados polos agrosistemas tradicionais, encamiñadas especialmente a aumentar a conectividade, a permeabilidade e as condicións ecotónicas cos hábitats colindantes.

2.0

O mantemento dos cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas, por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, e que non impidan a circulación da fauna silvestre, nin que supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, nin un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación.

3.0

Eliminación e control de especies exóticas invasoras que afecten significativamente á estrutura, composición e funcionalidade dos hábitats dos agrosistemas tradicionais.

4.

Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0

As actividades tradicionais de carácter agrícola e gandeiro que non supoñan unha alteración significativa da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE) e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0

Os cambios de uso que afecten significativamente á estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos hábitats agrícolas de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

2.0

A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.

3.0

O uso de biocidas, cando se realicen fora dos predios de cultivo ou de forma contraria á regulamentación e ás recomendacións sobre a súa aplicación.

4.0

A liberación indiscriminada no medio natural de organismos modificados xeneticamente, cando poidan afectar ao acervo xenético das especies de interese comunitario, ou ben poidan exercer fronte a estas unha maior competencia polo aproveitamento dos recursos naturais.

5.0

Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos hábitats agrícolas de interese comunitario ou sobre

as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

6.

Indicadores de seguimento

1.0

Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos hábitats presentes nos agrosistemas tradicionais galegos, así como das poboacións de flora e fauna presentes nos mesmos para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:

- Superficie ocupada polos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.
- Superficie ocupada por elementos dos sistemas tradicionais de deslinde dos campos.
- Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies protexidas.

Medidas de xestión sectoriais: Compoñentes da biodiversidade

2 Flora e fauna silvestre

1. Obxectivos

- 1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar o estado de conservación das especies de flora e fauna e, en especial, das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Regular o uso sostible e fomentar a conservación das especies de flora e fauna silvestre e garantir que os aproveitamentos que se realicen sobre especies de interese para a conservación non leven consigo unha afección significativa sobre o seu estado de conservación.
- 3.0 Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos ou alóctonos no Parque Nacional e, explicitamente, daqueles de carácter invasor.

2. Directrices

- 1.0 Velarase pola conservación das especies de fauna e flora silvestre do Parque Nacional.
- 1.1 Evitarase a desaparición de calquera especie autóctona e asegurase a persistencia dos seus hábitats.
- 1.2 Aplicaranse, se fose preciso, medidas de conservación e xestión das especies endémicas, ameazadas ou relictas.
- 1.3 Para as especies catalogadas elaboraranse e executáranse os correspondentes plans de recuperación ou xestión de acordo coas categorías establecidas na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza.
- 2.0 Velarase pola pureza das poboacións e evitanse introducir subespecies ou razas xeográficas distintas ás propias do Parque Nacional.
- 3.0 Tenderase á eliminación gradual das especies alóctonas existentes no Parque Nacional. Evitarase a introdución e propagación de especies alóctonas.
- 4.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións de flora e fauna para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.
- 5.0 A conservación das especies de flora e fauna silvestre presentes no Parque Nacional orientarase cara aqueles elementos considerados como “protexidos” ou “catalogados” pola normativa comunitaria, estatal e autonómica, xunto cos elementos endémicos e raros a nivel bioxeográfico presentes no territorio.
- 6.0 O acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres do Parque Nacional e a repartición de beneficios derivados da súa utilización rexerase polo disposto no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica e os seus instrumentos de desenvolvemento, e, no seu caso, no Tratado Internacional sobre Recursos Fitoxenéticos para a Alimentación e a Agricultura da Organización Mundial para a Alimentación e a Agricultura (FAO), así como polo disposto en calquera outro documento que poida desenvolver aos citados.
- 6.1 A Comunidade Autónoma de Galicia poderá establecer no Parque Nacional condicións ao acceso de recursos xenéticos in situ, cando a súa recolección requira da adopción de medidas para garantir a súa conservación e aproveitamento sostible.

3. Normativa xeral

- 1.0 As actuacións, non vinculadas coas necesidades de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade ou non contempladas nos supostos de actividades permitidas ou autorizadas establecidas no presente Plan, que poidan afectar de forma apreciable, individualmente ou en combinación con outras actuacións, as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural. A mencionada autorización será outorgada tras unha adecuada avaliación das súas repercusións de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015).
- 2.0 Establécese a continuación, a partir das directrices establecidas pola Unión Europea, o Goberno de España e a Xunta de Galicia, a formulación das normativas de ordenación e xestión específicas para cada un dos grupos de especies de interese para a conservación presentes no Parque Nacional. En cada un deles faise unha breve descrición do grupo de especies, así como a relación dos hábitats aos que se vinculan os taxóns do grupo e as categorías de protección na que se atopan estes, establecendo a continuación os obxectivos de conservación específicos para o grupo de especies.

Ademais, para cada un dos grupos de especies inclúense un conxunto de accións, usos, plans, proxectos e actividades, que poidan ter relación directamente sobre as poboacións das especies de interese para a conservación incluídas en cada un dos devanditos grupos, ou indirectamente sobre os hábitats das especies de interese para a conservación. Estrutúranse en tres grandes bloques, segundo a súa influencia positiva,

6.3.2.-Medidas de xestión: Componentes da biodiversidade

negativa ou inexistente sobre o estado de conservación das especies incluídas en cada un dos grupos.

En primeiro lugar, contéplase unha relación de actuacións que son susceptibles de **xerar un estado de conservación favorable** das especies de interese para a conservación, entendendo como tales aquelas accións sobre o medio que permiten incrementar o estado de conservación das poboacións, fomentando a súa recuperación.

Relaciónanse ademais as actuacións que favorecen o mantemento do estado de conservación das especies de interese para a conservación, entendendo como tales aqueles plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, **non supoñen unha afección significativa** sobre a integridade das poboacións das especies de interese para a conservación, en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015).

En terceiro lugar, inclúense tamén as actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación, nas cales se inclúen aqueles plans, proxectos e actividades que, sen ter relación directa coas necesidades de xestión, **afectan de forma significativa** á integridade das poboacións das especies de interese para a conservación, polo que a súa autorización deberá ser efectuada en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015), así como pola propia normativa de impacto ambiental. Isto permite incrementar a seguridade xurídica de certas actividades e, en concreto, daquelas de carácter tradicional, vinculadas ao sector primario (agricultura, pesca, marisqueo, etc.), promovéndose aquelas de carácter sostible.

Finalmente, inclúense unha serie de indicadores de seguimento que permitan vixiar e controlar o estado de conservación dos taxóns de interese que integran o grupo.

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Especies

2.1 Flora

1.

Descrición

1.0

Os taxons protexidos de flora presentes no Parque Nacional suman un conxunto de 12 especies, dos que a maior parte se atopa incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, con un total de 9: un total de 7 catalogadas En perigo de Extinción, e 2 como Vulnerables.

Desde un punto de vista da DC 92/43/CEE, no Parque Nacional está presente 1 especie prioritaria (*Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*), mentres que nos Anexos II e IV inclúense un total de 2 (a anterior e máis *Rumex rupestris*).

Finalmente, no tocante ás especies incluídas na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, no Catálogo Español de Especies Ameazadas inclúese *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica* como En Perigo de Extinción, e outras 2 consideradas en Réxime de Protección Especial (*Rumex rupestris* e *Nanozostera noltii*).

2.0

Os medios que albergan un maior número de especies e subespecies de flora protexida do Parque Nacional son os acantilados e matogueiras costeiras, as augas mariñas e nos ecosistemas dunares.

Os principais hábitats das especies de interese para a conservación nos acantilados e matogueiras costeiras son o tipo Nat-2000 1230 **Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas**, Nat-2000 4030 **Queirogais secos europeos**, Nat-2000 8220 **Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica**, Nat-2000 8230 **Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii***, Nat-2000 8330 **Furnas mariñas**.

No tocante ás augas mariñas, os tipos de hábitats que albergan un maior número de especies son o tipo Nat-2000 1110 **Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña** e Nat-2000 1170 **Arrecifes**.

Nos que respecta aos ecosistemas dunares, cabe salientar os tipos Nat-2000 2120 **Dunas móbiles litorais con *Ammophila arenaria* ("dunas brancas")**, Nat-2000 2130* **Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")**, Nat-2000 2150* **Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)**, Nat-2000 2230 **Dunas con céspedes de *Malcomietalia*** e Nat-2000 2260 **Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia***.

2.

Obxectivos de conservación

1.0

Asegurar a conservación da diversidade de especies vexetais que alberga o Parque Nacional, especialmente no que á presenza de endemismos se refire.

2.0

Fomentar o mantemento dun estado de conservación favorable dos hábitats naturais e seminaturais que albergan especies de flora de interese para a conservación.

3.0

Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das especies de interese para a conservación.

4.0

Apoiar as actividades agrícolas e gandeiras tradicionais que non supoñan unha mingua significativa no estado de conservación das áreas prioritarias das especies de flora de interese para a conservación nin dos seus hábitats.

3.

Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0

Control, mitigación e no seu caso erradicación de especies invasoras que afecten á dinámica, distribución e hábitats das poboacións das especies de flora de interese para a conservación.

2.0

Posta en marcha de bancos de xermoplasma que aseguren a conservación ex-situ de xeito que se posúa na medida do posible unha mostra adecuada da variabilidade xenética poboacional da flora de interese para a conservación.

4.

Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

O desenvolvemento de actividades de uso público de acordo ás disposicións establecidas no presente Plan, respectando os hábitats das especies para a conservación, así como as áreas prioritarias das súas poboacións.

2.0

As actividades de pesca e marisqueo, debidamente autorizados, que se desenvolvan de acordo coa normativa do presente Plan, respectando os hábitats e as áreas prioritarias das especies de flora de interese para a conservación.

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

- | | |
|-----|--|
| 1.0 | A redución, fragmentación, degradación ou destrución dos hábitats das áreas prioritarias das especies de flora de interese para a conservación. |
| 2.0 | A recolección, corta, mutilación, arranque, destrución, ou calquera outra acción directa na natureza sobre os individuos completos ou parte deles, así como a recolla das súas sementes, pole ou esporas, das especies de flora de interese para a conservación. |
| 3.0 | O sobrepastoreo, a artificialización dos terreos ou calquera outra acción que cause unha mingua significativa na dinámica, distribución e hábitats das poboacións das especies de flora de interese para a conservación. |
| 4.0 | A herborización incontrolada e sen autorización de especies de flora de interese para a conservación. |
| 5.0 | Calquera modificación (rozas, desbroces e outros labores mecánicos, uso do lume, etc.) da estrutura, composición ou funcionamento dos hábitats arbustivos e herbáceos, naturais e seminaturais, que afecte significativamente á dinámica e distribución das poboacións das especies de interese para a conservación presentes. |
| 6.0 | As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de flora de interese para a conservación. |

6.

Indicadores de seguimento

- | | |
|-----|---|
| 1.0 | <p>Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de flora de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:</p> <ul style="list-style-type: none">• Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat dos taxóns de flora de interese.• Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes dos taxóns de flora de interese.• Área de presenza regular de exemplares de taxóns de flora de interese nos últimos cinco anos.• Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de flora de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio.• Número e tamaño das poboacións dos taxóns de flora de interese para a conservación. |
|-----|---|

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Especies

2.2 Invertebrados

1.

Descrición

1.0

O grupo de invertebrados no Parque Nacional conta cun total de 11 taxóns de interese para a conservación, dos que 5 se atopan incluídos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, contando con un En Perigo de Extinción (*Zerynthia rumina*), e os 4 restantes están incluídos como Vulnerables.

A importancia para a conservación deste grupo de especies tradúcese na inclusión no Anexo II da DC 92/43/CEE dun total de 4 taxóns, mentres que no Anexo IV se atopan ata un total de 2.

Na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial están contempladas un total de 7 taxóns, dos que un se inclúe no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría Vulnerable (*Charonia lampas* subsp. *lampas*).

2.0

As especies protexidas do grupo de invertebrados no Parque Nacional están ligadas, fundamentalmente, ás augas mariñas, aos cantís costeiros e ás masas de carballos caducifolios presentes.

Nas augas mariñas, os tipos de hábitat nos que se atopan as especies protexidas de invertebrados son os tipos Nat-2000 1110 **Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña**, Nat-2000 1140 **Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar** e Nat-2000 1160 **Grandes calas e baías pouco fondas**.

Os principais hábitats das especies de invertebrados de interese para a conservación nos cantís costeiros son o tipo Nat-2000 1230 **Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas** e Nat-2000 1170 **Arrecifes**.

No tocante ás superficies boscosas, o tipos de hábitats que alberga un maior número de invertebrados é o tipo Nat-2000 9230 **Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica***.

2.

Obxectivos de conservación

1.0

Fomento da conservación da diversidade de especies de invertebrados terrestres e acuáticos que alberga o Parque Nacional.

2.0

Mantemento, ou no seu caso restauración, do estado de conservación dos hábitats que albergan poboacións de especies de invertebrados de interese para a conservación.

3.0

Reducir o grao de fragmentación dos hábitats das especies de invertebrados de interese para a conservación, mediante o aumento da conectividade e a permeabilidade dos medios terrestres e húmidos.

4.0

Promover o control, mitigación e no seu caso erradicación de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar significativamente ao estado de conservación das poboacións das especies de invertebrados de interese para a conservación.

3.

Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0

Mantemento da diversidade de ambientes e medios dos distintos tipos de ecosistemas, evitando a homoxenización do territorio con biocenoses artificiais de reducida estrutura e cunha baixa riqueza de especies autóctonas.

2.0

Erradicación e control de especies invasoras que afecten significativamente á dinámica, distribución e hábitats das poboacións das especies de invertebrados de interese para a conservación.

3.0

Mantemento e conservación de árbores vellas nos bosques xa que constitúen un importante refuxio para certas especies de invertebrados de interese para a conservación.

4.

Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

Controlar o emprego de biocidas para o control de pragas, tendo en conta que a súa aplicación non afecte de xeito significativo á dinámica, distribución e hábitats das especies de interese para a conservación.

2.0

As actividades de pesca e marisqueo, debidamente autorizadas, que se desenvolvan de acordo coa normativa do presente Plan, e da lexislación vixente en materia de pesca e marisqueo, respectando os hábitats e as áreas prioritarias das especies de invertebrados de interese para a conservación.

3.0

O desenvolvemento de actividades de uso público de acordo ás disposicións establecidas no presente Plan, respectando os hábitats das especies para a conservación, así como as áreas prioritarias das súas poboacións.

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

Desenvolvemento de actividades que afecten á configuración, estrutura e composición taxonómica dos hábitats naturais e seminaturais, e especialmente dos hábitats de interese comunitario das especies de invertebrados de interese para a conservación.

2.0

Calquera actuación sen autorización sobre as especies de invertebrados de interese para a conservación co propósito de darlles morte, capturalas, perseguilas ou molestalas intencionadamente, incluíndo ás súas larvas e ovos, nas súas tobeiras ou áreas de muda, repouso e alimentación.

3.0

A captura incontrolada de exemplares de invertebrados para ser empregados como reclamos.

4.0

A recollida incontrolada para o coleccionismo e sen autorización de especies de invertebrados de interese para a conservación.

6.

Indicadores de seguimento

1.0

Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de invertebrados de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat dos invertebrados de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes dos invertebrados de interese.
- Área de presenza regular de exemplares de invertebrados de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de invertebrados de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns de invertebrados de interese para a conservación.

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Especies

2.3 Peixes

1.

Descrición

1.0

O grupo de peixes de interese para a conservación comprende un total de 5 taxóns, dos que 3 se atopan incluídos no Anexo II da DC 92/43/CEE, mentres que un está incluído no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría de Vulnerables, e 2 na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (excluídos do CEEA).

2.0

Os taxóns de peixes protexidos no Parque Nacional están vencellados ás augas mariñas, nas que os hábitats principais son os tipos Nat-2000 1110 **Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda**, Nat-2000 1160 **Grandes calas e baías pouco fondas** e Nat-2000 1170 **Arrecifes**.

2.

Obxectivos de conservación

1.0

Conservación da diversidade de especies de peixes que alberga o territorio.

2.0

Fomento do estado de conservación dos hábitats que albergan especies de peixes de interese para a conservación.

3.0

Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das peixes de interese para a conservación.

3.

Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0

Erradicación e control de especies invasoras piscívoras que afecten significativamente á dinámica, distribución e hábitats das poboacións das especies de peixes de interese para a conservación.

2.0

Eliminación das verteduras directas de calquera clase (agrícolas, urbanas, industriais) sobre os medios acuáticos, así como o establecemento de medidas de mitigación dos seus efectos e depuración dos efluentes.

4.

Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

As actividades de pesca e marisqueo, debidamente autorizadas, que se desenvolvan de acordo coa normativa do presente Plan, e da sectorial de pesca e marisqueo, respectando os hábitats e as áreas prioritarias das especies de peixes de interese para a conservación.

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

O furtivismo, así como calquera aproveitamento indiscriminado e contrario ás normativas sectoriais.

6.

Indicadores de seguimento

1.0

Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de peixes de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat dos peixes de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes dos peixes de interese.
- Área de presenza regular de exemplares de peixes de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de peixes de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio, reprodución e alimentación.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns de peixes de interese para a conservación.

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Especies**2.4 Herpetofauna****1.****Descrición**

1.0

No Parque Nacional está rexistrada a presenza de 3 taxóns de anfibios que se atopan incluídos nalgún dos listados de protección establecidos a nivel comunitario, estatal e autonómico. Todos eles están incluídos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, incluíndose un deles nos Anexos II e IV da DC 92/43/CEE, e 2 na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial.

No tocante aos réptiles de interese para a conservación, o conxunto dos mesmos é superior ao dos anfibios, posto que ascende ata 10 taxóns incluídos nalgún dos listados de protección, dos que 8 son de hábitos continentais e os 2 restantes son réptiles mariños. Estes últimos constitúen un grupo salientable posto que inclúen unha especie prioritaria (*Caretta caretta*), ademais de estaren incluídas no Anexo IV da DC 92/43/CEE, na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (das que soamente *Caretta caretta* está incluída no CEEA como Vulnerable), e máis no CGEA (*Dermochelys coriacea* como En Perigo de Extinción e *Caretta caretta* como Vulnerable).

Dos réptiles continentais cabe salientar que un se inclúe no Anexo IV da DC 92/43/CEE (*Chalcides bedriagai*), incluído tamén no CGEA na categoría En Perigo de Extinción, xunto a outras 4 como Vulnerables. Por outra parte, na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial chegan a incluírse un total de 8 especies de réptiles continentais, excluíndose todas elas do CEEA.

2.0

As especies de anfibios concéntranse fundamentalmente nos humidaes costeiros, nos bosques húmidos e de carballos e nos agrosistemas tradicionais.

Deste xeito, os hábitats dos humidaes costeiros aos que se atopan vencellados os anfibios son o Nat-2000 1140 **Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar**, Nat-2000 1150* **Lagoas costeiras**, Nat-2000 1330 **Pasteiros halófilos atlánticos**, Nat-2000 1420 **Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas**.

No tocante aos tipos dos bosques, cabe salientar os tipos Nat-2000 91E0* **Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior***, Nat-2000 5230* **Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis* e Nat-2000 9230 Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Q. pyrenaica***.

Nos agrosistemas tradicionais, os tipos de hábitat son o tipo Nat-2000 6410 **Prados con *Molinia***, Nat-2000 6510 **Prados de sega de baixa altitude** e Nat-2000 6430 **Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas**.

Os réptiles mariños posúen, evidentemente, o seu hábitat predominante nas augas mariñas, nas cales poden ser identificados os tipos Nat-2000 1110 **Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda** e Nat-2000 1160 **Grandes calas e baías pouco fondas**.

No tocante aos réptiles terrestres, estes concéntranse fundamentalmente nos acantilados e matogueiras costeiras, nos ecosistemas dunares, nos agrosistemas tradicionais e nos bosques naturais.

Os principais hábitats das especies terrestres de réptiles de interese para a conservación nos acantilados e matogueiras costeiras son o tipo Nat-2000 1230 **Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas**, Nat-2000 4030 **Queirogais secos europeos**, Nat-2000 8220 **Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica**, Nat-2000 8230 **Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii***, Nat-2000 8310 **Covas non explotadas polo turismo**, e Nat-2000 8330 **Furnas mariñas**.

No que respecta aos ecosistemas dunares, cabe salientar os tipos Nat-2000 2120 **Dunas móbiles litorais con *Ammophila arenaria* ("dunas brancas")**, Nat-2000 2130* **Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")**, Nat-2000 2150* **Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)**, Nat-2000 2230 **Dunas con céspedes de *Malcomietalia*** e Nat-2000 2260 **Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia***.

Nos agrosistemas tradicionais, os tipos de hábitat son o tipo Nat-2000 6410 **Prados con *Molinia***, Nat-2000 6510 **Prados de sega de baixa altitude** e Nat-2000 6430 **Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas**.

Finalmente, no tocante aos tipos dos bosques, cabe salientar os tipos Nat-2000 91E0* **Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior***, Nat-2000 5230* **Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis* e Nat-2000 9230 Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Q. pyrenaica***.

2.**Obxectivos de conservación**

1.0

Conservación da elevada diversidade de especies de herpetofauna que alberga o territorio.

2.0

Fomento do estado de conservación dos hábitats que albergan poboacións de herpetos protexidos.

3.0

Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.

3.

Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación

1.0

Establecemento de medidas de conservación e fomento dos cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas, ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, e que non impidan a circulación da fauna silvestre, permitindo a conectividade e a permeabilidade das especies de interese para a conservación.

2.0

Erradicación e control de especies invasoras que afecten significativamente á dinámica, distribución e aos hábitats das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.

3.0

O mantemento nun estado ecolóxico favorable dos humedais, especialmente de charcas, charcos temporais e pequenos reservorios artificiais,

4.0

A conservación e restauración de charcas, charcos temporais e pequenos reservorios artificiais de auga que poidan ser colonizados polas especies de herpetofauna de interese para a conservación. Asegurando a existencia dun mosaico de medios acuáticos e higrófilos, así como distintos contactos coas biocenosis non húmidas.

4.

Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

Controlar o emprego de biocidas para o control de pragas, tendo en conta que a súa aplicación non afecte de xeito significativo á dinámica, distribución e hábitats das especies de herpetofauna de interese para a conservación.

2.0

As actividades agrícolas e gandeiras, desenvolvidas de acordo ao establecido no presente Plan, de baixa intensidade e compatibles co mantemento da dinámica e da área de distribución naturais das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación e dos hábitats das mesmas.

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

Calquera uso ou actuación que cause unha afección significativa sobre a superficie, estrutura, composición ou función dos hábitats que albergan especies de anfibios e réptiles de interese para a conservación.

2.0

Calquera actuación sen autorización sobre as especies de herpetofauna de interese para a conservación co propósito de darlles morte, capturalas, perseguilas ou molestalas intencionadamente, incluíndo ás súas larvas e ovos, nas súas tobeiras ou áreas de reprodución, invernada, muda, repouso e alimentación.

3.0

Os cambios de uso que afecten significativamente á estrutura, composición taxonómica e funcionalidade dos hábitats de interese comunitario dos bosques e agrosistemas tradicionais que constitúen áreas prioritarias para diversas especies de herpetofauna de interese para a conservación.

4.0

As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de anfibios e réptiles de interese para a conservación.

6.

Indicadores de seguimento

1.0

Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de anfibios e réptiles de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat da herpetofauna de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes da herpetofauna de interese.
- Área de presenza regular de exemplares da herpetofauna de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de anfibios e réptiles de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio, reprodución e alimentación.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns de herpetofauna de interese para a conservación.

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Especies**2.5 Aves****1.****Descrición**

1.0

No Parque Nacional poden ser citadas máis de 120 especies de aves de interese para a conservación, das que a maior parte (un total de 94) se inclúe na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, e entre as que un total de 6 están incluídas no CEEA: 2 son consideradas En Perigo de Extinción e 4 como Vulnerables. Pola súa banda, o CGEA inclúe ata un total de 8 taxóns, dos cales un é considerado En Perigo de Extinción, e os 7 restantes como Vulnerables.

Por outra banda, no Anexo I da DC 2009/147/CE inclúense un total de 25 taxóns presentes no Parque Nacional. Non obstante, cabe salientar que está documenta a presenza de máis de 50 taxóns de aves migradoras que non están incluídas no devandito Anexo I.

2.0

Os ecosistemas que concentran un maior número de taxóns de aves de interese para a conservación son os humidaís costeiros, os bosques naturais, os agrosistemas tradicionais, as augas mariñas, os cantís e matogueiras costeiras, así como os ecosistemas dunares.

Deste xeito, os hábitats dos humidaís costeiros aos que se atopan vencellados as aves son o Nat-2000 1140 **Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar**, Nat-2000 1150* **Lagoas costeiras**, Nat-2000 1330 **Pasteiros halófilos atlánticos**, Nat-2000 1420 **Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas**.

No tocante aos tipos dos bosques, cabe salientar os tipos Nat-2000 91E0* **Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior***, Nat-2000 5230* **Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis* e Nat-2000 9230 Carballoas galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Q. pyrenaica***.

Nos agrosistemas tradicionais, os tipos de hábitat nos que se concentran os taxóns de aves son os tipos Nat-2000 6410 **Prados con *Molinia***, o Nat-2000 6430 **Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas** e o Nat-2000 6510 **Prados de sega de baixa altitude**.

Pola súa banda, os hábitats predominantes nas augas mariñas son os tipos Nat-2000 1110 **Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda**, Nat-2000 1160 **Grandes calas e baías pouco fondas** e Nat-2000 1170 **Arrecifes**.

Os principais hábitats das especies de aves de interese para a conservación nos acantilados e matogueiras costeiras son o tipo Nat-2000 1230 **Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas**, Nat-2000 4030 **Queirogais secos europeos**, Nat-2000 8220 **Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica**, Nat-2000 8230 **Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii***, Nat-2000 8310 **Covas non explotadas polo turismo**, e Nat-2000 8330 **Furnas mariñas**.

No que respecta aos ecosistemas dunares, cabe salientar os tipos Nat-2000 2120 **Dunas móbiles litorais con *Ammophila arenaria* ("dunas brancas")**, Nat-2000 2130* **Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")**, Nat-2000 2150* **Dunas fixas descalcificadas atlánticas (*Calluno-Ulicetea*)**, Nat-2000 2230 **Dunas con céspedes de *Malcomietalia* e Nat-2000 2260 Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia***.

2.**Obxectivos de conservación**

1.0

Conservación da diversidade de aves que viven normalmente en estado salvaxe no Parque Nacional.

2.0

Garantir a protección das especies de aves de interese para a conservación.

3.0

Establecer medidas de conservación con respecto ás especies migratorias de aves con chegada regular, así como ás colonias de cría de aves mariñas, tendo en conta as necesidades de protección na zona xeográfica marítima e terrestre no relativo ás súas áreas de reprodución, de muda e de invernada e ás zonas de descanso nas súas áreas de migración, prestando especial importancia ás zonas húmidas.

4.0

Evitar a contaminación ou a deterioración dos hábitats así como as perturbacións que afecten ás aves.

3.**Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación**

1.0

O desenvolvemento de actuacións que permitan restaurar ou manter a composición, estrutura e función, e en definitiva o estado de conservación dos hábitats naturais e seminaturais, e en especial dos considerados de interese comunitario, das poboacións de aves de interese para a conservación.

2.0

Erradicación e control de especies invasoras que afecten negativamente á estrutura, composición taxonómica e funcionalidade dos hábitats das poboacións das especies de aves de interese para a conservación.

4.

Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

As actividades agrícolas e gandeiras tradicionais de baixa intensidade e compatibles co mantemento da dinámica natural e da área de distribución das poboacións das especies de aves de interese para a conservación e dos hábitats das mesmas.

2.0

Os cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas, ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, que constitúen importantes zonas de refuxio de aves de interese para a conservación, e que permiten a conectividade e a permeabilidade das poboacións de aves.

3.0

Establecemento de medidas alternativas ao emprego de biocidas para o control de pragas, sempre e cando non causen unha afección sobre a dinámica, a distribución e os hábitats das especies de aves de interese para a conservación.

5.

Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación

1.0

Calquera actuación sen autorización sobre as especies de aves de interese para a conservación co propósito de darlles morte, capturalas, perseguilas ou molestalas intencionadamente.

2.0

A destrución ou redución das áreas de cría, reprodución, invernada, repouso ou alimentación, situadas fora das zonas húmidas.

3.0

As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás aves, incluíndo ás súas crías e ovos, nos seus niños ou áreas de cría, reprodución, invernada, repouso e alimentación.

4.0

O establecemento de liñas eléctricas, telefónicas, ou calquera outro tipo de infraestrutura, que non cumpran as condicións establecidas no presente Plan.

6.

Indicadores de seguimento

1.0

Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de aves de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar:

- Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat das aves de interese.
- Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes das aves de interese.
- Área de presenza regular de exemplares das aves de interese nos últimos cinco anos.
- Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns de aves de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio, reprodución e alimentación.
- Número e tamaño das poboacións dos taxóns das aves de interese para a conservación.

Medidas de xestión sectoriais: Componentes da biodiversidade: Especies**2.6 Mamíferos****1.****Descrición**

1.0

No territorio do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia están identificados ata un total de 8 especies de mamíferos de interese para a conservación, dos cales a metade son de hábitos continentais, e a metade restante son mariños. Estes xogan un importante papel de cara a conservación da biodiversidade, xa que os 4 foron incluídos no Anexo IV da DC 92/43/CEE, así como na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, aínda que soamente 2 (*Phocoena phocoena* e *Tursiops truncatus*) se inclúen no Anexo II da DC 92/43/CEE e máis no CGEA e no CEEA na categoría Vulnerable.

Entre os mamíferos terrestres, cabe salientar a inclusión de 2 taxóns no Anexo II e 4 no Anexo IV da DC 92/43/CEE, mentres o CGEA e o CEEA contemplan unha especie como Vulnerable (*Rhinolophus ferrumequinum*), e outras 3 están na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial pero excluídas do CEEA.

2.0

Os mamíferos mariños posúen, evidentemente, o seu hábitat predominante nas augas mariñas, nas cales poden ser identificados os tipos Nat-2000 1110 **Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda** e Nat-2000 1160 **Grandes calas e baías pouco fondas**.

No tocante aos terrestres, a maior parte das especies de mamíferos de interese para a conservación presentes no Parque Nacional concéntranse fundamentalmente nos bosques naturais, e entre os que cabe salientar os seguintes tipos de hábitat: Nat-2000 91E0* **Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior***, Nat-2000 5230* **Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*** e Nat-2000 9230 **Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Q. pyrenaica***.

2.**Obxectivos de conservación**

1.0

Conservación da elevada diversidade de especies de mamíferos que alberga o Parque Nacional.

2.0

Fomento do estado de conservación dos hábitats que albergan especies de mamíferos de interese para a conservación, promovendo a redución da fragmentación dos mesmos mediante o aumento da súa conectividade e permeabilidade.

3.0

Conservación dos hábitats cavernícolas que serven de refuxio a importantes poboacións de mamíferos de interese para a conservación.

4.0

Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións de mamíferos de interese para a conservación.

3.**Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación**

1.0

As actuacións de conservación e recuperación dos hábitats boscosos encamiñadas especialmente a aumentar a conectividade e a permeabilidade entre masas arborizadas, matogueiras e os hábitats adxacentes, que sirvan de corredores para as especies de mamíferos de interese para a conservación.

2.0

Eradicación e control de especies invasoras que afecten significativamente á estrutura, composición taxonómica e funcionalidade dos hábitats das poboacións das especies de mamíferos de interese para a conservación.

4.**Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación**

1.0

As actividades agrícolas tradicionais de baixa intensidade e compatibles co mantemento da distribución e dinámica das poboacións das especies de mamíferos de interese para a conservación e dos hábitats das mesmas.

2.0

Os cerramentos e valados conformados por especies vexetais autóctonas, ou por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, que permiten a conectividade e a permeabilidade das poboacións de mamíferos de interese para a conservación.

5.**Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación das especies de interese para a conservación**

1.0

Os cambios de uso do territorio que provocan a degradación ou eliminación dos agrosistemas tradicionais.

2.0

Calquera actuación sen autorización sobre as especies de mamíferos de interese para a conservación,

6.3.2.-Medidas de xestión: Compoñentes da biodiversidade

3.0	incluíndo ás súas crías, co propósito de darlles morte, capturalas, perseguilas ou molestalas intencionadamente.
4.0	As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de mamíferos de interese para a conservación.
	Calquera actividade que cause a destrución ou deterioración significativa das tobeiras, áreas de cría, reprodución, invernada, repouso ou alimentación dos mamíferos de interese para a conservación.

6.

Indicadores de seguimento

1.0	Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan vixiar e controlar o estado de conservación das poboacións das especies de mamíferos de interese para a conservación para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores caben citar: • Área de distribución potencial que reúne condicións como hábitat dos mamíferos de interese. • Área de ocupación para a supervivencia das poboacións existentes dos mamíferos de interese. • Área de presenza regular de exemplares dos mamíferos de interese nos últimos cinco anos. • Área prioritaria de conservación, vital para a supervivencia e recuperación das poboacións ou dos taxóns dos mamíferos de interese para a conservación, incorporando como mínimo os enclaves de refuxio, reprodución e alimentación. • Número e tamaño das poboacións dos taxóns dos mamíferos de interese para a conservación.
-----	--

6.3.3. Medidas de xestión sectoriais: Recursos e actividades

Medidas de xestión sectoriais: Recursos e actividades

1 Usos marisqueiros e pesqueiros

1. Obxectivos

- 1.0 A xestión marisqueira e pesqueira do Parque Nacional deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación, empregando para elo as mellores técnicas sostibles para o medio e os recursos.
- 2.0 A xestión marisqueira e pesqueira do Parque Nacional levarase a cabo dende unha perspectiva ecosistémica, promovendo unha economía sostible.
- 3.0 A xestión marisqueira e pesqueira deberán contribuír, como compoñentes da infraestrutura azul, a manter os valiosos servizos que prestan os ecosistemas.

2. Directrices

7.0	O transporte colectivo de visitantes realizarase mediante autorización. Enténdese por visitante en transporte colectivo a aquelas persoas que acceden ao Parque Nacional mediante o abono dun billete de transporte en embarcacións debidamente autorizadas, e realizan o transporte a este de forma diaria e cunhas frecuencias preestablecer durante a tempada alta. Ao non se tratar dun transporte regular entre dous portos, as empresas autorizadas serán as responsables dos seus clientes dende o inicio ata o final da excursión.
7.1	O incumprimento das condicións establecidas na autorización poderá dar orixe á súa anulación.
8.0	O exercicio da caza e da pesca deportiva considéranse actividades prohibidas con carácter xeral en todo o Parque Nacional, debido ás súas repercusións sobre os procesos naturais, os ecosistemas, os hábitats e as especies protexidas, así como pola súa incompatibilidade co uso público.
9.0	O uso con fins comerciais da imaxe, marca ou sinais de identidade gráfica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e das distintas denominacións relativas ás figuras de áreas protexidas que existen ou poidan existir no ámbito do Parque Nacional, deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural
10.0	No ámbito terrestre do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia non poderá realizarse a circulación de vehículos a motor, agás autorización expresa por parte organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural e limitada ás necesidades da conservación, xestión e mantemento do espazo.
11.0	De acordo coa Orde PRE/1841/2005, de 10 de xuño pola que se modifica parcialmente a Orde de 18/01/1993, do Ministerio de Relacións coas Cortes e a Secretaría do Goberno sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo (BOE 144, 17/06/2005), prohibese no ámbito do Parque Nacional o voo de aeronaves (avionetas, globos aerostáticos, ás-deltas, parapente e calquera outro artefacto voador), incluíndo as manobras de despegue, aterraxe, cando se realice a menos de 3.500 pés (1.066,8 metros). Quedan excluídas da anterior especificación as aeronaves estatais ou autonómicas en misións de auxilio, salvamento, vixilancia, extinción de incendios, así como as vencelladas coa conservación e protección do

6.3.3.-Medidas de xestión: Recursos e actividades

	medio ambiente.
12.0	Prohíbese a recolección sen autorización de espécimes e mostras biolóxicas ou de rochas, minerais e fósiles.
13.0	Coa finalidade de protexer e preservar a biodiversidade dos ecosistemas insulares, as persoas que desembarquen no Parque Nacional non poderán portar, nin liberar, espécimes de plantas, ou órganos destas (sementes, tubérculos, etc), e de animais vivos. Desta prohibición exclúense os cans dos servizos oficiais de vixilancia e socorro que desenvolven a súa actividade no Parque Nacional e os cans guía empregados por persoas con minusvalías en conformidade coa normativa galega (Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia).
14.0	Considerarase prohibida en todo o ámbito do Parque Nacional a vertedura de lixo, desperdicios ou calquera outro tipo de residuo sólido, en especial de produtos tóxicos ou perigosos.
15.0	Prohibirase, salvo autorización expresa, calquera modalidade de publicidade exterior, tanto sobre soporte artificial como natural.
16.0	Os locais de hostalaría ubicados no Parque Nacional deberán cumprir estritamente a normativa do Parque no relativo ao mantemento da tranquilidade e quietude en toda a súa superficie. Os horarios de apertura e peche dos establecementos, así como o ruído xerados nos mesmos, axustáense en todo momento ás regulacións polas que se rexe a súa autorización. O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, poderá establecer modificacións temporais destas condicións por concorrencia de razóns imperioso de interese público ou cuado pódase producir unha afección significativa sobre os compoñentes do medio ambiente.
17.0	Prohíbese expresamente a práctica do botellón.

B Capacidade de Carga e xestión do uso público

1.0	O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural establecerá mediante Resolución o valor de carga máxima dentro dos limiares contemplados no presente Plan para as distintas actividades e modalidades, considerando: • Necesidades de conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural. • Dispoñibilidade de persoal de vixilancia e para a atención do visitante. • Dispoñibilidade de infraestruturas, instalacións e servizos de interpretación do Parque Nacional • Dispoñibilidade das infraestruturas públicas
1.1	Ao abeiro dos criterios de capacidade de carga, tanto dende un punto de vista espacial como temporal, defínense os seguintes períodos: • Tempada alta: enténdese por temporada alta o período transcorrido dende o 15 de maio ata o 15 de setembro (ambos os dous incluídos). Así como a Semana Santa • Tempada baixa: enténdese por temporada baixa os períodos transcorridos dende o 1 de xaneiro ata o 14 de maio (ambos os dous incluídos), e entre o 16 de setembro ata o 31 de decembro (ambos os dous incluídos (excluíndo a Semana Santa).
2	Acorde co estudo de capacidade de carga efectuado no Parque Nacional, nos apartados B1, B2 e B3, régúlase a afluencia de persoas aos distintos arquipélagos. Os limiares establecidos garanten un uso racional e sustentable do Patrimonio Natural, sen causar un desequilibrio ecolóxico, nin unha afección significativa sobre os compoñentes da biodiversidade.
3	As navieiras que presten servizo de transporte de persoas con destino ás illas do Parque Nacional deberán adaptarse á normativa vixente (Lei 2/2008, do 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia. Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia).
4	O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural establecerá os medios e procedementos necesarios para garantir o cumprimento das regulacións do uso público no ámbito do Parque Nacional.

B.1 Cotas máximas de visitantes por día para a tempada alta

1.0	Atendendo a criterios de capacidade de carga, tanto a nivel espacial como temporal, establécense as seguintes limiares máximos de visitantes por día para a tempada alta. • Arquipélago de Cíes - 1.600-2.000 persoas (carga total diaria) que accedan nas navieiras autorizadas para a realización de transporte colectivo. - 100-200 persoas (carga total por día de estanza en illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización do Director-Conservador do Parque Nacional. As suma total non pode exceder de 2.200 persoas diarias en transporte marítimo - 500-600 persoas no cámping. - 75-125 fondeos/día repartidos en tres zonas. (San Martiño, Nosa Señora e Rodas).
-----	--

6.3.3.-Medidas de xestión: Recursos e actividades

B.2
1.0

- Arquipélago de Ons
 - 1.200-1.300 persoas (carga total diaria) que accedan nas navieiras autorizadas para a realización de transporte colectivo.
 - 100-200 persoas (carga total por día de estancia en illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización do Director-Conservador do Parque Nacional.
 - 250-300 persoas na área de acampada.
 - 60-70 fondeos/día repartidos en dúas zonas. (Castelo e Melide).
- Arquipélagos de Sálvora e Cortegada
 - 150-250 persoas para cada arquipélago (carga total por día de estancia en illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización do Director-Conservador do Parque Nacional.
 - 15-20 fondeos/día para cada arquipélago. En Sálvora zona Pazo Almacén. En Cortegada zona perimetral.

Cotas máximas de visitantes por día para a tempada baixa

Atendendo a criterios de capacidade de carga, tanto a nivel espacial como temporal, establécense as seguintes liñas máximas de visitantes por día para a tempada baixa:

- Arquipélagos de Cíes e Ons
 - 250-450 persoas para cada arquipélago (carga total por día de estancia nas illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización do Director-Conservador do Parque Nacional.
- Arquipélagos de Sálvora e Cortegada
 - 150-250 persoas para cada arquipélago (carga total por día de estancia nas illas) que accedan en grupos organizados e que contén cunha autorización do Director-Conservador do Parque Nacional.

B.3
1.0

Actividades de navegación, fondeo e mergullo

No tocante ao desenvolvemento das actividades de navegación, fondeo, amarre e atracada das embarcacións e artefactos flotantes no Parque Nacional, será necesaria a autorización emitida polo Director-Conservador que será concedida en base aos criterios seguintes:

- En cumprimento dos artigos 4.1. m) y 10.3. e) da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, é necesaria autorización escrita para navegar e fondear nas augas do Parque Nacional. As autorizacións concédense aos propietarios das embarcacións e artefactos flotantes, tal e como están definidos no Real Decreto 1435/2010.
- Os artefactos flotantes precisarán dunha autorización para poder navegar en augas do Parque Nacional.
- A autorización de navegación é requisito para obter a de fondeo
- Para os efectos desta autorización, considérase que se realiza unha actividade recreativa sen carácter lucrativo ou comercial.
- As autorizacións de navegación terán vixencia trianual
- O autorizado deberá estar en posesión de todas as licenzas e autorizacións necesarias para levar a cabo as actividades de navegación e fondeo. A navegación, o fondeo e a estancia dentro do Parque Nacional deberán axustarse ao establecido no presente PRUX. Ademais, deberán atender en todo momento as indicacións do persoal do Parque Nacional.
- O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá desenvolver esta normativa e os procedementos administrativos que rexan a obtención das autorizacións necesarias para a práctica da navegación e o fondeo nas augas do Parque Nacional.
- A obtención da autorización de fondeo no Parque Nacional realizarase por rigorosa orde de petición a través de páxina web, que poderá realizar o propietario da embarcación unha vez obtido a autorización de fondeo, así como dispoñer do resto das autorizacións establecidas legalmente. O Director-Conservador do Parque Nacional está facultado para resolver as dificultades que poidan xurdir en cada momento en función da época do ano, o número de solicitudes e a dispoñibilidade de puntos de fondeo.
- Co fin de non alterar o comportamento das especies de aves e mamíferos mariños dentro dos límites do Parque Nacional, en especial o do corvo mariño moñado e delfín mular, a navegación restrinxirase ás zonas habilitadas para tal fin, e deberá facerse, sen prexuízo do establecido no Regulamento de Costas (Real Decreto 876/2014), a unha velocidade máxima de 4 nós, evitando producir ruidos excesivos, xa sexa de motores, bucinas, música ou outras fontes, e sen acelerar bruscamente.
- Esixirase en todo momento o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de mamíferos mariños e de xestión de residuos.

6.3.3.-Medidas de xestión: Recursos e actividades

2.0

- O fondeo deberá realizarse respectando a zona balizada reservada aos bañistas (200 metros ata a beira das praias). Situarase de modo que permita o acceso das embarcacións aos peiraos das illas, deixando o correspondente corredor. Para os efectos de petición da autorización de fondeo será necesario cando se abarloe, en caso de amarre a boias ou outros artefactos, e por fondeo de embarcación en área autorizada.
 - Non se permitirá a pasa a noite de embarcacións con wc sen tanque intermedio.
 - No caso de embarcacións de aluguer, a empresa propietaria da embarcación será responsable subsidiario de calquera infracción administrativa que o patrón ou calquera persoa embarcada nesta puidese cometer.
 - O fondeo de embarcacións no arquipélago de Cíes debe cumprir as seguintes condicións:
 - As únicas zonas de fondeo autorizadas no arquipélago de Cíes son: Praia das Rodas, Praia de Nosa Señora e Praia de San Martiño.
 - O desembarco realizarase polo peirao de Rodas. O peirao de Carracido é propiedade da Autoridade Portuaria de Vigo e, salvo a súa autorización expresa, non é posible atracar ou usar o devandito peirao. Na illa Sur ou de San Martiño, ao non existir peirao, o desembarco poderá realizarse con embarcación de apoio.
 - O fondeo de embarcacións no arquipélago de Ons debe cumprir as seguintes condicións:
 - As únicas zonas de fondeo autorizadas no arquipélago de Ons son: zona Dornas-Castelo e Praia de Melide. Está prohibido desembarcar na illa de Onza.
 - O peirao de Dornas (Illa de Ons) é propiedade da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra (Ministerio de Fomento). Salvo autorización expresa da devandita Autoridade Portuaria, non se poderá atracar nin usar a devandita instalación.
 - O fondeo de embarcacións no arquipélago de Sálvora debe cumprir as seguintes condicións:
 - A única zona de fondeo autorizada no arquipélago de Sálvora é: Praia do Castelo ou do Almacén. Está prohibido desembarcar no resto de illotes incluídos no Parque Nacional (Sagres, Vionta, Noro,...).
 - O peirao de Sálvora é propiedade da Autoridade Portuaria de Vilagarcía (Ministerio de Fomento). Salvo autorización expresa da devandita Autoridade Portuaria, non se poderá atracar nin usar a devandita instalación.
 - O fondeo de embarcacións no arquipélago de Cortegada debe cumprir as seguintes condicións:
 - A única zona de atraque autorizada no arquipélago de Cortegada é o peirao habilitado para tal fin. Está prohibido desembarcar nas illas de Malveira Grande, Malveira Chica e Briñas.
- O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá desenvolver normas e procedementos administrativos específicos que rexan a obtención das autorizacións necesarias para a práctica do mergullo nas augas do Parque Nacional, así como as obrigas de todos os usuarios. poderán ser consultadas na páxina web oficial do Parque Nacional, ou directamente nas súas oficinas.
- Son condicións xerais para a práctica do submarinismo nas augas do Parque Nacional as seguintes:
 - Dispoñer da autorización pertinente no caso que corresponda
 - Considerarase permitido o mergullo en apnea sen plomos, para o cal non será necesaria autorización, aínda que en todo momento os practicantes desta actividade deberán respectar a normativa existente e atender en todo momento ás instrucións e recomendacións do persoal do Parque Nacional.
 - Será necesaria a autorización por parte do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural do Parque Nacional para o desenvolvemento do mergullo en apnea con plomos e o mergullo con equipo autónomo (escafandro).
 - A autorización concederase sen prexuízo de todas as autorizacións que para realizar actividades subacuáticas deban posuír os titulares desta autorización.
 - Calquera mergullador que requira autorización deberá acreditar a súa capacitación para a práctica deportiva, estando en posesión de titulación obtida mediante a asistencia a cursos regulados e dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil ou licenza federativa e certificado médico de data inferior a dous anos.
 - O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá establecer as limitacións que considere oportunas en canto ao tamaño de grupo, cotas e puntos de inmersión por motivos de conservación.
 - As autorizacións expedidas terán carácter individual, sendo precisa unha por cada mergullador, agás no caso de tratarse de clubs ou centros de mergullo.
 - Con carácter xeral a autorización facultará para a realización de inmersións diúrnas. As inmersións nocturnas estarán prohibidas, salvo autorización expresa por parte do organismo

6.3.3.-Medidas de xestión: Recursos e actividades

- autonómico competente en Patrimonio Natural, que será obxecto dun tratamento especial en canto a cotas, requirindo en todos os casos solicitude individualizada para cada inmersión.
- Poderanse realizar acordos con Clubes de Mergullo para fomentar o mergullo recreativo e educativo no Parque Nacional.
 - Poderán practicarse actividades subacuáticas nun total de 16 zonas de inmersión en Cíes, 3 en Ons e 4 en Sálvora, 1 Cortegada, e que se relacionan a continuación:
 - Arquipélago de Cíes: Illote de Viños, Baixo de Os cegos, O Muíño, Baixos Os Forcados I, Baixos Os Forcados II, Baixo Cruz de Almera, Pedra Os Gabotos, Punta Pau de Bandeira, Punta Canabal, Baixo O Ruso, Baía príncipe, Baixo lago, Monte Agudo, Pedra As Negras, Baixo A Roncosa, Faro do Peito ou de Monteagudo.
 - Arquipélago de Ons: A Posiña, Inferniño, Baixo do Faro.
 - Arquipélago de Sálvora: Pedra Touza Pirula, Punta do Castelo, Baixo Sur de Sagres, Baixo Tangona de Terra.
 - Arquipélago de Cortegada: unicamente nos arredores da illa de Cortegada.
 - En virtude dos resultados do seguimento e do estado de conservación das zonas de inmersión, O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural determinará anualmente as zonas do listado anterior, ou as áreas dentro de estas, nas que se poderá practicar o mergullo.
 - Con carácter xeral e sempre que teña como finalidade a investigación, o organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá conceder autorizacións de mergullo con escafandro autónomo en zonas mariñas de Reserva.
 - Os centros e clubs de mergullo levarán un Libro de Rexistro de inmersións no PARQUE NACIONAL. Este poderá ser solicitado polo persoal do Parque en calquera momento, e deberá ser presentado para renovar a autorización anual. Os datos anotados no libro serán a relación detallada das inmersións realizadas ao amparo da autorización correspondente, con indicación do número de mergulladores e monitores, a data e o punto de mergullo de cada inmersión.
 - A autorización de mergullo con escafandro non permite, en ningún suposto, o acceso a terra nin o fondeo noutras áreas distintas ás sinaladas para a práctica do mergullo.
 - Só se permitirá o uso dun sistema de boias semi-somerxidas temporais naquelas zonas nas que sexa necesario por motivos de conservación. Permitirase a instalación dunha boia semipermanente xunto ao illote Viños, no arquipélago de Cíes, para facilitar as actividades de formación das escolas de mergullo.
 - Durante a práctica do submarinismo, está especificamente prohibido mover ou voltear pedras no fondo, perturbar aos organismos nos seus refuxios, así como alimentar á fauna mariña antes, durante ou despois das inmersións.
 - En caso de atopar restos de interese arqueolóxico, estes non deben ser movidos, senón que se sinalizará a súa localización e se dará parte do achado ao persoal do Parque Nacional.

Medidas de xestión sectoriais: Recursos e actividades

5 Recursos etnobiolóxicos e culturais

1. Obxectivos

- 1.0 Preservar o patrimonio etnobiolóxico, cultural, arqueolóxico e paleontolóxico existentes no Parque Nacional e favorecer a súa investigación e posta en valor.
- 2.0 Difundir e divulgar os valores educativos do patrimonio etnobiolóxico, cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do Parque Nacional, en aras do enriquecemento cultural da sociedade no seu conxunto.
- 3.0 Promover o estudo, recuperación e emprego dos coñecementos tradicionais que sexan relevantes para a conservación e o uso sostible da biodiversidade e xeodiversidade, prestando especial atención aos coñecementos etnobiolóxicos.

2. Directrices

- 1.0 De acordo coas normas, resolucións e principios do Convenio sobre a diversidade biolóxica e da Organización Mundial da Propiedade Intelectual, así como coa Lei 42/2007 e co Real Decreto 556/2011:
 - Preservaranse, manteranse e fomentaranse os coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que sexan de interese para a conservación e o uso sostible do patrimonio natural e da biodiversidade, en especial aqueles vencellados coa diversidade dos ecosistemas mariños.
 - Promoverase que os beneficios derivados da utilización destes coñecementos e prácticas se compartan equitativamente.
 - Promoverase a realización de inventarios dos coñecementos tradicionais, relevantes para a conservación e o uso sostible da biodiversidade e xeodiversidade, con especial atención aos etnobotánicos e etnozoolóxicos.
- 2.0 Velarase polo correcto estado de conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico.
- 3.0 Regularase e controlarse o acceso dos investigadores aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico e etnobiolóxico, co fin de proceder ao seu estudo.
- 4.0 Posibilitarase o acceso do público, na medida en que iso non afecte negativamente á súa conservación, aos elementos do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico e integraranse, cando sexa posible, na rede de áreas recreativas.
- 5.0 Elaborarase a infraestrutura informativa e educativa precisa (sinalizacións, paneis explicativos, folletos, etc.) para a necesaria posta en coñecemento do público dos valores do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do Parque Nacional.
- 6.0 Realizaranse estudos descritivos das tipoloxías arquitectónicas tradicionais co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas.
- 7.0 Promoverase o fomento das accións de revalorización, conservación e rehabilitación do patrimonio cultural do Parque Nacional, incluídas as festas populares e manifestacións folclóricas, en harmonía coa preservación dos recursos naturais.

3. Normativa xeral

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de planificación e xestión dos compoñentes culturais, aplicarase en conformidade co artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015), o disposto na normativa vixente na actualidade.
- 2.0 Os indicadores de acceso que conduzan aos compoñentes do patrimonio cultural e etnográfico e ao mobiliario informativo que se coloque neles deberán ser coherentes co patrón formal e compositivo da sinalización do espazo protexido.
- 2.1 Non obstante, considerarase prohibida toda sinalización publicitaria que non conte coa autorización do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural.
- 3.0 As restauracións e recuperacións do patrimonio cultural realizarase acorde cos obxectivos de conservación da paisaxe, a biodiversidade e a xeodiversidade, e deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural.

Medidas de xestión sectoriais: Recursos e actividades

6 Actividades científicas e de monitoraxe

1. Obxectivos

- 1.0 Fomentar o coñecemento sobre a dinámica ou evolución dos compoñentes e dos procesos naturais no Parque Nacional.
- 2.0 Regular as actividades científicas e de monitoraxe do patrimonio natural e da biodiversidade no Parque Nacional co fin de evitar a afección aos seus compoñentes.

2. Directrices

- 1.0 Favorecerase a realización de traballos de investigación relacionados coa biodiversidade e o patrimonio natural do Parque Nacional e as súas peculiaridades e fomentárase a investigación naqueles temas de interese para a xestión e conservación destes.
- 2.0 Todos os traballos científicos ou de investigación a realizar no ámbito do Parque Nacional utilizarán as técnicas e métodos menos impactantes posibles para o medio natural.
- 3.0 Limitarase a recolección de espécimes e mostras biolóxicas ou de rochas, minerais e fósiles aos casos estritamente necesarios e estableceranse as condicións de captura ou recollida nas que se indiquen as cantidades, lugares, épocas e modo de realizalas.
- 4.0 Crearase un depósito bibliográfico con copias dos estudos e traballos realizados no Parque Nacional.

3. Normativa xeral

- 1.0 As actividades de investigación que se desenvolvan no Parque Nacional, deberán contar coas autorizacións dos distintos órganos da administración que puidesen ser competentes, así como da autorización do organismo autónomo competente en materia de Patrimonio Natural.
- 2.0 A autorización do organismo autónomo competente en materia de Patrimonio Natural, emitirase tendo en conta devanditos informes, así como o do Director-Conservador do Parque Nacional, que avaliar a compatibilidade da actividade de investigación exposta, cos obxectivos de conservación e as necesidades de xestión do Parque Nacional.
- 2.1 Non se autorizará ningunha actividade de investigación que poida ser susceptible de provocar a destrución ou alteración compoñentes da biodiversidade e da geodiversidad.
- 2.2 No caso de que as actividades de investigación que se realicen sobre hábitats prioritarios ou sobre núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación, ou dos seus hábitats, asegurárase que estas non sexan susceptibles de xerar unha afección significativa sobre o seu estado de conservación.
- 3.0 As investigacións serán efectuadas por persoal cualificado logo da avaliación dunha proposta técnica que conterá a información necesaria para avaliar a incidencia de actividade sobre o medio ambiente (paisaxe, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, especies de interese para a conservación).
- 4.0 Nas solicitudes para desenvolver actividades de investigación deberá establecerase o lugar e condicións do depósito dos materiais colleitados (Museos, Herbarios, etc), que poidan ser susceptibles de formar parte de coleccións científicas, de modo que se garanta o acceso aos mesmos doutros investigadores.
- 4.1 As solicitudes de actividades de investigación na Zona de Reserva deberán xustificar a necesidade de colleitar o material biolóxico, xeolóxico ou cultural, acorde con metodoloxías e protocolos científicos, que minimicen calquera tipo de impacto sobre o medio natural.
- 5.0 O organismo autónomo competente en materia de Patrimonio Natural poderá pedir logo da súa solicitude ou durante o transcurso da actividade, información detallada sobre os labores de investigación e establecer medidas preventivas ou limitacións sobre a recollida, captura, extracción ou sobre os métodos de estudo co fin de asegurar o mantemento do estado de conservación dos hábitats ou das especies obxecto da investigación.
- 5.0 Para a realización de actividades científicas ou de investigación o organismo autónomo competente en materia de Patrimonio Natural poderá outorgar autorizacións especiais para o transporte de material e persoas polas vías de tránsito restrinxido. Igualmente, poderase autorizar a instalación dos campamentos e infraestruturas necesarias en áreas non habilitadas a tal fin, con carácter temporal e con impacto visual e ecolóxico mínimo.
- 6.0 O responsable das actividades de investigacións realizadas no Parque Nacional deberá proceder aos traballos necesarios para a restauración das condicións naturais que houberse con anterioridade.

6.3.3.-Medidas de xestión: Recursos e actividades

3.0	As actividades de investigación ou monitoraxe non poderán deixar pegadas permanentes que vaian en detrimento dos valores naturais e culturais do Parque Nacional.
4.0	As actividades de investigación non poderán, en ningún caso, introducir especies ou subespecies, así como xenotipos diferentes aos existentes no Parque Nacional.

6.4 Normativa zonal

O terceiro nivel vén marcado pola **normativa zonal**, de modo que para cada unha das unidades de zonificación contempladas no presente plan, delimitadas a partires do Decreto 274/1999, do Decreto 88/2002 e do Decreto 37/2014, en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade, propónse un réxime de ordenación e xestión específico, que responde en consecuencia ás diferentes necesidades de conservación e xestión e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais do Parque Nacional.

1 Zona de reserva (PNIA-1)

1. Definición

- 1.0 Constituída por aquelas áreas terrestres ou mariñas, contiguas ou dispersas, que de maneira temporal ou permanentemente requiren o máximo grao de protección. Os territorios incluídos na zona de Reserva cumpren polo menos, algunha das seguintes características: 1. Conter valores naturais de excepcional rareza, fragilidade ou interese científico. 2. Albergar procesos de rexeneración dos recursos naturais. 3. Ser escenarios adecuados para o estudo do estado de conservación e a evolución dos recursos naturais
- 1.1 Os territorios terrestres - marítimos do Parque Nacional incluídos na zona de Reserva poseen un valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou, no seu caso, de hábitats de interese comunitario, considerados moi raros, fráxiles ou de grande singularidade para o conxunto da rexión bioxeográfica Atlántica ou para o conxunto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 1.2 As zonas de Reserva integran igualmente áreas prioritarias de conservación de especies de interese comunitario (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE) ou das especies catalogadas como en perigo de extinción ou vulnerables a través dos seus correspondentes plans de recuperación ou conservación.
- 2.0 Acorde co Plan Director da Rede de Parques Nacionais, as normas establecidas no PRUX garanten unha absoluta protección dos seus valores e procesos naturais.
- 3.0 A xestión das zonas de reserva (PNIA-1) pode abarcar desde a non intervención ata o manexo activo.
- 4.0 Na zona **PNIA-1** (zona de reserva) non se permitirá, con carácter xeral, o acceso dos visitantes, e estarán destinadas exclusivamente a actuacións e usos directamente vinculados coa xestión, investigación, seguimento e recuperación dos compoñentes da Biodiversidade e do Patrimonio Natural.
- 5.0 Debido ao seu valor ecolóxico, calquera uso ou actividade que non se consideren dun xeito específico na normativa zonal serán considerados como prohibidos.
- 6.0 A zona **PNIA-1** (zona de reserva) abrangue no Parque Nacional unha superficie total de 502,0 hectáreas, o que representa o 5,9 % do total (marítimo-terrestre).

ZONA TERRESTRE DE RESERVA

- Arquipélago de Cíes: Nas Illas de Monteagudo e de Faro, comprende os cantís da costa occidental, os ecosistemas dunares de praia de Figueiras e Puntamixueiro, e, así como tódolos illotes entre o que destaca de forma especial o Illote Viños. Na illa Sur, inclúese como zona de reserva todo o litoral excepto a vertente NE do mesmo.
- Arquipélago de Sálvora: No arquipélago de Sálvora inclúense na zona terrestre de reserva a totalidade dos territorios terrestres das Illas Vionta, Noro e Herbosa (incluíndo todos os illotes situados nas proximidades das mesmas: Gaivoteira, Pedra Vella, Insua Bela, Cornella, Curviña, Cabeceiro Grande, Cabeceiro Chico), así como das Illas Sagres (incluíndo todos os illotes situados nas súas proximidades: Laxe Negra, Illa dos Fornos, Pardón, Touza Barqueira, Conle Mouro, Illa das Pirulas, Illa do Mallador, Sagres de Terra). Xunto co área central da propia Illa de Sálvora.
- Arquipélago de Cortegada: engloba o conxunto de illotes formado por Malveira Grande, Malveira Pequena e Briñas.
- Arquipélago de Ons: engloba a illa de Onza e o conxunto de illotes Freitosa, Centola Grande, Xubenco.

ZONA MARIÑA DE RESERVA

- Arquipélago de Cíes: Na Illa Sur, os fondos da zona de augas mariñas someras (< 10 m) situadas na costa entre a Punta da Xesteira e o Cabo dos Bicos. No Illote Boeiro, os fondos da zona de augas mariñas someras (< 10 m) que o rodean.
- Arquipélago de Sálvora: Os fondos da zona de augas mariñas someras (< 10 m) situadas que rodean ao Con de Lapegar e ao Fillo de Lapegar.

2. Obxectivos

- 1.0 Asegurar a conservación ou, no seu caso, restauración dos hábitats e poboacións de especies silvestres de fauna e flora para lograr os obxectivos de conservación da Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000, do Convenio OSPAR e do Convenio relativo aos Humidais de Importancia Internacional, evitando ou anulando a interferencia humana negativa sobre a dinámica do ecosistema.

3. Directrices

- 1.0 Garantir a conservación dos compoñentes da xeodiversidade e da biodiversidade sobre os que se sustentan a declaración do Parque Nacional, e das distintas figuras de protección que este engloba.
- 2.0 Garantir a dinámica natural dos ecosistemas e dos hábitats naturais, eliminando o minimizando as perturbacións de carácter antrópico que podan afectar negativamente á súa composición biolóxica, estrutura ou funcionamento ecolóxico.
- 3.0 Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes e de hábitats naturais e seminaturais.
- 4.0 Manter nun estado de conservación favorable as especies endémicas, raras, ameazadas e catalogadas de flora e fauna. Favorecendo a súa diversidade taxonómica e xenética.

4. Normativa xeral

- 1.0 Na zona de reserva unicamente poderán executarse actividades de conservación e restauración vencelladas cos compoñentes da xeodiversidade e biodiversidade do Parque Nacional, e especialmente as vinculadas coa loita contra a contaminación e a erosión, incendios forestais, eliminación de especies exóticas. Minimizando ou no seu caso evitando calquera afección significativa sobre os compoñentes ambientais que se sustenta a delimitación da zona de reserva.
- 2.0 Queda expresamente prohibido todo tipo de aproveitamentos.
- 3.0 Non se permite as actividades de uso público ou deportivas
- 4.0 Non está permitido a recolección de materiais xeolóxicos, biolóxicos ou culturais, salvo en actividades de investigación ou que teñan relación coa xestión do Parque Nacional.
- 5.0 As actividades de investigación que se desenvolvan na zona de Reserva do Parque Nacional, deberán contar coas autorizacións dos distintos órganos que puidesen ser competentes, así como do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, que avaliará a adecuación da mesma as necesidades de conservación e xestión do Parque Nacional, autorizando soamente aquelas actividades que non sexan susceptibles de provocar unha afección significativa sobre os compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade.

2 Zona de Uso Restringido (PNIA-2)

1. Definición

1.0

A Zona de Uso Restringido estrutúrase sobre territorios cun valor de conservación moi alto, constituídos por unha porción significativa de hábitats prioritarios ou hábitats de interese comunitario ou ben de núcleos poboacionais e hábitats de especies de interese para a conservación (especies dos anexos II e IV da DC 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da DC 2009/147/CE, especies catalogadas).

2.0

A configuración destas zonas e, consecuentemente, a súa biodiversidade está ligada a dinámica natural do medio litoral e mariño, así como ao mantemento de modelos tradicionais de aproveitamento dos recursos naturais que posúen un elevado grao de compatibilidade co mantemento dos compoñentes, a estrutura e o funcionamento dos ecosistemas.

3.0

A zona **PNIA-2** (zona de uso restringido), onde o acceso e desprazamentos dos visitantes estarán permitidos, aínda que sometidos a certas limitacións, e poderán desenvolverse usos tradicionais con restricións específicas. Ocupa unha superficie total de 1.814,9 hectáreas, o que supón o 21,4% da superficie total do Parque Nacional. Está repartida nos 4 arquipélagos, abrangando áreas mariñas e terrestres.

ZONA TERRESTRE DE USO RESTRINGIDO

- Arquipélago de Cíes: nas Illas de Monteagudo e de Faro, comprende a zona do interior das illas non incluídas nas zonas terrestres de Reserva nin de uso Moderado. Na illa Sur, as encostas costeiras da vertente NE situadas por detrás da Praia de San Martiño.
- Arquipélago de Ons: inclúe a maior parte da zona do interior da illa.
- Arquipélago de Sálvora: abrangue as áreas ocupadas polos cantís rochosos situados no borde litoral do terreo insular.
- Arquipélago de Cortegada: comprende parte do territorio terrestre da Illa de Cortegada, con excepción da zona de Reserva, e a Zona de Uso Especial.

ZONA MARIÑA DE USO RESTRINGIDO

- Arquipélago de Cíes: nas Illas do Norte, os fondos da zona de augas mariñas someras (< 10 m) situadas na costa oriental, entre Punta Farolillo e Illote Viños. Na Illa do Sur, os fondos da zona de augas mariñas someras (< 10 m) situadas na costa oriental entre a Punta Pau da Bandeira e a Punta da Xesteira.
- Arquipélago de Ons: na Illa de Ons inclúe tanto os fondos como a superficie da zona de augas mariñas someras (< 10 m) situadas na costa occidental, dente Punta do Centolo ata Punta Fedorento, así como os fondos da zona de augas mariñas someras (< 10 m) na costa Sur entre Punta Fedorento e Punta Coliño. Na Illa de Onza, inclúe a totalidade dos fondos das augas someras (< 10 m) que a rodean, así como a superficie das augas someras (< 10 m) na parte occidental da illa, entre Punta Cocinadorio e Porto do Sol.
- Arquipélago de Sálvora: na cara Leste da Illa de Sálvora, inclúense os fondos da zona de augas mariñas someras (< 10 m). No resto de zonas de augas mariñas someras (< 10 m) do arquipélago (caras Norte, Oeste e Sur da Illa de Sálvora, así como as augas que rodean aos illotes de Noro, Vionta, ás Illas Sagres e aos illotes de Medio Cabalo, Pedras de Barlovento e As Forcadiñas) quedan incluídos tanto os fondos como a superficie das augas mariñas.

2. Obxectivos

1.0

Manter ou, no seu caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

2.0

Mantemento dos usos sostíbeis, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

3. Directrices

1.0

O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

2.0

Fomentar a conservación e restauración dos compoñentes das paisaxes culturais vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sostíbeis dos recursos naturais.

3.0

As labores de conservación das áreas marítimas e terrestres incluídas nesta zona, así como as actividades de

4.0	aproveitamento tradicional que se realizan nalgún destes tipos de hábitats sobre os recursos biolóxicos, deberán garantir a conservación da biodiversidade e a recuperación dos medios que se atopen degradados ou nun estado de conservación desfavorable. Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sostible.
5.0	As actividades de xestión e conservación que se desenvolvan sobre os ecosistemas e superficies vexetadas, presentes nesta zona estarán orientadas a: • Fomentar a conservación e recuperación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación. • Reducir a existencia de grandes superficies continuas cubertas por formacións vexetais de carácter alóctono ou artificial (eucaliptais, mimosais, piñeirais, etc). As superficies ocupadas por estas formacións deberán ser progresivamente substituídos por hábitats de interese comunitario propios de cada un dos arquipélagos, e acorde coas características bioxeográficas dos distintos emprazamentos. • Conservar as pequenas masas arborizadas autóctonas existentes nos distintos arquipélagos, asegurando a súa naturalidade estrutural, específica e xenética. • Eliminar as especies alóctonas e especialmente aquelas consideradas como exóticas establecidas nos distintos arquipélagos, e evitando a chegada ou introdución accidental de novos propágulos desde a área continental ou a través de medio mariño.
6.0	Propiciar un uso público racional e sustentable no Parque Nacional, evitando ou minimizando as interferencias negativas sobre os compoñentes da geo e biodiversidade, así como promovendo o coñecemento e goce do medio ambiente, tendo en conta aos colectivos con necesidades específicas.

3 Zona de Uso Moderado (PNIA-3)

1.

Definición

1.0

Territorios cun valor de conservación alto, cunha porción significativa de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, que mostran, xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario, ou ben, unha porción significativa das áreas prioritarias das especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación. Diferéncianse, non obstante, porque estas unidades se integran nun territorio cun nivel importante de humanización, no que existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.

1.1

As zonas de uso moderado están intimamente relacionadas coa existencia e desenvolvemento de pequenos asentamentos rurais de carácter tradicional, incluíndo tanto as vivendas como as construcións vinculadas a este tipo de actividade, cuxa distribución espacial vertebrou, ao longo da historia, a configuración da paisaxe destas zonas e, en consecuencia, a súa biodiversidade.

2.0

Nestas áreas regúlanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha merma ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación, debendo restrinxilas na medida do posible ou, no seu caso, prohibilas. En consecuencia, esta zona actúa a xeito de área de amortecemento entre as áreas de maior valor (zona de reserva e zona de uso restrinxido) e a zona de uso xeral.

3.0

Na zona de uso moderado **PNIA-3** o mantemento das actividades tradicionais e o desenvolvemento do uso público son compatibles coa conservación dos valores ambientais existentes nela. Ocupa unha superficie de 6.144,4 ha, o que representa o 72,4% do Parque Nacional. Esta zona está presente en todos os arquipélagos, e sobre todo está repartida pola área mariña.

ZONA TERRESTRE DE USO MODERADO

- Arquipélago de Cíes: Nas Illas de Monteagudo e de Faro inclúe as praias da costa oriental, desde o faro de Monteagudo en dirección sur, pasando por Costa Cantareira, a praia das Margaritas, praia de Figueiras, praia de Rodas ata a praia da Nosa Señora. A zona de uso moderado da illa Sur redúcese á praia de San Martiño.
- Arquipélago de Ons: Inclúe a costa occidental da Illa de Ons, dende Punta do Galiñeiro ata Punta do Castelo (en sentido horario), incluíndo ás praias de Melide, das Dornas, Area dos Cans, Canexol e do Pereiro, así como os terreos que rodean ás edificacións de O Centolo, Melide, Cucorno, Curro, Ons, Canexol e O Pereiro.
- Arquipélago de Sálvora: Na Illa de Sálvora inclúe a parte da zona do interior da illa contigua ao bordo litoral Leste e Sur, quedando delimitada entre a Zona de Reserva e a Zona de Uso Restrxinxido

ZONA MARIÑA DE USO MODERADO

- Arquipélago de Cíes: Nas Illas do Norte, a superficie das augas mariñas someras (< 10 m) situadas na Costa oriental, entre Punta Farolillo e Illote Viños. Na Illa do Sur, a superficie das augas mariñas someras (< 10 m) situadas na Costa oriental, entre a Punta Pau da Bandeira e o Cabo dos Bicos. No resto das augas do arquipélago de Cíes non incluídas especificamente baixo outra categoría de zonificación mariña segundo o presente plan, tanto os fondos como a superficie consideraranse incluídos dentro da zona mariña de uso moderado.
- Arquipélago de Ons: Na Illa de Ons inclúe a superficie da zona de augas mariñas someras (< 10 m) situadas na costa Sur, entre Punta Coliño e Punta Fedorento. Na Illa de Onza, inclúe a superficie da zona de augas mariñas someras (< 10 m) situadas na costa oriental, entre Punta Cocinadoro e Porto do Sol. No resto das augas do arquipélago de Ons non incluídas especificamente baixo outra categoría de zonificación mariña segundo o presente plan, tanto os fondos como a superficie consideraranse incluídos dentro da zona mariña de uso moderado.
- Arquipélago de Sálvora: Na cara Leste da Illa de Sálvora (de Punta Lagos a Punta Besugueiros), incluírase a superficie da zona de augas mariñas someras (< 10 m). No resto das augas do arquipélago de Sálvora non incluídas especificamente baixo outra categoría de zonificación mariña segundo o presente plan, tanto os fondos como a superficie consideraranse incluídos dentro da zona mariña de uso moderado.
- Arquipélago de Cortegada: Na totalidade da superficie mariña do arquipélago de Cortegada, tanto os fondos como a superficie considérase incluída dentro da zona mariña de uso moderado.

2. Obxectivos

- 1.0 Manter ou, no seu caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.
- 2.0 Mantemento dos usos tradicionais que sexan de carácter sostible por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.
- 3.0 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices

- 1.0 O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Fomentar a conservación e restauración dos compoñentes das paisaxes culturais vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sostible dos recursos naturais.
- 3.0 As labores de conservación das áreas marítimas e terrestres incluídas nesta zona, así como as actividades de aproveitamento tradicional que se realizan nalgún destes tipos de hábitats sobre os recursos biolóxicos, deberán garantir a conservación da biodiversidade e a recuperación dos medios que se atopen degradados ou nun estado de conservación desfavorable.
- 4.0 Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sostible.
- 5.0 As actividades de xestión e conservación que se desenvolvan sobre os ecosistemas e superficies vexetadas, presentes nesta zona estarán orientadas a:
 - Fomentar a conservación e recuperación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.
 - Reducir a existencia de grandes superficies continuas cubertas por formacións vexetais de carácter alóctono ou artificial (eucaliptais, mimosais, piñeirais, etc). As superficies ocupadas por estas formacións deberán ser progresivamente substituídos por hábitats de interese comunitario propios de cada un dos arquipélagos, e acorde coas características bioxeográficas dos distintos emprazamentos.
 - Conservar as pequenas masas arborizadas autóctonas existentes nos distintos arquipélagos, asegurando a súa naturalidade estrutural, específica e xenética.
 - Nestas zonas inclúense antigas áreas de cultivo actualmente abandonadas, nas que resulta necesario avaliar e no seu caso propiciar a dinámica natural, favorecendo esta con actuacións que propicien o proceso de sucesión, mediante control da vexetación sinántropica e ruderal, revexetación ou bio-enxeñería.
 - Vinculado co punto anterior resulta fundamental o mantemento ou no seu caso recuperación de pequenos microhábitats (fontes, charcas estacionais, pedregais, sebes) vinculados cos antigos sistemas de produción, así como pola contra o control de especies alóctonas que foron antigamente introducidas e na actualidade atópanse subespontáneas
 - Eliminar as especies alóctonas e especialmente aquelas consideradas como exóticas establecidas nos distintos arquipélagos, e evitando a chegada ou introdución accidental de novos propágulos desde a área continental ou a través de medio mariño.
- 6.0 Propiciar un uso público racional e sustentable do Parque Nacional, evitando ou minimizando as interferencias negativas sobre os compoñentes da geo e biodiversidade, así como promovendo o coñecemento e goce do medio ambiente, tendo en conta aos colectivos con necesidades específicas.

4 Zona de uso especial (PNIA-4)

1. Definición

- 1.0 O Plan Director da Rede de Parques Nacionais considera que esta zona está constituída por áreas terrestres ou mariñas de reducida extensión nas que se sitúan as construcións, instalacións e infraestruturas maiores cuxa localización no interior do Parque Nacional considérese necesaria. Tamén alberga, con criterios de mínimo impacto e de concentración de servizos, as instalacións que sexa necesario establecer para o uso público e para as actividades de xestión e administración. Inclúe, igualmente, as instalacións e infraestruturas preexistentes que sexa necesario manter, así como aquelas outras que vaian albergar servizos de interese xeral conformes coa finalidade do Parque Nacional.
- 1.1 Na Zona de uso especial inclúense ademais as vías de usos público existentes.
- 2.0 Na planificación do espazo natural, esta zona e a zona de asentamentos tradicionais deberían ser capaces de absorber de forma racional as actividades de uso público, co fin de reducir a presión destas sobre as áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fragilidade.
- 3.0 Correspóndese coas áreas do Parque Nacional que amosan alteracións dos seus trazos orixinais, posto que acollen aos asentamentos humanos permanentes, cun valor de conservación medio ou baixo nos que predominan os medios seminaturais cunha reducida naturalidade e medios artificiais.
- 4.0 A zona de uso especial (**PNIA-4**), está ocupada por infraestruturas e instalacións permanentes dedicadas á xestión do Parque Nacional. Abrangue unha superficie de 19,6 hectáreas (0,2%), repartidas entre os 4 arquipélagos.
- Arquipélago de Cíes: Nas Illas de Monteagudo e de Faro esta zona recolle o terreo sobre o que se desenvolven as infraestruturas de comunicación no interior da illa, os peiraos de Rodas e Carracido, os faros de Monteagudo, Cíes e da Porta, a zona de acampada, así como as edificacións de xestión do Parque Nacional e outras instalacións de servizos públicos.
 - Arquipélago de Ons: Na Illa de Ons esta zona inclúe o terreo sobre o que se desenvolven as infraestruturas de comunicación no interior da illa, o peirao de Dornas, o faro de Ons, o heliporto, as zonas de acampada, así como as edificacións de xestión do Parque Nacional e outras instalacións de servizos públicos.
 - Arquipélago de Sálvora: Na Illa de Sálvora esta zona inclúe o terreo sobre o que se desenvolven as infraestruturas de comunicación no interior da illa, a antiga aldea de Cortegada cos seus predios agrícolas contiguos, o peirao e edificacións da Praia do Almacén, o faro de Sálvora, o heliporto, así como as edificacións de xestión do Parque Nacional e outras instalacións de servizos públicos.
 - Arquipélago de Cortegada: Na Illa de Cortegada inclúense as edificacións de xestión do Parque Nacional.

2. Obxectivos

- 1.0 Manter e asegurar o funcionamento das infraestruturas necesarias para as actividades de xestión, conservación e acollida das actividades de uso público nos distintos arquipélagos que conforman o Parque Nacional.
- 2.0 Así como asegurar igualmente o mantemento e funcionamento de infraestruturas públicas, especialmente daquelas vinculadas con actividades de protección das persoas, telecomunicacións, sinais para a navegación, etc., existentes con anterioridade á declaración do Parque Nacional.
- 3.0 Fortalecer a ordenación e regulación racional e sostible das actividades de uso público de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies silvestres.

3. Directrices

- 1.0 O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou ao estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Os aproveitamentos dos recursos naturais, poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade.
- 3.0 Propiciar un uso público racional e sustentable do Parque Nacional, evitando ou minimizando as interferencias negativas sobre os compoñentes da geo e biodiversidade, así como promovendo o coñecemento e goce do medio ambiente, tendo en conta aos colectivos con necesidades específicas.

5 Zona de asentamentos tradicionais (PNIA-5)

1. Definición

- 1.0 O Plan Director da Rede de Parques Nacionais define esta zonas como áreas de asentamentos humanos tradicionais, que agrupan aos núcleos e áreas habitadas por poboación non dispersa, coas súas zonas de servizos e áreas de cultivo contiguas.
- 1.1 Na actualidade o único arquipélago que mantén unha ocupación humana permanente é o de Ons. O conxunto de vivendas habitadas, así como as áreas con dominio de medios sinántropicos e cultivos, foron englobadas nas Zona de asentamento tradicionais do Parque Nacional.
- 2.0 Na planificación do espazo natural, esta zona e a zona de uso especial deberían ser capaces de absorber de forma racional as actividades de uso público, co fin de reducir a presión destas sobre as áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fragilidade.
- 3.0 Correspóndese coas áreas do Parque Nacional que amosan alteracións dos seus trazos orixinais, posto que acollen aos asentamentos humanos permanentes, cun valor de conservación medio ou baixo nos que predominan os medios seminaturais cunha reducida naturalidade e medios artificiais.
- 4.0 A zona de asentamentos tradicionais (PNIA-5) está integrada polas agrupacións de edificacións (públicas ou privadas) e as áreas lindantes directamente relacionadas con elas, nos arquipélagos de Ons, abrangendo 11,6 hectáreas (0,1%).
- Arquipélago de Ons: Na Illa de Ons esta zona inclúe as edificacións existentes en O Centolo, Melide, Cucorno, Curro, Ons, Canexol e O Pereiro.

2. Obxectivos

- 1.0 Propiciar a integración paisaxística das contornas habitadas, minimizando os impactos e fomentando a restauración das contornas degradadas
- 2.0 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.
- 3.0 Ordenación e regulación racional e sostible das actividades de uso público de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

3. Directrices

- 1.0 O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou ao estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.
- 2.0 Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os asentamentos tradicionais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.
- 3.0 Os aproveitamentos dos recursos naturais, poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade.
- 4.0 Propiciar un uso público racional e sustentable do Parque Nacional, evitando ou minimizando as interferencias negativas sobre os compoñentes da geo e biodiversidade, así como promovendo o coñecemento e goce do medio ambiente, tendo en conta aos colectivos con necesidades específicas.

6. Usos marisqueiros e pesqueiros



Normas específicas Zona Mariña de Reserva (PNIA-1)

* Usos e actividades prohibidos

1.0

Consideraranse prohibidas calquera tipo de actividade ou aproveitamento que incida directamente sobre a composición, estrutura e funcionalidade dos ecosistemas e dos hábitats de interese comunitario que configuran a Zona Mariña de Reserva.



Normas específicas Zona Mariña de Uso Restringido (PNIA-2)

* Usos e actividades permitidas

1.0

Consideraranse permitidos os usos pesqueiros e marisqueiros acordes co contido do presente Plan e da normativa sectorial, que non supoñan unha mingua significativa sobre os hábitats naturais nin sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, que posibiliten a evolución dos ecosistemas, dos hábitats mariños e das poboacións das especies mariñas.

* Usos e actividades prohibidos

1.0

O resto de actividades pesqueiras e marisqueiras que non se axusten ao establecido no presente Plan.



Normas específicas Zona Mariña de Uso Moderado (PNIA-3)

* Usos e actividades permitidas

1.0

Consideraranse permitidas as actividades marisqueiras e pesqueiras artesanais de carácter profesional e sostible, acordes co contido do presente Plan e da normativa sectorial, que non supoñan unha mingua significativa sobre os hábitats naturais nin sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, que posibiliten a evolución dos ecosistemas, dos hábitats mariños e das poboacións das especies mariñas.

* Usos e actividades prohibidos

1.0

O resto de actividades pesqueiras e marisqueiras que non se axusten ao establecido no presente Plan.

7. Ordenación do territorio e urbanismo



Normas específicas: Zona de Reserva (PNIA-1)

* Usos e actividades autorizables

- 1.0 Unicamente poderanse autorizar instalacións temporais ou permanente de carácter científico ou para a xestión do medio ambiente cando resulten imprescindibles e causen o mínimo impacto

* Usos e actividades prohibidos

- 1.0 No espazo terrestre non se permitirá a apertura de novas pistas nin camiños
 2.0 No espazo marítimo, non se permitirá a delimitación de novas canles ou rutas de navegación.
 3.0 A restauración ou construción de calquera tipo de edificación



Normas específicas: PNIA-2 & PNIA-3

* Usos e actividades autorizable

- 1.0 Poderanse autorizar instalacións temporais ou permanente de carácter científico ou para a xestión do medio ambiente cando resulten imprescindibles e causen o mínimo impacto
 2.0 O mantemento ou rehabilitación de antigos edificios de carácter tradicional establecidas ante da declaración do Parque Nacional, realizaranse sen incremento de volume. Estes poderán ser destinados a labores de xestión ou conservación do Parque Nacional, ou excepcionalmente poderán manter o seu uso orixinal, a condición de que cumpran as determinacións establecidas no Plan Director da Rede de Parques Nacionais e no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, así como na Lei do Solo de Galicia, e non sexan susceptibles de xerar una afección significativa sobre os compoñentes do Parque Nacional.
 3.0 Para facilitar a protección de determinados enclaves, regular a densidade do uso público ou compatibilizar este con o mantemento das actividades tradicionais e das infraestruturas existentes, pódense recuperar ou crear carreiros rústicos de carácter temporal ou permanente, para uso exclusivamente peonil, sempre que resulten imprescindibles e non causen un impacto significativo sobre os elementos da xea, os hábitats de interese comunitario ou as especies protexidas de flora e fauna silvestre. Os carreiros rústicos adaptaranse ao terreo e non recibirán tratamento superficial nin con aridos, asfalto, formigón, ou materiais sintéticos.

* Usos e actividades prohibidos

- 1.0 Non se permite a construción de novos edificios nin instalacións permanentes.



Normas específicas: Zonas PNIA-4 e PNIA-5

* Usos e actividades autorizables

- 1.0 Consideraranse autorizables os seguintes usos construtivos dentro da zona de uso xeral (PNIA-4 e PNIA-5) cando se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015), e non sexan establecidos directamente sobre tipos de hábitats de interese comunitario nin sobre núcleos de especies de interese para a conservación, non afectando dun xeito significativo aos elementos da paisaxe que revistan unha importancia fundamental para os compoñentes da biodiversidade, nin tampouco á función de conectividade e permeabilidade dos ecosistemas:
- As obras de conservación, restauración, rehabilitación, mellora e reconstrución das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes, sempre que non impliquen variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume ou da súa tipoloxía orixinaria, de acordo co estilo tradicional nos edificios xa existentes, con fins de uso público, hixiene, adecuación á paisaxe e benestar da poboación residente.
 - As novas instalacións, incluíndo a mellora e modernización das existentes, necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, as redes locais de enerxía eléctrica, abastecemento de auga e saneamento cando non supoñan a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
 - A construción de novas infraestruturas, equipamentos, dotacións e instalacións de servizos vencellados ás necesidades de conservación e xestión do Parque Nacional, tras someterse ao procedemento de

2.0	avaliación de impacto ambiental, e sempre e cando non supoñan unha afección significativa sobre o estado de conservación dos ecosistemas, os hábitats e as especies de interese para a conservación, ao abeiro do establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 46 da Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015). • As instalacións de uso público, acordes cos obxectivos de conservación do Parque Nacional, que se desenvolvan ao aire libre, logo do informe favorable da consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da Unión Europea que resulten de aplicación. • As infraestruturas de abastecemento, tratamento, saneamento e depuración de augas, de xestión e tratamento de residuos, vencellados coas necesidades da poboación local ou do uso público do Parque Nacional. • As instalacións non industriais de produción de enerxía renovable. Poderanse autorizar instalacións temporais ou permanente de carácter científico ou para a xestión do medio ambiente cando resulten imprescindibles e causen o mínimo impacto
1.0	* Usos e actividades prohibidos A execución de calquera construción de nova planta, con excepción das relacionadas coa xestión do Parque Nacional e que, en cumprimento do presente Plan, sexan acometidas polo organismo competente en materia de Patrimonio Natural

8. Uso público e actividades deportivas



Normas específicas Zona de Reserva (PNIA-1)

* Usos e actividades prohibidos

1.0

O uso público e as actividades deportivas. Os accesos ás zonas de reserva nas áreas continentais deberán estar debidamente sinalados. Informando o visitante das restricións establecidas.



Normas específicas Zona de Uso Restringido (PNIA-2)

* Usos e actividades permitidos

1.0

O tránsito dos visitantes na Zona de Uso Restringido estará restrinxido a circulación a pé a través das vías de “libre tránsito”, e nas pequenas instalacións do Parque Nacional de apoio a estas actividades (miradoiros, observatorios, área de descanso, etc). Nestes viarios e áreas pódense establecer regulacións específicas das actividades de uso público mediante carteis ou sinais indicativas.

1.1

O Parque Nacional poderá establecer medidas de control para limitar o tránsito de uso público (temporal ou permanente) por os viais nos que a afluencia de visitantes supoña unha afección negativa sobre os ecosistemas, os hábitats e as poboacións das especies de interese para a conservación, regulando a afluencia de determinadas vías de libre tránsito ou considerándoas temporal ou permanentemente como vías de uso restrinxido.

2.0

O fondeo e amarre de embarcacións de carácter deportivo ou recreativo quedará estritamente limitado a un conxunto de pequenas áreas establecidas na normativa por compoñentes do presente Plan, a fin de asegurar a conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural. O organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, en función da capacidade de carga, poderá organizar a distribución dos amarres nas áreas habilitadas a tal fin.

* Usos e actividades prohibidos

1.0

No desenvolvemento do acceso por parte dos visitantes á Zona de Uso Restringido (PNIA-2), consideraranse prohibidos todos os usos e actividades de uso público salvo os estritamente relacionados coa interpretación e educación ambiental. Entre os devanditos usos prohibidos cabe salientar os seguintes:

- A acampada
- O baño,
- O picnic
- O depósito ou abandono de calquera tipo de refugallo ou residuo
- A celebración de calquera outro tipo de actividade lúdica ou deportiva.



Normas específicas Zona de Uso Moderado (PNIA-3)

* Usos e actividades permitidos

1.0

O tránsito dos visitantes na Zona de Uso Moderado estará restrinxido a circulación a pé a través das vías de “libre tránsito”, e nas pequenas instalacións do Parque Nacional de apoio a estas actividades (miradoiros, observatorios, área de descanso, etc). Nestes viarios e áreas pódense establecer regulacións específicas das actividades de uso público mediante carteis ou sinais indicativas.

1.1

Inclúense tamén como Zona de Uso Moderado determinadas medios de praia, onde se permiten o acceso e goce libre dos visitantes, que deben cumprir en todo momento as restantes normas vinculadas co uso público e as determinacións que poidan establecer nas mesmas o organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, co fin de asegurar a súa conservación e uso racional e sustentable.

1.2

O Parque Nacional poderá establecer medidas de control para limitar o tránsito (temporal ou permanente) por camiños nos que a afluencia de visitantes supoña unha afección negativa sobre os ecosistemas, os hábitats e as poboacións das especies de interese para a conservación, regulando a afluencia de determinadas vías de libre tránsito ou considerándoas temporal ou permanentemente como vías de uso restrinxido.

2.0

Na Zona de Uso Moderado (PNIA-3) consideraranse autorizable o baño e natación, nas áreas habilitadas a tal fin por parte do Parque Nacional, o cal poderá establecer cantas medidas e restricións consideren oportunas, para garantir a conservación e uso racional dos compoñentes da biodiversidade e da xeodiversidade.

3.0 Na Zona de Uso Moderado (PNIA-3) considerarase autorizábelo o fondeo e amarre de embarcacións de carácter deportivo ou recreativo nas áreas habilitadas a tal fin, nas que o organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá organizar a distribución dos amarres en función da capacidade de carga.

*** Usos e actividades prohibidos**

1.0 No desenvolvemento do acceso por parte dos visitantes á Zona de Uso Moderado (PNIA-3), consideraranse prohibidos todos os usos e actividades de uso público salvo os establecidos como autorizables na presente normativa. Entre os devanditos usos prohibidos cabe salientar os seguintes:

- A acampada
- O picnic
- O depósito ou abandono de calquera tipo de refugallo ou residuo
- A celebración de calquera outro tipo de actividade lúdica ou deportiva



Normas comúns zonas: PNIA-4 e PNIA-5

*** Usos e actividades permitidos**

1.1 O tránsito dos visitantes nas zonas PNIA-4 e PNIA-5 estará restrinxido a circulación a pé a través das vías de "libre tránsito", e nas pequenas instalacións do Parque Nacional de apoio a estas actividades (miradoiros, observatorios, área de descanso, etc). Así como nas áreas comúns de libre acceso (zonas de acollidas de visitantes, embarcadiros, etc). Nestes viarios e áreas pódense establecer regulacións específicas das actividades de uso público mediante carteis ou sinais indicativas.

2.0 As actividades escolares e divulgativas, sempre e cando se realicen de forma racional e respectuosa, acordes coa normativa do presente plan e coas regulacións que poidan establecer o Director-Conservador do Parque Nacional, acordes coas necesidades de conservación do Parque Nacional.

2.1 Co fin de compatibilizar o uso público cos obxectivos de conservación do Parque Nacional, a xestión das actividades de uso público será levada a cabo para que se desenvolvan preferentemente nas Áreas de Uso Xeral (PNIA-4 e PNIA-5). Neste sentido, o organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural poderá establecer as medidas necesarias no desenvolvemento do uso público a fin de garantir a conservación dos valores naturais.

3.0 De acordo ao anterior punto, o desenvolvemento de determinadas actividades de uso público quedará limitado a áreas ou itinerarios concretos situados dentro do espazo natural, nas Áreas de Uso Xeral (PNIA-4 e PNIA-5). Estas áreas poderán ser destinadas de forma permanente (áreas de descanso, áreas recreativas, zonas habilitadas para acampada, etc.), ou de forma temporal, en función do tipo de actividades que poidan albergar.

3.1 Nestas áreas, o desenvolvemento das actividades de uso público deberá realizarse respectando ao resto dos usuarios, e de acordo coas normativas sectoriais, coas disposicións previas (Decreto 274/1999, Decreto 88/2002, Lei 15/2002, Decreto 37/2014), co presente plan, así como coas regulacións que puideran establecer o organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural.

3.2 Nas devanditas áreas autorizaranse e regularanse, no seu caso, as seguintes actividades:

- O acceso por parte dos visitantes, que se considerará libre, tendo cabida outras actividades de tipo recreativo. A presenza dos visitantes non deberá poñer en perigo o estado de conservación dos ecosistemas, os hábitats e as especies, para o cal o Director-Conservador do Parque Nacional poderán establecer todas as limitacións que consideren oportunas para eliminar o reducir os impactos xenerados polo uso público e garantir a conservación dos compoñentes da biodiversidades e xeodiversidade.
- A acampada nas áreas habilitadas para tal finalidade.
- O picnic nas áreas habilitadas para tal finalidade e baixo as condicións e limitacións que o Parque Nacional considere oportunas para favorecer a xestión racional do uso público e garantir os obxectivos de conservación.
- A realización de actividades de carácter lúdico ou recreativo de carácter temporal ao aire libre, sempre e cando non se realicen sobre áreas ocupadas por hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE.

*** Usos e actividades prohibidos**

1.0 Aqueles que se realicen vulnerando as disposicións contidas no presente plan e as regulacións e indicacións que para o desenvolvemento das actividades de uso público poida establecer o organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural

2.0 A realización de calquera actividade ou proba de carácter deportivo ou recreativo, contraria ao especificado no presente plan, sen autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de Patrimonio

6.4.-Normativa zonal

3.0	Natural. O depósito ou abandono de calquera tipo de refugallo ou residuo
-----	---

7. Imaxe e Publicidade

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, acorde co Real Decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais, dotarase dunha imaxe corporativa propia que o identifique sen equívoco, a propiedade do cal será a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a que establecerá as condicións para o emprego institucional e comercial desta imaxe e os requisitos cara a cesión do seu uso ou venda.

8. Avaliación ambiental

De conformidade co apartado 2 do artigo 174 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (Texto Consolidado. Diario Oficial das Comunidades Europeas nº 325, 24/12/2002), a política da Comunidade en materia de medio ambiente baséase nos principios de cautela e acción preventiva, no principio de corrección dos atentados ao medio, preferentemente na fonte mesma, e no principio de quen contamina paga. Ademais, o apartado 3 do artigo 95 e o 2 do artigo 174 estipulan expresamente que a lexislación e a política "en materia de saúde, seguridade, protección do medio ambiente, basearase nun nivel de protección elevado" tendo en conta, en particular, toda nova evolución baseada en feitos científicos e técnicos.

A Consellería competente en materia de Patrimonio Natural adoptará as medidas apropiadas para evitar nos lugares incluídos na Rede Natura 2000 (LIC/ZEC, ZEPA), e por extensión no territorio do Parque Nacional, a deterioración dos hábitats naturais e das especies que motivaran a súa declaración, na medida en que as devanditas alteracións poidan ter un efecto negativo apreciable no que respecta aos obxectivos de conservación establecidos pola normativa europea: Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), Directiva Aves (DC 2009/147/CE), Directiva marco da Auga (DC 2000/60/CE), Directiva marco sobre a estratexia mariña (Directiva 2008/56/CE) así como pola normativa estatal (Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais, Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, Real Decreto lexislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, Real Decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais) e galega (Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia. Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia. Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Decreto 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas, Decreto 88/2002, do 7 de marzo, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Espazo Natural da Illa de Cortegada e o seu contorno, Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio, Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia).

A avaliación á que fai referencia o artigo 6.3 da DC 92/43/CEE, incluírá de forma obrigatoria unha análise obxectiva e fundamentada sobre o grao de afección individual e sinérxico da actividade, sobre o estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, das poboacións e hábitats das especies contempladas no Anexo II da DC 92/43/CEE, e do Anexo I da DC 2009/147/CE, así como sobre as especies incluídas no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e no Catálogo Español de Especies Ameazadas, regulados polo Real Decreto 139/2011, así como no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, creado ao abeiro do Decreto 88/2007, tanto para o ámbito territorial da zona ou zonas onde se pretende desenvolver a actividade, plan ou proxecto, como para o conxunto do lugar e da Rede Natura 2000.

O órgano ambiental competente, fixará en coherencia coa lexislación da Unión Europea (Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación ambiental dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. Directiva 2011/92/UE do Parlamento e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente), Estatal (Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación) e de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia), o procedemento administrativo para desenvolver a devandita avaliación, garantindo en todo momento o cumprimento dos criterios e obxectivos establecidos na Rede Natura 2000.

En ningún caso o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico, impedirá a aplicación dos límites establecidos pola normativa de impacto ambiental, a cuxos efectos se acumularán as magnitudes ou dimensións de cada un de proxectos considerados. A posible afección ou impacto significativo dunha acción ou actividade sobre o Parque Nacional ou sobre os compoñentes clave deste determinarase baseándose nos criterios fixados no Anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; atendendo a:

- 1 As características dos plans e programas, considerando en particular:**
 - a) A medida en que o plan ou programa establece un marco para proxectos e outras actividades con respecto á situación, a natureza, as dimensións, as condicións de funcionamento ou mediante a asignación de recursos.
 - b) A medida en que o plan ou programa inflúe noutros plans ou programas, incluídos os que estean xerarquizados
 - c) A pertinencia do plan ou programa para a integración de consideracións ambientais, co obxecto, en particular, de promover o desenvolvemento sostible
 - d) Problemas ambientais significativos relacionados co plan ou programa.
 - e) A pertinencia do plan ou programa para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia de medio ambiente (por exemplo, os plans ou programas relacionados coa xestión de residuos ou a protección dos recursos hídricos).
- 2 As características dos efectos e da área probablemente afectada, considerando en particular:**
 - a) A probabilidade, duración, frecuencia e reversibilidade dos efectos.
 - b) O carácter acumulativo dos efectos.
 - c) Os riscos para a saúde humana ou o medio ambiente (debidos, por exemplo, a accidentes).
 - d) A magnitude e o alcance espacial dos efectos (área xeográfica e tamaño da poboación que poidan verse afectadas).
 - e) O valor e a vulnerabilidade da área probablemente afectada a causa de:
 - 1) As características naturais especiais ou o patrimonio cultural.
 - 2) Os efectos sobre o patrimonio cultural.
 - 3) A superación de estándares de calidade ambiental ou de valores límite.
 - 4) A explotación intensiva do solo.
 - 5) Os efectos en áreas ou paisaxes con rango de protección recoñecido nos ámbitos nacional, comunitario ou internacional.

9. Órganos de xestión e participación

A continuación descríbense os órganos de xestión do Parque Nacional, con arranxo ao establecido na Lei 30/2014, do 3 de decembro de Parques Nacionais (BOE 293, 04/12/2014), a Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (BOE, 157, 02/07/2002) e no Plan Director da Rede de Parques Nacionais (BOE 257, 24/10/2016). En consecuencia, a xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia será efectuada pola Comunidade Autónoma de Galicia a través dos seguintes órganos: o **Padroado** e o **Director-Conservador**. O primeiro é un órgano consultivo e de participación da sociedade, ten a función de velar polo cumprimento das normas establecidas en interese do Parque Nacional. Mentres que o segundo, o Director-Conservador, ten as funcións de administración e a coordinación das actividades de xestión do Parque Nacional, e, en particular, a elaboración e proposta dos orzamentos e programas de xestión e a execución, así como de desenvolvemento do PRUX.

9.1 Padroado

A Lei 30/2014, do 3 de decembro de Parques Nacionais (BOE 293, 04/12/2014), define o Padroado como un “órgano consultivo e de participación da sociedade” que ten a función de velar polo cumprimento das normas establecidas en interese do propio Parque Nacional. Nel están representados os axentes sociais da zona, os propietarios públicos e privados de terreos incluídos no parque, aquelas institucións, asociacións e organizacións relacionadas co Parque ou cuxos fins concorden cos principios inspiradores da Lei de Parques Nacionais, ademais de polas administracións públicas, cunha composición paritaria entre o número de representantes da Administración xeral do Estado e o das Comunidades autónomas.

Os Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia estará adscrito, para efectos administrativos, á Comunidade Autónoma de Galicia. A composición do Padroado, o seu réxime de funcionamento e o nomeamento do seu presidente serán competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. O Director-Conservador do Parque Nacional, formará parte do Padroado

Independentemente doutras funcións que lle poidan ser atribuídas polo organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, son funcións do Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, as establecidas na Lei 30/2014 de Parques Nacionais, e previamente na Lei.



Funcións do Padroado do Parque Nacional

- | | |
|-----|--|
| 1.0 | Coñecer as normas que afecten o parque nacional e velar activamente polo seu cumprimento. |
| 2.0 | Promover, impulsar e realizar cantas actuacións considere oportunas a favor do espazo protexido. |
| 3.0 | Emitir informe sobre o Plan Reitor de Uso e Xestión e as súas modificacións, así como sobre os plans de traballo e investimentos ou calquera desenvolvemento sectorial |

	derivado del.
4.0	Emitir informe sobre a programación anual de actividades que presenten as administracións competentes na súa execución.
5.0	Emitir informe antes do exercicio correspondente sobre o orzamento anual do parque nacional onde se detallarán as actuacións que se vaian executar, a institución que as executa e a Administración que as financia.
6.0	Aprobar a memoria anual de actividades e resultados, propondo as medidas que considere necesarias para corrixir disfuncións ou mellorar a xestión.
7.0	Emitir informe sobre os proxectos e propostas de obras e traballos que se pretenda realizar no parque nacional e non estean contidos nos plans de traballo e investimentos.
8.0	Emitir informe sobre as solicitudes presentadas ás convocatorias de subvencións financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado, que se realizarán na área de influencia socioeconómica.
9.0	Emitir informe sobre aqueles proxectos que, desenvolvidos no contorno do parque nacional, se prevea que poidan ter impacto significativo ou afectar os seus valores naturais.
10.0	Emitir informe sobre posibles modificacións do parque nacional.
11.0	Propor normas e actuacións para a máis eficaz defensa dos valores do parque nacional.
12.0	Establecer o seu propio regulamento de réxime interior.

9.2 Director - Conservador

O Director-Conservador do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ten as funcións de administración e a coordinación das actividades de xestión ordinaria do Parque Nacional, e, en particular: A preparación plans e documentos que definen a xestión do Parque, así como levar a cabo todos os programas e traballos de estudo e conservación dos seus recursos naturais e culturais. A organización e coordinación do uso público. A execución material dos proxectos e traballos de restauración e conservación nos distintos plans e, por outra, de todos os medios e instalacións dependentes do Parque. Dirixir, organizar e xestionar os recursos humanos, materiais e económicos do Parque Nacional, acordo cos obxectivos establecidos. A coordinación do Plan de Emerxencias do Parque Nacional. E a elaboración e proposta dos orzamentos e programas de xestión e a execución, así como de desenvolvemento do PRUX.

O Directo do Parque Nacional será nomeado pola organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, entre o persoal ao servizo das administracións públicas.

9.3 Procedemento administrativo

En todo o referente ao procedemento administrativo dos actos que xurdan da aplicación do presente Plan seguirase o trámite determinado pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE 236, 2/10/2015). Particularmente polo que respecta ás autorizacións a outorgar no Parque Nacional, estas serán emitidas ben polo Organismo Autonómico competente en materia de Patrimonio Natural, salvo aquelas que na normativa do Parque Nacional, sexan atribuídas ao Director-Conservador, ou cando estas fosen delegadas ao mesmo.

As autorizacións deberán obterse con anterioridade ás esixidas pola lexislación sectorial pertinente e a obtención das mesmas non exime do cumprimento da normativa sectorial de aplicación, nin de cantas outras autorizacións permisos ou licenzas sexan requiridos por esta.

10. Programa de actuacións

O presente Plan desenvolverase a través dunha serie de programas básicos de actuación sobre aquelas materias nas que é competente o presente documento, preparados e financiados pola Consellería competente en materia do Patrimonio Natural, despois de ser consultado o Padroado do Parque Nacional. Estes programas básicos de actuación agrúpanse por unidades temáticas relativas ao seu contido básico nos seguintes epígrafes:

- 1.- Programa de conservación da biodiversidade e a paisaxe
- 2.- Programa de investigación, seguimento e avaliación.
- 3.- Programa de uso público
- 4.- Programa de conservación do patrimonio cultural
- 5.- Programa de mellora da sostibilidade e da calidade de vida
- 6.- Plan de Emerxencia
- 7.- Plan de Seguridade
- 8.- Plan de Desenvolvemento Sostible

Deste xeito, os oito programas abranguen as liñas de traballo formuladas como obxectivos na programación económica e financeira. O Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS), pola súa banda, incorpora a formulación dun conxunto máis amplo de accións transversais que vincularán a outras Consellerías e órganos da Comunidade Autónoma.

1. Programa de conservación da biodiversidade e a paisaxe

Habida conta dos obxectivos de conservación establecidos na lexislación propia do Parque Nacional (Lei 15/2002, Decreto 274/1999, Decreto 88/2002), así como das derivadas da normativa europea (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 22/1988, Lei 42/2007, Lei 41/2010, Lei 21/2013, Lei 30/2014, RDL 1/2001, RDL 1/2006, RD 389/2016, Orde AAA/1260/2014) e autonómica (Lei 9/2001, Lei 7/2008, Decreto 72/2004, Decreto 19/2011, Decreto 20/2011, Decreto 37/2014, Decreto 119/2016), durante o período de vixencia do presente PRUX establecerase a posta en funcionamento e artellamento dun programa de conservación da biodiversidade e da paisaxe, no cal se garantan os devanditos obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, e no cal serán desenvolvidas as seguintes actividades:



Programa de conservación da biodiversidade e a paisaxe

1.0

Deseño e desenvolvemento de protocolos e estratexias de actuación para o control e erradicación de especies exóticas invasoras, entre as que se priorizarán as seguintes

- Desenvolver traballos de control e erradicación do visón americano (*Neovison vison*), uña de gato (*Carpobrotus edulis*), eucalipto (*Eucalyptus* spp.) e acacia (*Acacia* spp.).
- Eliminar a poboación de gatos asilvestrados dos arquipélagos de Cíes e Ons.

2.0

Desenvolvemento, polo menos para os principais valores (hábitats e especies), documentos de avaliación sobre o nivel de coñecemento do estado de conservación e dos factores de ameaza.

3.0

Deseño e execución dunha estratexia de conservación das aves de interese para a conservación, prestando especial importancia á mellora das condicións de nidificación, a redución do impacto causado polo uso público e a mitigación da mortalidade por predación de especies invasoras.

4.0	Deseño e desenvolvemento medidas de conservación dos hábitats de interese comunitario, con especial atención aos hábitats prioritarios. Neste sentido, prestarase un especial interese aos medios dunares e ás lagoas costeiras.
5.0	Desenvolvemento de protocolos que guíen as diferentes actuacións de xestión do Parque, co obxecto de minimizar as afeccións sobre os seus valores. Polo menos realizaranse protocolos en relación a: ● Curtas e retirada de vexetación. ● Limpeza de restos en praias. ● Mantemento e restauración de edificacións. ● Mantemento de fontes, mananciais e outros puntos de auga.
6.0	Elaboración unha cartografía a escala de detalle dos fondos mariños de todo o Parque Nacional.
7.0	Fomento do soterramento das actuais liñas eléctricas aéreas.
8.0	Eliminación de carteis publicitarios ou a minimización do seu impacto visual.
9.0	Integración paisaxística de vivendas particulares e establecementos de hostalaría.

2. Programa de investigación, seguimento e avaliación

Unha das funcións básicas do Parque Nacional é a promoción da investigación no seu territorio, a través do desenvolvemento, en coordinación con centros e organismos de investigación, dos correspondentes proxectos e plans, así como do seguimento e avaliación dos compoñentes clave que motivaron a súa declaración. Deste xeito, o presente PRUX inclúe no seu programa de investigación e seguimento as seguintes medidas:

	Programa de investigación, seguimento e avaliación
1.0	Elaboración dun documento base no que se recollan as directrices xerais para a regulación da actividade investigadora, e a estratexia de apoio a esta no Parque.
2.0	Desenvolvemento de traballos de investigación que melloren o coñecemento dos ecosistemas, hábitats e especies do Parque Nacional, e das dinámicas que os caracterizan, así como as ameazas e problemas de conservación que lles afectan.
3.0	Deseño de estratexias de xestión dos ecosistemas, hábitats e especies do Parque Nacional necesarias para levalos e mantelos nun estado de conservación favorable.
4.0	Crear canles de acceso ás fontes documentais de utilidade para a xestión do Parque Nacional.
5.0	Comunicar os resultados das investigacións levadas a cabo no Parque Nacional a través da creación de contidos específicos para a súa web, e a organización de xornadas públicas de divulgación.
6.0	No tocante ao seguimento e avaliación dos compoñentes clave que motivaron a declaración do Parque Nacional, estableceranse as seguintes liñas de monitoraxe: ● Poñer en práctica os protocolos de monitorización para cumprir cos compromisos OSPAR. ● Poñer en práctica os protocolos de monitorización do cambio climático, para cumprir cos compromisos do programa LTER (Long Term Ecological Research). ● Determinación dunha serie de indicadores que permitan realizar un seguimento axeitado dos espazos da Rede Natura 2000, de acordo co establecido no artigo 17 da DC 92/43/CEE e no artigo 47 da Lei 42/2007. ● Seguimento do estado forestal e fitosanitario das formacións forestais. ● Deseño e posta en práctica de procedementos de inventario e seguimento da flora e fauna de interese para a conservación, así como dos tipos de hábitats naturais, integrándoos nun sistema de información xeográfica (SIX). ● Integración das actuacións de seguimento previstas nos Plans de Conservación e Recuperación, elaborados pola Dirección Xeral do Patrimonio Natural, das especies presentes no Parque Nacional. ● Deseño de protocolos de seguimento das actividades humanas desenvolvidas no territorio do Parque Nacional, tales como os aproveitamentos autorizados (pesqueiros e marisqueiros) e as actividades derivadas da xestión e investigación. ● Seguimento do uso público, recollendo parámetros como a cuantificación do número de visitantes ou a avaliación do grao de satisfacción da visita. En todo caso, promoverase a consolidación e mellora do

